

## foz

Renóvanse os parques infantís de Marzán e Julia Minguillón. **Páx. 5**

## ribadeo

O Concello recibirá financiamento para as instalacións deportivas. **Páx. 9**

## viveiro

Por Viveiro anuncia a retirada do seu apoio político a PSOE e BNG. **Páx. 14**

## cervo

O Concello realiza o saneamento en Figueirido e repara vías en Rúa. **Páx. 17**

## alfoz

A Valedora do Pobo apoia as reivindicacións das familias do colexio. **Páx. 20**

## Os concellos preparan a chegada do Nadal



## Continúan as protestas sanitarias

O Vencello reclama a diminución de médicos especialistas no hospital de Burela. **Páx. 3**

## Aprobados os orzamentos da Deputación

Cunha ampla vocación social, as contas de 2025 soben ata 130 millóns de euros. **Páx. 25**

## Artesán de navallas



José María Rodil, da Pontenova, explica o seu oficio. **Páx. 21**

## Poemario sobre a morte



Entrevista a Mar Ferreiro, autora desta obra e coidadora do seu pai. **Páx. 24**

## Atletismo Ría de Foz



As deportistas do club están na elite nacional e internacional de cross. **Páx. 28**

## Aniversario da Confraría de Celeiro

Máximo Díaz, o seu secretario, repasa as claves dunha traxectoria de cen anos. **Páx. 27**

An advertisement for Fontelo Novias, a wedding dress and suit atelier. The ad features a central banner with the brand name 'Fontelo Novias' in a cursive font. Below the name, it says 'NADIE CUIDA MÁS TU IMAGEN' and 'ATELIER PROPIO - LINEA SARTORIAL A MEDIDA'. The main headline is 'NUEVA COLECCIÓN 2025'. At the bottom, the website 'www.fontelonovias.com' and the address 'OBISPO AGUIRRE, 1' and phone number 'Teléfono 982 253 376 • L U G O' are listed. The ad is decorated with floral patterns and images of a groom in a suit, a bride in a white dress, and a couple on a scooter.



# A MARIÑA

## A Deputación inviste en actuacións en Foz, Viveiro e A Pontenova

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou novos investimentos cos concellos da Pontenova, Taboada, Foz e Viveiro para desenvolver diferentes actuacións que contribúan a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia.

Por unha banda, a institución provincial achegará algo máis de 122.000 euros á Pontenova para desenvolver dous proxectos. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, informou que “desta cantidade preto de 65.000 euros van destinados ao acondicionamento e creación dun novo anexo no único parque infantil deste municipio, situado na praza dos Fornos”. O proxecto inclúe a substitución do pavimento de caucho, así como os xogos deteriorados polo paso do tempo, o uso e a climatoloxía. Ademais, tamén está prevista a construción dunha cuberta de lousa na que se instalarán canlóns de aluminio. “Coa posta en marcha deste espazo e o correspondente arranxo do parque actual continuamos mellorando e dotando de novos servizos ao rural da nosa provincia. Deste xeito, os nenos e nenas da Pontenova e tamén as súas familias poderán desfrutar dunhas instalacións de calidade, cómodas e seguras”, avanzou Pablo Rivera.

O acordo de colaboración tamén inclúe algo máis de 57.000 euros para realizar obras de acondicionamen-

to e mellora en camiños municipais do núcleo de Souto de Mogos, situado na parroquia de Conforto. Esta actuación reforzará o firme existente mediante a pavimentación con aglomerado en quente “mellorando así a accesibilidade e a mobilidade da veciñanza da zona, na que tamén se atopan varias parcelas de uso agrícola que se verán directamente beneficiadas”.

O Concello de Foz recibirá unha achega de 105.000 euros para renovar o firme e realizar o repintado completo das rúas Alfonso X e Alfredo Brañas. Pablo Rivera sinalou que “esta actuación, que financiamos na súa totalidade desde a Deputación de Lugo, encaixa plenamente co modelo de Concello que se impulsa desde o Goberno local: un Foz moderno, seguro e pensado para o benestar da súa xente. Con esta iniciativa, non só melloramos a mobilidade e a seguridade viaria, senón que reforzamos o atractivo da vila para quen a visita, contribuíndo a dinamizar a vida social e económica do municipio”.

Por último, en materia de convenios aprobouse destinar ao Concello de Viveiro preto de 82.000 euros para colaborar coa montaxe do Belén Xigante. Rivera Capón fixo referencia a importancia desta iniciativa como “reclamo turístico na comarca mariñá, pois son máis de 25.000 as persoas que a visitan cada ano o que repercute de xeito directo na economía da zona”.

## O Parlamento pide a Sánchez que garanta a permanencia de Alcoa

O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei do Grupo Popular a través da que se demanda ao Goberno de España actuacións que garantan a permanencia da factoría de Alcoa na Mariña lucense, entre as que figuran a presenza dos ministros de Industria e de Transición Ecolóxica na reunión da Mesa de Seguimento do pacto de viabilidade convocada para o vindeiro día 9 de decembro ou a autorización dos parques eólicos de competencia estatal que prevén subministrar a esta factoría. Así mesmo, a iniciativa aprobada inclúe, segundo indica o PP, a pesar de que o PSdeG non o apoio este punto, que o Goberno central active a intervención pública temporal e instrumental de Alcoa no caso de que todas as accións previstas non teñan un resultado positivo.

A través desta proposición non de lei, defendida pola deputada popular Elena Candia, o Parlamento de Galicia traslada o apoio aos traba-

lladores e traballadoras que, directa ou indirectamente, véñse afectados pola situación de incerteza da fábrica de alúmina e aluminio de Alcoa na Mariña lucense e amosa a súa solidariedade polas familias afectadas. Así mesmo, os populares demandan ao Goberno central, unha vez convocada a mesa de seguimento do pacto de viabilidade, a participación na mesma dos titulares dos Ministerios de Industria e Turismo e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e do Presidente da Xunta, que xa anunciou a súa vontade de asistir se o facían os citados ministros.

Tamén se esixe o aumento da dotación orzamentaria das axudas de compensación de custes de emisións indirectas de CO2 ata o máximo legalmente permitido pola normativa europea, así como autorizar, sen máis dilación, os parques eólicos de competencia estatal vencellados a contratos a longo prazo para a produción de enerxía a prezos competitivos que prevén subministrar á

factoría mariñá.

Outro dos puntos da iniciativa parlamentaria aprobados por unanimidade fai referencia á necesidade de articular unha liña de axudas públicas e apoios extraordinarios que garantan o investimento para a modernización da planta, no mesmo sentido que as que recibiron outras empresas tamén declaradas estratéxicas polo Estado, así como modificar o Estatuto do Consumidor Electointensivo para crear a figura das empresas hiper-electrointensivas e deseñar mecanismos de apoio específicos ou reforzados que atendan ás necesidades especiais desta figura.

A proposición non de lei pide, ademais, articular unha interrumpibilidade que aproveite a capacidade destas industrias para funcionar como colchón nos picos de consumo de enerxía e estudar todas as accións legais e institucionais que garantan os compromisos adquiridos por parte das distintas administración e de Alcoa.



## O Clúster da lousa premia a Mondoñedo e Lourenzá

O Clúster da Lousa de Galicia celebrou a súa primeira edición do Premio Pioneiros da Lousa, un recoñecemento que, segundo o seu presidente, Víctor Cobo, busca “preservar na memoria das xeracións actuais e futuras o esforzo de todas aquelas persoas que iniciaron a súa actividade con medios rudimentarios, logrando converter este sector nun dos motores económicos de Galicia”.

O acto tivo lugar nas instalacións do Complexo Hostaleiro Paladium de Vilamartín de Valdeorras, contando con máis de 180 asistentes. Nesta ocasión inaugural, o galardón foi concedido a once concellos con maior tradición louseira, en recoñe-

mento á súa contribución esencial para o desenvolvemento do sector. Segundo afirmou Cobo, estes municipios fixeron “unha aposta firme” polo sector e, sen o seu apoio e diálogo, sería “moi complicado levar a cabo a actividade”.

Os galardoados foron os concellos de Ortigueira, A Fonsagrada, Mondoñedo, A Pastoriza, Lourenzá, Samos, Pol, Quiroga, Folgoso do Courel, Vilamartín e Carballeda de Valdeorras. Cada un recibiu unha figura dun labrego en lousa, deseñada polo escultor Alejandro Álvarez e entregada por representantes de distintos ámbitos, como a cultura, a educación, o deporte, a empresa e a viticultura local.

## O PP insta ao Goberno a avanzar na execución da autovía da Mariña

O PP insta ao Goberno de Sánchez a avanzar na execución da autovía da Mariña (A-74). A iniciativa foi presentada polos senadores José Manuel Balseiro e José Manuel Barreiro.

Os populares esixen ao Executivo estatal dende o Senado, concretamente, o impulso dos trámites administrativos previos necesarios e as partidas orzamentarias suficientes para iniciar as obras na totalidade dos tramos, durante o ano 2025.

O senador mariñán, José Manuel Balseiro, explicou: “Nos 6 anos de goberno de Pedro Sánchez non se avanzou na construción dun solo quilómetro desta autovía, nin nos seus trámites administrativos previos, senón que incluso non se executaron os investimentos comprometidos nos Presupostos Xerais del Estado”. É máis, “non se executaron os preto de 4 millóns de euros consignados polo Goberno de Rajoy para licitar os tramos de Barreiros, Foz e Burela; senón que o de Sánchez tampouco foi capaz de executar as súas propias partidas que supoñían un importante recorte con respecto ás cantidades consignadas polo Goberno do PP”, incide.





# Rematan os obradoiros de emprego Terras do Sor e Sendas

A Xunta entregou os diplomas ás 20 persoas alumnas-traballadoras que se formaron durante o último ano no obradoiro de emprego Terras do Sor VII, promovido polo Concello do Vicedo asociado cos de Oourol e Muras. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financiou a actividade con 551.000 euros, incluídos os incentivos para a contratación de participantes en empresas por un período mínimo de tres meses unha vez que finalice o taller. Os postos de traballo que ocuparán están relacionados coas materias impartidas.

O delegado territorial da Administración galega, Javier Arias, participou hoxe no acto de clausura, onde destacou que o alumnado "sae mellor preparado para optar a un emprego de calidade ou mesmo para explorar a posibilidade de emprender un negocio". Se optan por esta última alternativa "poden buscar apoio e asesoramento gratuíto na rede de Polos de Emprendemento da Xunta", que conta cunha oficina en Mondoñedo para a área da Mariña.

O obradoiro alternou a formación teórica coa práctica profesional en dúas especialidades: atención socio-sanitaria e traballos de carpintería e moble. O alumnado da primeira realizou as prácticas na residencia de maiores Betania de Viveiro.

Na modalidade de carpintería acometéronse traballos de interese público, como a fabricación de mobiliario urbano. Así, os tres concellos contan con cadeiras pregables elaboradas no taller. Ademais, para o Vicedo fixéronse xardineiras, papeleiras, bancos, cobre contedores e dúas porterías de fútbol. Para Oourol elaboráronse cobre contedores e dúas marquesiñas; ademais dun valado de madeira destinado ao Paseo da Rega. Tamén se instalou un ceo raso no salón de plenos da Casa do



Concello.

No caso de Muras, aplicáronse tratamentos antifungos e antixilófagos no mobiliario urbano e fabricouse unha porta corredeira para a Aula da Natureza.

**SENDAS.** A Xunta de Galicia clausurou tamén a décima edición do obradoiro de emprego Sendas de Burela, Cervo e Xove, que terá continuidade nun novo proxecto que comezará en decembro. As dúas iniciativas suman un investimento de 949.000 euros da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, participou na entrega dos diplomas aos alumnos e alumnas que veñen de rematar a súa formación na especialidade de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, durante a que recibiron contidos teóricos e prácticos, desempeñando labores de mantemento das zonas verdes e espazos públicos dos concellos promotores. Así, en Cervo actuaron na contorna da ponte medieval de Lieiro, da antiga fábrica de salgadura ou das vivendas da Atalaia en San Cibrao, así como no parque municipal das Lobeiras, o parque Reina Sofía e a contorna da antiga Fábrica de Sargadelos, entre outros puntos.

En Burela acometeron o axardinamento, instalación e mellora do rego en diversas zonas verdes, a restauración ambiental da cunca dos regatos das Pasadiñas e da Vila do medio, e o acondicionamento de parques e xardíns como os de Rosalía de Castro, Suafonte, Perdouro, a praza Antonio Garelly, a do Canabal, a área recreativa do Cantioño ou o paseo marítimo. En Xove centráronse na restauración ambiental da cunca fluvial da Ruta dos Muíños e da área etnográfica do Portiño de Morás, a instalación dun xardín seco no encontro do Parque do Centro Cívico cos novos aparcadoiros, e a mellora de espazos naturais como a área recreativa do San Antonio da Rigueira e os parques da rúa Doutor Baamonde Illade e do Centro Cívico.

O delegado territorial subliñou que os obradoiros de emprego melloran a empregabilidade dos participantes capacitándoos para exercer profesións con elevada demanda no mercado laboral, ao tempo que desenvolven funcións en beneficio dos veciños e veciñas dos municipios promotores.

Por outra banda, xa está en marcha o novo obradoiro de emprego de xardinería, Sendas de Burela, Cervo e Xove XI, promovido polo Concello de Xove.



## O Vencello protesta pola diminución de especialistas no hospital

Dende a asociación de veciños O Vencello manifiestan a súa máis enérxica protesta pola diminución progresiva da presenza de especialistas no Hospital da Mariña.

Expresan: "Hai xa meses -dende o pasado mes de abril- que solicitamos unha xuntanza coa xerencia da Área Sanitaria de Lugo e coa dirección do Hospital da Mariña para informarnos das previsións de incorporación de especialistas ao hospital mariñán, pero ata o de agora non temos recibido resposta algunha á nosa petición. Por iso, o pasado 8 de novembro solicitamos novamente unha xuntanza, neste caso coa Dirección do Hospital da Mariña e a día de hoxe seguimos á espera de que nos respondan".

Segundo as informacións publicadas en prensa, trasladan, o hospital comarcal quedará sen servizo de Cardioloxía ata mediados de xaneiro do vindeiro ano. "Cree-mos que esta circunstancia é intolerábel e inasumible. A comarca da Mariña, cuns 72.000 habitantes, non pode estar sen cardiólogos no seu hospital público de referencia", denuncian.

Tamén apuntan ao funcionamento "precario doutros servizos fun-

damentais deste hospital, coma o de Anatomía Patolóxica (so un facultativo) Uroloxía (só un facultativo) ou Neumoloxía". Esta situación, consideran, trae como consecuencia que os usuarios "deste centro teñan que ser derivados cada vez con máis frecuencia ata o Hospital de Lugo para ser atendidos de docencias cada vez menos graves".

Por último adiantan: "Na nosa opinión, este esmorecemento paulatino do Hospital da Mariña comezou cando a nosa comarca pasou a depender sanitariamente de Lugo, perdendo así a autonomía de xestión e de organización e quedando nun segundo plano para os responsables sanitarios dos que dependemos. Adiantamos que nos vindeiros días solicitaremos unha xuntanza cos parlamentarios autonómicos pola Mariña do grupo que sustenta o Goberno de Galicia para facerlles chegar a nosa preocupación e informarnos das medidas que teñen pensado adoptar para atraer e conservar ao persoal facultativo, garantir a cobertura de todas as prazas das que dispón este centro sanitario e brindarnos aos usuarios a asistencia á que temos dereito".

### PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



## O alcalde di á conselleira de Política Social que “xa se vai tarde”

O xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, atendeu ao alcalde de Foz, Fran Cajoto, e á concelleira Ana Rojo en Santiago, en resposta á reiterada petición de reunión solicitada á conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, que non os recibiu por “problemas de axenda”, segundo xustificou o gabinete da conselleira.

O alcalde de Foz explica: “Foi unha reunión na que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia non se comprometeu a absolutamente nada. Desde o Concello de Foz solicitamos unha adenda ao convenio de xestión da residencia, cunha achega mínima anual do Consorcio de 200.000 euros e

dixeron que non; dixeron que non a baixar os prezos da residencia. O Concello de Foz asumiu sen ter as competencias no ano 2024 máis de 700.000 euros que corresponden á Consellería de Política Social -370.000 no caso da residencia e 336.000 en concepto de SAF-. Tampouco nos quixeron dar unha data para a transferencia da propiedade do edificio da residencia ao Concello; a pesar de estar recollido no convenio de xaneiro do ano 2023 están todos os trámites sen facer. Dixeron que non a unhas peticións, anotaron outras e solicitaronnos de palabra máis documentación da finca que aportou o Concello no seu momento para a construción da residencia”.

## Abre a nova sala de estudos da biblioteca

Abre a sala de estudos da biblioteca municipal Salgado Tomil. A concelleira de Cultura, Inés López Couto, anuncia que “o Concello de Foz continúa o seu esforzo inversor na cultura e a formación. Con cargo a fondos propios levou a cabo un cambio de uso nunha sala infrautilizada da Casa da Cultura. O investimento supera os 10.000 euros. A sala do primeiro andar que se utilizaba para exposicións cambia de uso para ser unha sala de estudos, xa que as exposicións teñen o seu lugar no CENIMA”.

O alcalde, Fran Cajoto, explica: “Era unha demanda que nos trasladaban os opositores, a xente que vén estudar todos os días á biblioteca, é dispoñer dun espazo cómodo e en silencio para poder concentrarse.

Ampliamos o horario da biblioteca e agora cumprimos tamén con esa demanda na nova sala de estudos. Un novo servizo que non abunda e que por fin ofrecemos: Foz estase transformando de vila a cidade, aumentando os empadroxamentos e crecendo e require do noso esforzo para que sexa o mellor lugar para vivir”.

“A sala de estudos vai intentar cubrir a demanda dun lugar silencioso pensado so para ir a estudar de forma individual”, comenta a concelleira de Cultura, Inés López Couto, que engade: “Pregamos que o uso sexa para o que foi creada, un punto de estudo tranquilo cun mobiliario pensado so para iso, á imaxe das salas de estudo universitarias”.

## Obras de teatro e festivais, entre as propostas do Nadal focense

Foz enche estes días de actividades para toda a familia. O Concello e ás asociacións culturais programan diversos actos para desfrutar destas datas, anuncia a concelleira de Cultura, Inés López Couto.

O alcalde, Fran Cajoto, explica que “as luces de Nadal xa brillan en Foz e o paseo esta vez pode ter premio. Nos comercios locais e nos edificios municipais (Casa da Cultura, Concello e CENIMA) poderanse atopar os trípticos para participar buscando as sete bólas do dragón agochadas no alumeado de Nadal. As papeletas deberan depositarse no buzón do Concello ata o 4 de xaneiro. O dragón Sheron aparecerá e os Reis Magos entregarán os regalos aos agraciados”.

O venres 13 Mircromina teatro traerá a súa ‘Alma de Cartón’ á Sala Bahía ás 20.30 horas, unha obra para maiores de 16 anos con entrada gratuíta. O sábado 14 será a Coral Polifónica a que encha de música ás rúas de Foz ás 12.00 horas na glorieta de Vilalba e ás 20.00 horas na Igrexa Parroquial, acompañada do grupo Mar Aberto. O día 20 na Sala Bahía ás 20.30 horas a compañía Tropo non tropo representará ‘A morte xusto antes dos bosques’; o prezo da entrada será de 10 euros.

A concelleira de Cultura engade que “o Nadal empeza de verdade cos festivais e a partir do 21 teremos o da Subela, o 22 o da Escola de Música e o 23 o do Feitizo. O martes 24 Papá Noel chegará a Foz e os nenos da escola de música cantaránlle e saudará a todos os que queiran visitalo. Será a partir das 12 horas na Praza do Concello, na casa de Papá Noel. O día 26 comezan as actividades na carpa da Sala Bahía, onde haberá inchables, obradoiros, nerf e moitas actividades en horario de 11 a 14 e de 17 a 20 horas, ata o día 29. O 28 a Banda de Música deleitaranos co seu gran concerto de fin de ano,



ás 20 horas na Sala Bahía. E o día 30 na Casa da Cultura teremos un contacontos ás 12 horas, con Paco Nogueiras”.

Inés López Couto anuncia tamén que “xa no 2025 chegarán as súas maxestades os Magos de Oriente. O día 5 a tradicional cabalgata de Foz encherá

as rúas de cor de maxia. E para levar mellor un xaneiro sempre difícil o día 12 ás 18.30 horas na Casa da Cultura teremos o concerto de arpas de Lulavai; e pechando o mes o 26 de xaneiro na Sala Bahía ás 12 horas, teatro para os máis pequeniños, ‘Cucú, Tas-tás’, de Títeres Cachirulo”.

## Homenaxe ao creador de Son Goku para atopar sete Bólas do Nadal

O rexedor municipal destaca que “unha máxima que segue o Concello é levar o Nadal tamén ás parroquias e facer destas datas un momento de ilusión para os pequenos. Foz será un pobo a percorrer cheo de luz e cor e con sorpresas escondidas. Este Nadal o Concello e a ACIA xuntan forzas para que veciños e visitantes paseen pola vila e descubran o paraíso das sete Bólas do Nadal de Foz. Estas bólas estarán escondidas nalgún dos lugares con iluminación de Nadal da vila e o que as atope todas e as marque no tríptico que poderá conseguir nos comercios

asociados á ACIA entrará no sorteo de sete premios, que se entregarán na recepción das súas maxestades os Reis Magos do vindeiro 5 de xaneiro”.

Continúa o alcalde: “Akira Toriyama deixounos hai uns meses pero o seu legado perdura: son varias as xeracións de nenas e nenos que creceron con Son Goku, Bulma, Krillin, Piccoro, o mestre Mutenro, ... na procura das sete Bólas do Dragón. Desde Foz queremos facer esta homenaxe, en especial para os máis cativos, que deben buscar as sete bolas máxicas percorrendo o alumeado de Nadal”.





# Renóvanse os parques infantís de Marzán e Julia Minguillón

O Concello vén de investir máis de 20.200 euros en melloras da área de xogos biosaudables da piscina municipal e na renovación das instalacións dos parques infantís de Marzán e Julia Minguillón. Os fondos das obras proceden da baixa económica do anterior contrato de renovación de parques, financiado cun convenio da Deputación de Lugo.

O alcalde explica: "Desde que entramos a gobernar a nosa máxima é a contratación mediante concurso público, conforme á lei. Iso permítenos recuperar as baixas económicas para novas inversións, como neste caso. Somos moi escrupulosos cos fondos públicos, que son de todos".

O rexedor municipal engade que "con estas obras xa rematadas completamos a renovación do parque de Marzán, substituíndo os oito bancos existentes e dispoñendo catro pezas biosaudables novas, que van a permitir exercitarse a persoas de tódalas idades. No parque de Julia Minguillón melloramos a alumeadado público con novas luminarias, substituímos os bancos e realizáronse traballos de conservación na pérgola, na pasarela e nos xogos biosaudables. No entorno da piscina municipal completamos o parque biosaudable con cinco pezas ata os once xogos actuais e renovamos a base de caucho de todos eles".

Os traballos de renovación e conservación encádranse no plan de mellora de parques públicos e zonas verdes do Concello. "A inversión en parques e espazos públicos é sempre unha boa decisión: desde que renovamos a área infantil e instalamos as primeiras pistas de petanca en Uxío Novoneira o espazo cobrou vida. Vimos tamén de substituír todos os bancos do parque Martínez Otero por novo mobiliario. Seguimos traballando", finaliza o alcalde.



**PRAIA DA RAPADOIRA.** A concelleira de Turismo, Kathy Navarro, anuncia que "remataron as obras do posto de socorro e dos baños da praia da Rapadoira, totalmente necesarias e que demandaba o equipo de socorrismo e os usuarios da praia. Procedeuse a renovar a fontanería, electricidade, pintura, alicatado e portas, tanto interiores coma exteriores, así como a instalación dunha ducha para uso do equipo de socorrismo". "Esperamos poder continuar con máis actuacións deste tipo dende a Concellería de Turismo", rematou

Kathy Navarro. E o alcalde de Foz, Fran Cajoto, destaca o traballo da concelleira na solicitude da subvención e no seguimento dos traballos e explica que "a lexislatura pasada, grazas ao compromiso do Ministerio de Transición Ecolóxica, executouse o paseo entre Peizás e Pampillosa, orzamentado en 1,09 millóns de euros; diversas melloras na praia de Llas, por 412.000 euros; ou o miradoiro da Tamaniña, a senda no portoiño de Nois ou a adecuación do entorno na Pampillosa, cun importe conxunto de 200.000 euros".



As obras da nova depuradora de augas residuais (EDAR) continúan avanzando, co obxectivo de evitar verteduras e "conseguir protexer a nosa ría", segundo explicou o alcalde. Unha obra licitada por Augas de Galicia en 12,22 millóns de euros, financiados nun 80 % (9,78 millóns de euros) pola Unión Europea e na que o Concello de Foz puxo a disposición os terreos.

# Convocan o concurso de postais de Nadal

A Biblioteca Pública Municipal Salgado Toimil, de Foz, convoca o seu tradicional concurso de postais de Nadal. Poderá participar todo o alumnado do concello de Foz, nas tres categorías existentes: Educación Infantil, Primaria A (1º, 2º e 3º) e Primaria B (4º, 5º e 6º). Dende este luns, día 25 de novembro, poderán entregarse os traballos na propia biblioteca e recolleranse ata o día 12 de decembro ás 20.00 horas.

O tema será o Nadal, acompañado de elementos representativos de Foz, xa que a postal gañadora será a que o Concello utilice como felicitación oficial.

A técnica será libre, sempre e cando non leven elementos que sobresaian e os traballos deberán

realizarse en cartolina dun tamaño de 16x11cm. Se se inclúe texto este deberá ser en galego.

"Estamos moi contentos de levar a cabo este concurso que todos os anos ten moi boa acollida entre os centros e que nos fai desfrutar da inventiva dos máis novos. Debuxa o que máis che guste do Nadal de Foz e fáinolo chegar á biblioteca, a túa idea pode ser a escollida para felicitar o Nadal de focegos e visitantes", explica a concelleira de Cultura, Inés López Couto, que engade: "As postais premiadas serán anunciadas á finalización do período de presentación e avisarase do día da entrega de premios. Anímamos a todas as nenas e nenos a participar e desfrutar debuxando o Nadal de Foz".

# A Deputación financiará a substitución do lucernario da piscina municipal

A Vicepresidencia da Deputación financiará o proxecto de substitución do lucernario da piscina municipal. O proxecto contempla a retirada da estrutura de ferro galvanizado que sustenta o lucernario da cuberta e a súa substitución por outra de aceiro inoxidable, coa que se pretende dar unha solución definitiva ao deterioro nese punto da cuberta, coincidente co vaso da piscina.

O concelleiro de Deportes Simeón Neira destacou a importancia desta "colaboración institucional que nos permitirá contratar unha obra moi necesaria para mellorar as condi-

cións de uso e a seguridade na piscina e darlle un novo impulso coa organización de eventos deportivos e outras actividades que permitan aumentar o número de persoas usuarias".

Efrén Castro enmarcou ese acordo "na colaboración que a Deputación de Lugo mantén cos concellos para atender infraestruturas e equipamentos especialmente cando se trata de dotacións de uso comarcal" e subliñou a importancia de "contar con espazos públicos que favorezan a actividade física e os hábitos de vida saudables".







## Mulleres en situación de vulnerabilidade reciben os certificados dos cursos

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, xunto a presidenta da asociación Bumei, Jasone Lorenzo, e a concelleira de Inclusión e Inmigración, Ana Rojo, veñen de facer entrega dos certificados das accións formativas ás mulleres participantes nos cursos impartidos no marco dos programas *Emprega: formación o teu traballo e a igualdade a túa liberdade e Inserita: formación e emprego*, subvencionados pola Consellería de Política Social e a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, para persoas en situación de vulnerabilidade, risco de exclusión e con maiores dificultades de inserción laboral. A concelleira explica: “Os programas son impartidos nas aulas da asociación Bumei en Foz, coa colaboración do noso Concello, onde se fan as derivacións, informes e certificados da situación das persoas participantes por parte da educadora familiar e do traballador social. Estes cursos de formación abarcan dende a atención socio-sanitaria de persoas dependentes

no fogar, a camareira de piso ou á preparación para as probas oficiais de galego Celga 3, etcétera. Todos eles están destinados a favorecer a reinserción laboral de persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social, facilitándolles o acceso a un emprego ou a superar as dificultades para promocionarse na procura ou desempeño doutro novo emprego. Todos estes programas están dirixidos a mellorar a inserción laboral das persoas participantes, fomentan a capacidade de emprendemento e unha mellor capacitación profesional, con coñecementos específicos para acceder ao mercado laboral con máis preparación incluso nas novas tecnoloxías”. “O noso compromiso é seguir colaborando coa asociación Bumei para dar máis e mellores servizos, que redundan nos veciños e veciñas e nos colectivos máis vulnerables facilitándolles a oportunidade dunha preparación específica para un mellor acceso o mercado laboral”, remata Ana Rojo.

### COCTELERÍA



Entregaron os premios do II Campionato de Coctelería e Xornadas da Hostalería da Mariña lucense, que acolle o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias de Ribadeo. A programación incluíu un *showcooking* de produtos locais do mar e da terra con Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, ademais de charlas, catas, presentacións e entrega de trofeos.

## A Deputación colabora para a mellora da imaxe do centro

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos co alcalde de Foz, Francisco Cajoto Caserío, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial destina 115.000 euros para renovar o firme e realizar o repintado completo das rúas Alfonso X e Alfredo Brañas.

O presidente enmarcou esta iniciativa na “cooperación, intensa e continua, que mantemos co Concello de Foz, e co resto dos concellos, para que poida ofrecer máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas”. Neste caso, sinalou José Tomé que esta actuación que financia na súa totalidade a Deputación de Lugo, encaixa plenamente co modelo de Concello polo que aposta o Alcalde e o seu equipo de Goberno, “de facer de Foz un lugar máis moderno, seguro e pensado para o benestar da súa xente”. “Con esta iniciativa, non só melloramos a circulación e a seguridade nas vías, senón que tamén aumentamos o atractivo de Foz, o que favorece a súa dinamización social e económica, tanto para os veciños



como para os visitantes”

Pola súa banda, o alcalde de Foz valorou o compromiso da institución, subliñando que “este investimento resulta clave para seguir avanzando na renovación da imaxe de Foz, mellorar os servizos e a calidade de vida dos e das focenses”. Concreta Cajoto que “a reforma das rúas Alfonso X e Alfredo Braña incluírá a mellora do firme e o repintado completo das rúas, nuns 1.550 metros cadrados”. Ademais, no marco das melloras da rede de saneamento do Concello de Foz, está prevista a continuación da rede recentemente

renovada na rúa Irmandiños, que se estenderá pola rúa Alfonso X.

Nesta actuación, substitúese a rede de fecais e instalárase unha nova rede de pluviais, dotada de sumidoiros correspondentes. Aproveitando a intervención, tamén se substituirá a vella rede de abastecemento, retirando os colectores antigos e instalando unha nova rede de alta densidade, con diámetros de 110 e 90 mm. Finalmente, tamén se reporán as beirarrúas e o bordo da rúa, este último na marxe dereita. As obras teñen un prazo de execución de 3 meses.

## A Aula Universitaria da UNED presenta as novas propostas

A Aula Universitaria da UNED de Foz programa para este mes de decembro un curso de alimentación, un obradoiro de plantas medicinais, a presentación dun libro de poemas e unha actividade infantil de Nadal. Dentro da súa programación destaca o curso de extensión universitaria *Alimentación fácil e saudable: tips e receitas para o día a día*, impartido por Saray Río, nutricionista veciña de Foz e profesional con ampla experiencia no ámbito da saúde e a formación. “Esta actividade está pensada para quen desexe mellorar a súa alimentación diaria dun xeito práctico e sinxelo, aprendendo consellos útiles e receitas simples e rápidas para aplicar no día a día”, explica a coordinadora. Terá lugar do 3 ao 17 de decembro, os martes e os xoves de 16.00 a 18.00 horas. Tamén se ofrecerá un obradoiro de plantas medicinais, a cargo de Pedro Rolle, autor do libro *Flores de primavera do Valadouro*. Este



taller proporcionará unha oportunidade única para coñecer os usos e propiedades das plantas medicinais da nosa contorna, combinando tradición e coñecemento práctico. A concelleira indica que “esta é unha forma distinta de aprender, compartir e valorar os recursos naturais que nos rodean”. Realizarase os días 16, 17, 18 e 19 de decembro de 16 a 18.30 horas.

A programación cultural complétase coa presentación do poemario *Láidos Cardíacos*, de Lucía Ferro, autora procedente do concello de Barreiros. Muiña comenta: “celebro a valentía de Lucía Ferro ao compartir a súa voz mais íntima e persoal. A súa poesía conéctanos coas nosas emocións máis profundas e fainos reflexionar sobre as nosas experiencias vitais”.

Este evento celebrarase o xoves 12 de decembro ás 19 horas na Biblioteca Municipal de Foz Salgado Toimil e será unha ocasión especial para que os amantes da literatura descubran esta obra e compartan un espazo de diálogo coa autora.

Como grande novidade para este mes, a UNED de Foz organizará unha actividade especialmente pensada para nenos e nenas de entre 5 e 9 anos e as súas familias. Trátase dunha divertida dinámica de busca do tesouro en inglés, onde os participantes, a través de pistas e enigmas, intentarán atopar a Santa Claus. Esta actividade, *En busca de Santa Claus*, promete ser un momento lúdico e educativo para pequenos e maiores. Levarase a cabo o 26 de decembro ás 11.30 horas no IES de Foz.





# A maxia do Nadal envolve Foz

## O Concello apostou este ano por un programa que converte á vila nun referente na Mariña

O Nadal xa chegou ao Concello de Foz, coas luces que brillan nas zonas máis representativas da vila e coa maxia das bolas do dragón presente. Dende o Goberno local propoñen un xogo, que consiste en que nos comercios locais e edificios municipais (Casa da Cultura, Concello e CENIMA) poderán atopar os trípticos para participar na busca das sete bólas do dragón agochadas no alumeado. As súas maxestades de Oriente aparecerán co dragón Sheron para entregar agasallos aos agraciados. Converte-se así o Nadal de Foz nun referente na Mariña polo seu espectáculo e orixinalidade con esta homenaxe a Akira Toriyama, o creador de Son Goku, que marcou varias xeracións. Será un Nadal para acoller aos que volven á vila para vivir en familia. Maiores e pequenos poderán gozar dos festivais, con A Subela, o día 21 de decembro, coa Escola de Música, o día 22 e do Feitizo, o día 23. Xa o martes 24, Papá Noel fará parada en Foz e os nenos e nenas da Escola de Música cantaranlle para logo poder visitalo. Estará na casa de Papá Noel, a partir das 12.00 horas na Praza do Concello. Xa o día 26, comezan as actividades na carpa da Sala Bahía, onde

habrá inchables, obradoiros, nerf e moitas actividades en horario de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 horas, ata o día 29. O 28 a Banda de Música realizará o seu gran concerto de fin de ano, ás 20.00 horas na Sala Bahía. E o día 30 na Casa da Cultura haberá un contacontos ás 12.00 horas, con Paco Nogueiras. Previa á chegada das maxestades, os Magos de Oriente, terá lugar a tradicional cabalgata de Foz, que encherá as rúas de cor e maxia.

### ANO TRAS ANO

Co 2025 tocando na porta hai que facer balance. O Concello de Foz consolídase, un ano máis, como un lugar idóneo para vivir os 365 días do ano. Atópase nun enclave xeográfico estratéxico e ben conectado por autovía. As cifras evidencian que son moitos os que escollen esta vila para vivir, xa que medra constantemente en poboación. Supera a marca dos 10.000 habitantes e conta con todos os servizos para ofrecer: centros educativos, centro sanitario e hospital a poucos minutos...

Dende o Concello de Foz traballan arreo durante o ano para que a vida nesta vila sexa o máis



cómoda posible, proba disto son os traballos para ampliar as beirarrúas e humanizar os seus espazos.

Así, regularizaron e reordenaron o tráfico para contribuír a unha maior seguridade para os peóns que apostan por transitar a pe. O Goberno local asinou un convenio de colaboración para a reforma do firme e a mellora da rede de saneamento das rúas Alfonso X e Alfredo Brañas.

Así tamén vén de investir en melloras da área de xogos biosaudables da piscina municipal e na renovación dos parques infantís de Marzán e Julia Minguillón. No parque de Marzán substituíron os oito bancos existentes dispoñendo catro pezas biosaudables novas, que van permitir exercitarse a persoas de tódalas idades. Así, no parque de Julia Minguillón melloraron o alumeado público con novas luminarias, substituíron os bancos e realizáronse traballos de conservación na pérgola, na pasarela e nos xogos biosaudables. Tamén na contorna da piscina completaron o parque biosaudable.

De igual forma destacan as renovacións da área infantil e a instalación das primeiras pistas de petanca en Uxío Novoneira, devolvendo vida a ese espazo. Tamén no parque Martínez Otero estrearon novo mobiliario.

O Concello de Foz non só investiu na mellora de lugares de ocio e tempo libre para nenos e maiores como os parques, senón que realizou melloras nun dos seus maiores reclamos: as súas praias. Remataron as obras do posto de socorro e dos baños da praia da Rapadoira, totalmente necesarias e que demandaba o equipo de socorrismo e os usuarios da praia.

Procedeuse a renovar a fontanería, electricidade, pintura, alicatado e portas, tanto interiores coma exteriores, así como a instalación dunha ducha para uso do equipo de socorrismo.

Esta vila tamén conta con entidades deportivas que levan o nome de Foz fóra das súas fronteiras. Caso das atletas do Club de Atletismo Ría de Foz que veñen de competir nun cross internacional en Sevilla. Rosalía Rodríguez Gigirey Villar, Ana Santiso, Romina Reimondo, Carla Trillo e Sara Reimondo foron campioas galegas e obtiveron ese pase ao Campionato de España.

### PARQUE CANINO

Durante este ano o Concello tamén apostou por crear infraestruturas. É o caso das rotondas de Cangas, que agardan que se reparten a mediados de ano que vén. É unha obra, que está en construción, moi importante, unha reivindicación histórica e que Foz vai ir cumprindo esas reivindicacións históricas moi proximamente. Comezaron con esta e despois irán outras como o cruce da Corredoira e o terceiro acceso, cuxos trámites avanzan. Nesta liña, tamén continúan avanzando a bo ritmo as obras da nova depuradora de augas residuais (EDAR) de Foz, co obxectivo de evitar verteduras e contribuír á conservación do medio ambiente. Unha construción relevante é a do primeiro parque canino da Mariña, que estará en Foz, no Pico do Castro, e será inaugurado nos vindeiros meses. Situarase así nas vellas instalacións de distribución de gas, en desuso, e vén atender a demanda da Asociación Asistencial

de Protección de Animais de Foz e dun gran número de veciños e veciñas que solicitan unha contorna segura para que os cans poidan correr e gozar do aire libre.

Conta con circuitos e unha zona verde en expansión e tamén unha parte teitada para desfrutar dos peduliños da casa. Servizos, mellora de infraestruturas, actividades culturais, novas construcións, emprego,... Estas foron as principais apostas do Concello de Foz durante este 2024, que remata, e no que esta vila foi un lugar escollido por moitas familias para vivir. Dende a institución municipal desexan unhas felices festas en paz e que o vindeiro ano 2025 sexa moi próspero para todos e todas, no que se cumpran os seus desexos.

### COMERCIO SOSTIBLE

A vila de Foz destaca tamén polo tecido empresarial e por conseguir estar á cabeza da Mariña en taxa de emprego. Para iso é preciso crear un tecido asociativo sólido, así como diferentes iniciativas para fomentar e poñer en valor o comercio local.

No seu compromiso por promover a sustentabilidade e concienciar sobre o impacto ambiental na comunidade, o Concello de Foz puxo en marcha a iniciativa 'Comercio que deixa pegada', unha experiencia innovadora que calculará a pegada de carbono dos comercios locais dentro do proxecto FOZLAB30 en colaboración coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) de Lugo e a ACIA (Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos) de Foz. Ten máis proxectos como o de Fontes e Manantiais, que está a piques de saír.





## Rematan as obras das vías na parroquia de Santalla de Vilaousende

Remataron as obras realizadas en varias vías de comunicación en Santalla de Vilaousende, en Ove e en Remourelle. O investimento ascendeu a 315.000 euros.

O rexedor explicou: “O que se fixo durante este ano foi investir unha parte, que son 315.000 euros, que é financiamento 100 % da Xunta. Iso quere dicir que non investimos nada con orzamento municipal e actuamos en tramos largos, en tramos que son importantes para certas parroquias ou lugares onde había un deterioro da estrada moi importante. Estou falando, por exemplo, de Lourido-Santalla, na parroquia de Santalla de Vilaousende, onde é unha vía de comunicación importante, é un acceso directo desde a nacional a parroquia, unha saída principal. E desde a asociación de veciños nos pedían que actuáramos, desde a asociación xuvenil tamén nos pedían que actuáramos e así foi. Trátase dunha infraestrutura importante, unha vía de comunicación onde detectamos que ía haber moitos problemas, onde o ancho tiña que

ser mínimo de 4 metros e tiñamos dificultades e tivemos que construír, reforzar toda unha estrutura para darlle esa estabilidade e polo tanto tamén houbo que actuar nas cunetas botándolles formigón para darlle tamén esa estabilidade ou esa seguridade”.

Vega seguiu a relatar: “Investimos tamén en Frieira-Pastoriza, nun tramo moi importante, e actuamos ata a estrada da Deputación, que estaba moi deteriorada tamén ese acceso directo. Imos actuar tamén noutros puntos en Ove, pero nesa primeira intervención superamos o 1,5 km de actuación, polo tanto tamén unha inversión importante. E Remourelle onde había unha clara necesidade, non resolvemos todos os problemas, pero durante este ano o que fixemos foi actuar en todo entorno da escola, que estaba certamente con moitos problemas, deteriorado o pavimento, non había unha condución correcta para a auga, estaba todo abandonado. Ou a estrada Pesequeiro-Fornos, que tamén estaba con moitos problemas”.

## A Biblioteca Municipal recibe un María Moliner

A Biblioteca Municipal El Viejo Pancho resultou galardoada no Concurso de Proxectos de Animación a la Lectura María Moliner 2024. Este premio, outorgado polo Ministerio de Cultura e Deporte e a FEMP, é un recoñecemento aos proxectos de animación á lectura desenvolto en bibliotecas de todo o país e ás boas prácticas aplicadas neses proxectos, e está dotado con 2.777,77 euros destinados á adquisición de material.

A concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo, explicou: “No noso caso, trátase dun recoñecemento ao

proxecto *A Biblioteca: Punto de encontro*, no que tratamos de deseñar actividades que implicaran ao maior número de usuarios posible, e para iso tivemos moi en conta aos centros educativos do noso municipio, dentro do programa ‘O Concello cos Coles’”.

A edil ribadense contou que “tamén se estableceron sinerxias de colaboración entre a Biblioteca e outras institucións do municipio, como poden ser o Centro de Día ou o Obradoiro de Emprego, e comezou a súa andadura o club de lectura en francés”.

## O Nadal chega a Ribadeo cunha programación chea de actividades

O 30 de novembro arrincou o Nadal en Ribadeo, foi presentada a programación no Parque de San Francisco. O alcalde, Dani Vega, manifestou: “Chega o Nadal e toda unha programación repleta de actividades. Comezamos esta fin de semana, o día 30, acendendo o alumeado e tamén comeza o Mercado de Nadal. E a partir de aí todo un mes cheo de actividades que debemos agradecer aos colectivos, ás asociacións e tamén aos técnicos municipais. O Nadal en Ribadeo está saíndo moi ben por segundo ano porque hai unha organización, hai unha programación, pero tamén hai unha colaboración por parte de todos. E iso é de agradecer a colectivos, asociacións e a todos os técnicos municipais”.

O rexedor dixo: “Nestes segundos de explicación é imposible resumir todo o que temos neste mes. Pero si destacar que temos actividades

culturais, lúdicas e empezamos desfrutando das actividades, como poden ser a pista de xeo, o Ribaxogo, o chan interactivo ou os obradoiros educativos para todas as idades. A partir de aí tamén hai festivais, como pode ser o jazz. Queremos agradecer todo o traballo, que fai a organización, o Concello e a Xunta colaboran; ou o Vendaval, con ese Galiñeiro do Vendaval; a festa do pre fin de ano; a actividade que tamén está a realizar o Xara, esa música que está tamén para todos os públicos e de verdade que agradecemos todo ese traballo; a Papanoelada, que por vez primeira fai o Concello de Ribadeo. Animamos a todos os moteiros da zona a que participen nesa Papanoelada que vai arrincar de Ribadeo ata Rinlo”.

Vega indicou: “Esta é a actividade que temos. Hai que destacar e quero agradecer todo o traballo que fai a

Asociación Saúde Mental A Mariña, que vai a traer a súa actividade, ou tamén os dous actos importantes tamén desde un punto de vista nacional e internacional, Tadeo Jones, que é un musical que vai vir a Ribadeo ou o mago Mag Lari”.

A pista de xeo será un grande atractivo do Nadal. A instalación estará aberta ata o 5 de xaneiro en horario de 16.30 a 21.00 horas.

A pista de xeo estará instalada por segundo ano nunha das carpas da Avenida Rosalía de Castro. O acceso terá un custe de 5 euros. As entradas poderán adquirirse directamente no recinto.

Para apoiar a actividade comercial e hostaleira de Ribadeo aplicarase un desconto de 2 euros a aquelas persoas que presenten un tícket de compra ou consumición superior a 10 euros realizados en calquera establecemento de Ribadeo.



## Melloran a accesibilidade de varios espazos no casco histórico da vila

Novo convenio da Xunta para reformar a Praza Pancho Maseda e a contorna das vivendas sociais da rúa Clemente Martínez Pasarón. O Concello de Ribadeo mellorará así a accesibilidade de varios espazos no casco histórico.

O alcalde, Dani Vega, explicou: “Nestes momentos estamos a traballar na accesibilidade da praza Pancho Maseda. Fixémolo fai poucos días coa Escola de Música, construíndo ese ascensor e tamén eliminando as barreiras arquitectónicas, por exemplo, na porta lateral. Eu creo que é unha obra moi importante ter un novo ascensor, pero tamén é moi importante que as prazas, que os espazos públicos, teñan esa accesibilidade”.

Engadiu que tamén queren garantir a seguridade baixando ao apar-

camento da rúa do Pobo porque hai unhas escaleiras que esvaraban moitísimo. “Imos colocar unha valla para que non haxa risco de esvarar e polo tanto esa seguridade tamén garantila ou colocar unha valla nese muro final. Imos colocar as bandeiras do Concello para sacalas do balcón, dado que producen danos E tamén imos mellorar todo o acceso ao edificio do Concello. Na entrada hai que arranxar as escaleiras, que están danadas, e corrixir a rexa que está danada, o balcón central ten problemas porque non tivo mantemento. Traballarase tamén diante da oficina de turismo, imos arranxar certas problemáticas que ten esa praza, así mesmo diante das vivendas sociais imos eliminar todos eses contedores que non funcionan. Está certamente abandonado todo esta contorna”.

## O ilusionista Mag Lari actuará o día 15

Mag Lari estará en Ribadeo o 15 de decembro co seu espectáculo *Strafalari*. Será no auditorio Hernán Naval ás 17.00 horas e xa están á venda as entradas. O seu humor, os seus números, o seu vestuario e a súa maneira de facer son as que dan nome a ‘Strafalari’. Trátase dun novo espectáculo de maxia, cargado de participación e grandes ilustracións.

Mag Lari é ilusionista desde hai 30 anos. Actuou en teatros de toda España e tamén en festivais internacionais de maxia en Francia, Portugal, Alemaña, Suiza e Xapón. No ano 2016 abriu a súa propia escola de maxia en Barcelona para formar a novos talentos. Presentou durante dúas tempadas o programa Pura Magia, de TVE; dirixiu o programa Magic for Humans, de Netflix, e o espectáculo Nada es imposible, do Mago Pop, representado en Madrid, en Barcelona e proximamente en Broadway. Conta con varias publicacións e ten recibido diversos premios e recoñecementos.

A concelleira de Comercio e Turismo, Marta Saiz, explica: “Ribadeo será escenario deste importante espectáculo de maxia o vindeiro 15 de decembro. A cita enmárcase na programación de Nadal da que gozaremos ao longo das vindeiras semanas. Agardamos que a maxia e a ilusión inunde o auditorio municipal ese día e que Mag Lari nos sorprenda a todos”.



## O Concello recibirá financiamento para as instalacións deportivas

A Xunta financiará as melloras nas instalacións deportivas. O alcalde, Dani Vega, mantivo un encontro co conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo. O rexedor explicou: "Nesta reunión o que fixemos foi analizar todas as instalacións, todas as infraestruturas deportivas. O pavillón de Alfredo Deaño, aí chove máis que fóra, hai máis caldeiros aí que en todo Ribadeo".

Vega indicou: "Sabemos e somos conscientes de que isto temos que melloralo. Analzámolo durante este ano, buscamos a vía de financiamento, concretamos un orzamento por parte do Concello, pero necesitamos a axuda doutras administracións. Levamos anos, levase anos falando de que hai que mellorar isto, pero nunca se concretou absolutamente ningún euro para este pavillón".

O alcalde dixo: "Sabemos tamén do problema que ten o Pepe Barrera,



os vestiarios. A parte de chover hai humidades. Non son unhas instalacións dignas. Por iso tamén temos que buscar o financiamento. Ou o pavillón de Cubelas ou a necesidade que ten Ribadeo de ter un campo de herba artificial. Se o teñen outros Concellos, por que Ribadeo non o ten? Pois eu creo que durante anos puidose facer, pero evidentemente este Concello non está para buscar desculpas ou puidose facer e non

facer. Nosoutros non entramos aí. Nosoutros o que queremos é buscar o financiamento".

Dani Vega subliñou: "Imos seguir loitando por ese financiamento e con esta reunión, con Diego Calvo, concretamos o 50. Por tanto, temos garantido dar un paso. Agora vamos presentar unha memoria, vamos presentar os proxectos e a partires de aí concretaremos ata onde pode chegar a Xunta de Galicia.

## A vila acollerá en xaneiro a Festa do Comercio

A XIV Festa do Comercio, organizado por Acisa, terá lugar o 11 de xaneiro nas carpas situadas na avenida Rosalía de Castro ás 20.30 horas. Trátase dunha edición moi especial coa que culminará o ano no que a asociación conmemorou o seu trinta e cinco aniversario.

A presidenta de Acisa, Carmen Cruzado, dixo que "con esta campaña queremos poñer o broche de ouro á conmemoración do 35 aniversario de Acisa Ribadeo que celebramos neste 2024. De aí que pensásemos en mandar a unha parella a Mallorca a pasar uns días, porque

unha das primeiras directivas que tivo Acisa nos seus inicios xa sorteara unha viaxe a esa illa. E fíxonos ilusión repetir esa experiencia para pechar este ano tan especial para a nosa asociación".

Cruzado Iglesias explicou que "repartiremos 6.000 euros en vales de compra, ademais desa viaxe. Co fin de impulsar as compras durante o mes de decembro e tamén durante os primeiros días das rebaixas de xaneiro as rifas estarán a disposición dos clientes en todos os negocios asociados a Acisa Ribadeo".

## Os automóbiles eléctricos e híbridos terán un desconto

En Ribadeo os automóbiles eléctricos e os híbridos gozarán dun desconto do 50 % na cota do imposto de vehículos de tracción mecánica.

O rexedor dixo que "xa se poden ir achegando ao Concello para comunicar que teñen ese vehículo e a partir de xaneiro van gozar dese desconto, desa bonificación do 50 %".

Vega engadiu que "si todas as administracións estamos loitando para que cada vez sexamos máis conscientes de conservar todo o medio ambiente, eu creo que hai que ser coherentes. E non só a administración debe dicir palabras, senón que deben ir acompañadas de feitos".

## O Pleno ribadense aprobou unha nova ordenanza forestal

Ribadeo conta cunha nova ordenanza forestal para coidar as pistas e os camiños públicos, aprobado no pleno. "Trátase dunha ordenanza que queremos actualizala, modernizala e aplicala, dado que a que había ata agora viña da Mancomunidade de Municipios da Mariña. Era unha ordenanza moi pouco aplicable, difícil máis ben de aplicar e tamén bastante irreal. Por iso nosoutros desde un punto de vista técnico xurídico e tamén desde un punto de vista de técnico de conservación de infraestruturas, de camiños públicos,

os técnicos de Medio Rural, aconsellaban que esta ordenanza tiñamos que modernizala e actualizala", dixo Vega.

Vega considera: "Demos un salto importante fai uns meses, a través de Lugo Madera, Notifor, todos os maderistas poden informar, deben informar a través desa aplicación e sabemos perfectamente onde se está talando, onde se está sacando a madeira e por que camiños se saca. Se un madeireiro non informa en tempo e forma será sancionado cunha multa de 100 euros. Se o ma-

deireiro saca a madeira e non coida os camiños, terá tres posibles sancións, o que se chama multas coercitivas, de 1.000 a 3.000 euros. Se o madeireiro non resolve e o camiño está danado, pasa o tempo que se lle dá estritamente legal e non se arranxa, pois entrará o Concello a través da execución subsidiaria a arranxalo e cobrará por adiantado. Se isto o Concello teno que facer, xa entra a multa, a sanción, por non cumprir a ordenanza e poderá ter unha sanción que vai de entre 10.000 a 50.000 euros".



### A & F BROKERS

Aboogados



**APARTAMENTO en Lugo**  
**115.000€**

- Piso amplo exterior con tres habitacións (la principal con baño y balcón).
- Terraza de 15m<sup>2</sup>
- Salón con balcón.
- Calefacción a gas oil central.
- Ascensor y trastero.



**LOFT en San Ciprián de 36m<sup>2</sup>.**  
**45.900€**

- Completamente amueblado.
- Reformado para entrar a vivir.
- Hall, habitación y cocina amueblada. Salón amplio.
- Con licencia de vivienda turística. Buen rendimiento. No paga comunidad.
- Piscina y zonas comunes.



**CASA unifamiliar en Cervo**  
**120.000€**

- Tres plantas de 32m<sup>2</sup> cada una totalmente reformadas.
- Planta baja: cocina americana, salón y despensa.
- Primera planta: 1 baño y 2 habitacións.
- Segunda planta: salón y 1 habitación.



**APARTAMENTO en Barreiros**  
**130.000€**

- Ático muy luminoso (planta 3ª) totalmente exterior. 57m<sup>2</sup> útiles y buenas vistas.
- 2 habitacións, 1 baño con cabina de hidromasaje, salón-comedor y cocina.
- Plaza de garaje y trastero.
- Completamente amueblado.
- En urbanización privada.

En nuestro departamento jurídico ofrecemos **asistencia legal integral**

HERENCIAS · TESTAMENTOS · REGISTRO DE PROPIEDADES  
ALTERACIONES CATASTRALES · CONTRATOS DE COMPRA-VENTA  
ALQUILER ARRAS · DESAHUCIOS · RECLAMACIÓN DE DEUDAS  
DIVORCIOS · PENSIONES

Tel.: 695 414 544  
viviabuin@hotmail.com



## As parroquias recibirán charlas para previr estafas

Concello de Ribadeo e a Garda Civil organizan un ciclo de charlas polas parroquias destinadas ás persoas maiores, co obxectivo de previr posibles estafas e contratempos tanto nos seus domicilios como a través de internet. A concelleira de Benestar Social, Elena Sierra, explica que “este ciclo de charlas, que organizamos a través do programa Preto de Ti, o que pretende é chegar a toda esa poboación de persoas maiores que viven no noso municipio e que adoitan ser o obxectivo fácil das estafas xa sexan por teléfono, a través de internet ou no propio domicilio”. A edil ribadense sinala: “O que queremos é darlles unha serie de pautas e consellos para mellorar a súa seguridade e quen mellor poden facelos son os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, neste caso a Garda Civil de Ribadeo, a quen lle agradezo o traballo diario que realizan e neste caso que organicen co Concello este ciclo de charlas”.

E engadiu: “Iremos informando das datas e lugares de celebración ao longo dos próximos días, pero van empezar xa este mes de novembro. Aquelas persoas que asistan recibirán un díptico cos consellos, que previamente recibiron nas charlas”.

## O PSdeG sinala un uso fraudulento do centro Pedro Murias

A portavoz de Agricultura do Grupo Socialista, Lara Méndez, levou á Comisión de Agricultura do Parlamento unha pregunta polo uso fraudulento do centro de formación agraria Pedro Murias de Ribadeo por parte do alcalde. Méndez revelou hoxe que a Xunta autorizou o uso das instalacións o pasado 7 de setembro por parte da asociación de Mozos Gandeiros, que non figura no rexistro da Consellería, pero que en realidade foi utilizado pola Real Banda de Gaitas de Ourense nas festas patronais. A responsable socialista ironizou sinalando que “aquí entraron uns gandeiros e saíron uns gaiteiros, pero esta vez facendo uso fraudulento das instalacións”, e esixiulle ao Goberno galego que tome medidas. Advertiu: “Solicítouse para un fin e utilizouse para outro”, co agravante de que a asociación non está rexistrada, e “polo tanto ben pode ser un grupo de amigos do alcalde”.

Explicou que mentres a Agaca autorizaba á dita asociación para utilizar as instalacións do Pedro Murias para unha actividade agraria, o Concello trasladáballe á Deputación de Ourense a escaleta das festas, na que figuraba a chegada da banda de gaitas ao Centro o sábado 7.

## A localidade sumou 42 novos negocios durante o último ano

A apertura de negocios segue medrando en Ribadeo, onde se instalaron 42 empresas no último ano. O Concello vén de conceder novas licencias.

O alcalde, Dani Vega, dixo que “Ribadeo segue crescendo, segue avanzando na apertura da actividade comercial. Novas empresas, novos comercios, en definitiva, a actividade económica en Ribadeo está crescendo. Os datos que nos están a dicir?, que no último ano foron 42 empresas as que se instalaron en Ribadeo”.

O rexedor explicou que “unhas continuaron, polo tanto estamos garantindo o relevo xeracional, outras cambiaron de titularidade e outras abriron por vez primeira. Son datos moi positivos, son datos que nos seguen animando a traballar para que a actividade comercial se estableza en Ribadeo”.

Vega cre que “a redución da burocracia, abrir as portas á inversión,

atender a todas as persoas que queren emprender en Ribadeo e darlles unha explicación, acollelos e axudar creo que é a liña correcta. En todas as xuntas de goberno deste ano e medio, a todas foron aperturas de negocios”.

O alcalde subliñou que “nesta última vamos darlle unha licenza para que haxa un novo taller no porto de Ribadeo. E tamén vai haber outra licenza para a apertura de actividade comercial, novos comercios que vai haber en Ribadeo. Seguimos esa liña de crecemento, seguimos creo que facendo as cousas con responsabilidade e cun obxectivo claro que é atender ás persoas, escoitalas, axudarlles para que poidan establecer o seu proxecto comercial, o seu proxecto empresarial, en definitiva, que esa actividade económica que non se vaia para outro sitio e se quede en Ribadeo”.



## O Concello de Ribadeo rehabilita varias fontes

O Concello inviste 20.000 euros na rehabilitación de varias fontes, grazas á colaboración da Xunta de Galicia. O alcalde, Dani Vega, explicou: “Estamos rehabilitando as fontes do noso Concello, concretamente catro nestes momentos dentro dun proxecto que temos, que se chama Fontes Vivas. Estamos a xestionar 20.000 euros da Xunta de Galicia, é dicir un orzamento que nos ven para rehabilitar todas as fontes e polo tanto o Concello non pon nada do seu orzamento, do seu presuposto”.

O rexedor declarou: “Agradecer, en primeiro lugar á Xunta de Galicia a colaboración. Segundo, temos que poñer en valor todo ese patrimonio, todo ese legado que nos deixaron os nosos antepasados, un patrimonio que nos foi regalado e agora temos a obriga de conservar. Con estes 20.000 euros estamos rehabilitan-

do a fonte mais o lavadoiro da Graña, tamén a fonte do Valín, a fonte de Agrelo en Cedofeita, e tamén as fontes en Cubelas e en Arante nos Besteilleiros, ao lado mesmiño da estrada encóntrase unha fonte que está completamente abandonada. Abandonadas estaban todas, había unha deixadez bastante importante e o que queremos é ir poñendo en valor e conservando todas as fontes. Nestes momentos son 20.000 euros, pero imos xestionar máis na Xunta de Galicia no próximo ano e vamos así ir arranxándoas todas”.

Vega subliñou: “Queremos que ese patrimonio estea conservado. É moi importante xestionar para investir e arranxar, pero tamén é moi importante conservar o que facemos. Polo tanto, tamén vamos ter esa conservación continua para que non entren nun abandono como estaban”.



## Comezan as obras da estrada da costa ribadense

Deron comezo as obras de mellora da estrada da costa en Ribadeo, que suporán un investimento de 370.000 euros. O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, contou que “comezaron as obras de mellora da estrada da costa, 370.000 euros é a inversión. A Deputación, a través do Plan Único, que nos aporta un orzamento para certas cuestións de competencia municipal, unha delas para o arranxo de estradas municipais, eses 370.000 euros son fundamentais e ben recibidos. Polo tanto, grazas a Deputación e a esta colaboración que estamos tendo, tamén desde o Concello con eles, para seguir investindo”. Para o rexedor “investir na estrada da costa foi un acerto. Sabemos todos os veciños, no estado no que estaba, que era lamentable, era un bache continuo. E polo tanto decidimos investir para mellorar unha infraestrutura dende a depuradora ata

Rinlo. Seguramente que pasamos algo máis que Rinlo, vai haber unha mellora en toda esta infraestrutura, cinco metros de ancho, polo tanto vamos cumprir todos os parámetros de seguridade tamén e creo que vai ser unha mellora significativa”.

Vega indicou: “Trátase dunha estrada que vertebra todo o noso concello, que une as parroquias e tamén nos comunica co veciño concello de Barreiros. É unha estrada que tamén ten un alto tráfico, polo que creo que non podíamos ter unha das infraestruturas máis importantes, máis visitada nestas condicións, xa que está por toda a nosa costa, hai moito tráfico turístico e polo tanto debemos ter todo ben arranxado, tanto para veciños como para visitantes”.

O alcalde subliñou: “Unha boa nova para Ribadeo, estes 370.000 euros que van a significar unha mellora de toda a estrada da costa”.

## A Deputación destina unha subvención a Acisa para o Ribadeo Indiano

A deputada de Cultura Iria Castro mantivo un encontro en Ribadeo con representantes da Asociación de Comerciantes e Industriais de Ribadeo Acisa para concretar fórmulas de colaboración de cara á próxima edición do Ribadeo Indiano.

Iria Castro adiantou que a entidade provincial tramitará unha achega de 23.000 euros para “colaborar con ACISA na organización de actividades para a décima edición deste evento, que desde a súa posta en marcha contribuíu de forma decisiva a poñer en valor o patrimonio arquitectónico e cultural de Ribadeo a partir do legado da emigración a América”.

A responsábel provincial explicou que “a través desta colaboración con Acisa mantemos o apoio ao Ribadeo Indiano e recoñecemos a contribución que o tecido empresarial e social de Ribadeo fixo ao

longo destes anos para posicionar esta cita como un das celebracións máis singulares en Galiza e das máis participadas pola veciñanza e polos visitantes”.

Iria Castro subliñou “a vontade de seguir contribuíndo á organización do Ribadeo Indiano desde a área de Cultura, salvando a falta de colaboración institucional por parte do Concello de Ribadeo, empeñado en confrontar coa Deputación de Lugo en todos os ámbitos, tanto en reunións e actos institucionais como no incumprimento das obrigas recollidas nos convenios entre ambas administracións”.

A subvención a Acisa destinarase a traballos de ambientación e de recreación histórica nas rúas e nos locais de hostalaría e comercio de Ribadeo e á organización de diferentes actividades relacionadas coa cultura indiana.



# Nadal 2024/5

14 DECEMBRO  
MERCADO DE NADAL  
11.00 H. > CARPA NA PRAZA DO SOUTO  
ORGANIZA: A.C. AIRIÑOS DO XUNCO

15 DECEMBRO  
ACENDIDO DO BELÉN FEITO DE PAPEL RECICLADO DE XORNAL  
18.00 H. > CASA DO MAR  
ORGANIZA: ASOCIACIÓN MULLERES DE SAN CIPRIÁN

18 DECEMBRO  
DÍA DO SOCIO DO CIT  
18.00 H. > LOCAL DA ASOCIACIÓN

20 DECEMBRO  
VISITA DE PAPÁ NOEL E O ELFO AOS CENTROS ESCOLARES POLA MAÑÁ

21 DECEMBRO  
XVI CAMPIONATO DE NADAL DE NIHON TAI-JITSU  
11.00 H. > PAVILLÓN CEIP PENINSULA DA PAZ

MERENDA E VISITA DE PAPÁ NOEL A TRASBAR  
17.00 H. > LOCAL SOCIAL DE TRASBAR  
ORGANIZA: ASOCIACIÓN VECINOS DO BURGO DE TRASBAR

II FESTIVAL DO GUIONCHO  
22.00 H. > PRAZA DOS CAMPOS  
ORGANIZA: ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS LIEIRO

22 DECEMBRO  
VISITA DE PAPÁ NOEL A RUA E CHOCOLATADA  
16.00 H. > ESCOLA DE RUA  
ORGANIZA: VECINOS DE RUA

GALA DE NADAL  
Grupos musicais e de baile do concello  
19.00 H. > AUDITORIO CASA DA CULTURA

23 DECEMBRO  
VISITA DE PAPÁ NOEL E O ELFO AO CENTRO DE DÍA, RESIDENCIA E Á ESCOLA INFANTIL  
TODO O DÍA

24 DECEMBRO  
NOITEBOA INFANTIL  
17.00 H. > CARPA NA PRAZA DO SOUTO  
ORGANIZA: A.C.R. FERVENZA DE SARGADELOS

26 DECEMBRO  
GUATEQUE DE ARRUGUÍNAS  
19.30 H. > CASA DO MAR  
ORGANIZA: CONCELLO DE CERVO  
COLABORA: XUBILADOS TERRAMAR

27 DECEMBRO  
ENTREGA PREMIOS CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE NADAL DO CIT  
19.00 H. > LOCAL DA ASOCIACIÓN

CALLOFEST  
21.00 H. > CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS  
ORGANIZAN: CONCELLO DE CERVO e AMIGOS DA TROULA



28 DECEMBRO  
BRINCOS DE NADAL  
12.00 H. > CASA DA CULTURA

28 E 29 DECEMBRO  
CHAN INTERACTIVO  
17.00 H. > CARPA NA PRAZA DO SOUTO

28 DECEMBRO  
CONCERTO O SON DO NORDESTE  
21.00 H. > CARPA NA PRAZA DO SOUTO

29 DECEMBRO  
BRINCOS DE NADAL  
12.00 H. > ESCOLAS VELLAS DE CERVO  
ORGANIZA: CONCELLO DE CERVO  
COLABORA: A.C. AIRIÑOS DO XUNCO

30 DECEMBRO  
ACTUACIÓN INFANTIL DE MAXIA  
19.00 H. > CARPA NA PRAZA DO SOUTO  
ORGANIZAN: CONCELLO DE CERVO e A.C. AIRIÑOS DO XUNCO

31 DECEMBRO  
BRINDIS E FIN DE ANO EN TRASBAR  
19.00 H. > LOCAL SOCIAL DE TRASBAR  
ORGANIZA: ASOCIACIÓN VECINOS DO BURGO DE TRASBAR

1 XANEIRO  
FESTA FIN DE ANO  
01.30 H. > CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS

2 XANEIRO  
FESTA ACUÁTICA  
17.00 H. > PISCINA MUNICIPAL LIEIRO

3 E 4 XANEIRO  
COLCHONETAS E XOGOS XUVENÍS  
17.00 H. > CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS

5 XANEIRO  
CABALGATA DOS REIS MAGOS  
SAN CIPRIÁN  
18.00 H. > PASEO POLAS RÚAS E RECEPCIÓN NO AUDITORIO DA CASA DA CULTURA  
ORGANIZA: CONCELLO DE CERVO  
COLABORAN: ASOCIACIÓN MULLERES DE SAN CIPRIÁN e ANPA PENINSULA DE LA PAZ  
CHOCOLATE CON BISCOITO CASEIRO  
18.00 H. > CARPA NA PRAZA DOS CAMPOS  
ORGANIZA: A.C. COMISIÓN DE FESTAS DE LIEIRO

CABALGATA DOS REIS MAGOS  
CERVO  
19.30 H. > PASEO POLAS RÚAS E RECEPCIÓN NA PRAZA DO SOUTO CUN BELÉN VIVENTE  
ORGANIZA: A.C. AIRIÑOS DO XUNCO

7 XANEIRO  
ACTUACIÓN INFANTIL  
18.30 H. > CARPA NA PRAZA DO SOUTO  
ORGANIZAN: CONCELLO DE CERVO e A.C. AIRIÑOS DO XUNCO





## O PP advirte o descenso económico patrimonial e a suba dos prezos

O PP de Burela logrou aprobar por unanimidade no pleno a súa proposta para darlle maior difusión e publicidade á emisión dos plenos ordinarios e extraordinarios.

Os populares agardan, polo tanto, “que de aquí en diante se cumpra o acordado”. Igual que a proposta para pedir ao goberno bipartito que encabeza a señora López Moreno empregar os medios do Concello para facer comunicacións institucionais e non para “proclamas partidistas como facían ata o de agora”.

Os concelleiros do PP o que condenan é “o interese do equipo de goberno por colgarse medallas ou ser os protagonistas” toda vez que “trataron de plantexar unha emenda á nosa proposta que viña a dicir o mesmo que a nosa”. Polo tanto, entenden que “precisaban ser os protagonistas, pero non houberan levado esa iniciativa se non fora polo Partido Popular”.

En relación á conta anual do ano 2023, os populares explican que “foi aprobada en solitario” polo bipartito. Ao respecto explican que “non podemos apoiar as irregularidades do goberno” á vista de que o informe, a pesar de ser favorable, deixaba constancia do incumprimento de tódolos prazos legais establecidos”. De feito, “esta conta anual debería ser levada á sede plenaria antes do 1 de outubro”.

Ademais, os populares advirten que “hai un descenso económico patrimonial de máis dun 20 % do ano 2022 ao 2023 e tamén un 20

% de incremento nos prezos dende o ano 2022 ao 2023, no primeiro ano de mandato”.

**PRODUCTIVIDADE.** O PP de Burela traslada que xa advertira, cando se abordara a mediados de ano o orzamento municipal, que “non se podía levar a cabo o que propoñía a señora López Moreno coa pretendida paga de produtividade porque era ilegal. E o tempo, unha vez máis, deunos a razón”.

Os cartos que lles dixo aos traballadores do Concello que ían ir destinados a ese suplemento salarial non se poden repartir. “E agora faise a sorprendida, a pesar de que os concelleiros do Grupo Municipal Popular xa advertíramos diso publicamente”, lembra o portavoz, Manuel Rouco.

“Xa lle dixemos, no seu día, tanto tempo preparando uns orzamentos para comprobar que estaban mal planificados porque non se poden executar segundo o que pretende a alcaldesa”, engaden. Sobre a “man tendida” da rexedora socialista, os populares advirten que “dende a oposición xa comprobamos que esas palabras non auguran nada bo pola súa parte. Son palabras baleiras que non reflicten as súas intencións”.

Rouco correixe á alcaldesa cando asegura que están no tramo final das negociacións da Relación de Postos de Traballo (RPT): “Nin tan sequera hai un organigrama claro para a mesma. Algo que é a base fundamental dunha RPT”.

## Queda no aire o futuro das festas patronais e da Festa Castrexa

A Comisión das Festas Patronais de Burela 2024 comunicaba aos veciños e veciñas a súa decisión “importante e urxente” que afecta ao futuro da organización das festas patronais. Pouco despois, a directiva da asociación Burela Castrexa tamén trasladaba que se facían a un lado.

“Como membros da Comisión de Festas, ao longo deste último ano puxemos todo o noso esforzo, dedicación e ilusión para levar adiante unhas festas dignas do noso pobo. Fixémolo co corazón, con paixón e coa única intención de manter vivas as nosas tradicións e fortalecer o espírito de comunidade. Porén, tras este ano de traballo, e por razóns de forza maior, vémonos na obriga de anunciar a nosa intención de dimitir en bloque como xunta directiva”, expresaban.

Consideran que chegou o momento de que outras persoas tomen o relevo e acheguen novas enerxías e ideas ao labor organizativo. Por este motivo, dan un prazo de 15 días para que se constituía un novo equipo que asuma a dirección da Comisión de Festas. De non haber relevo dentro deste período, a asociación quedaría automaticamente disolta.

“Facemos este chamamento coa esperanza de que aparezan persoas dispostas a continuar este traballo



tan importante para a nosa comunidade. As festas son un reflexo da nosa identidade como pobo, un motivo de orgullo colectivo e unha oportunidade de unión. Co apoio de todos, sabemos que poden seguir adiante”, trasladan.

Agradecen a “a todos aqueles que nos apoiaron neste último ano, que colaboraron connosco e que fixeron posible que as festas saísen adiante. Foi un pracer e unha honra traballar polo noso pobo, e desexamos que este espírito de colaboración continúe”.

**A CASTREXA TAMÉN DIMITE.** “Boas castrex@s, hoxe achegámonos a vós non con boas novas, senón con algo que nos pesa profundamente comunicar. Despois de varias reunións e moita reflexión, a actual directiva da

asociación Burela Castrexa chegou á difícil decisión de dar un paso ao lado. Por razóns diversas, resúltanos imposible continuar ao fronte desta gran familia”, comunicaban desde a directiva da asociación Burela Castrexa.

Como organizadores da Festa Castrexa, consideran que é parte esencial da comunidade, un evento que une, que celebra as súas raíces e que enche o pobo de vida e orgullo. Por este motivo, para que esta tradición non se perda e para que a Festa Castrexa poida continuar no ano 2025 e nos anos vindeiros: “Facemos un chamamento a todos os veciños e veciñas de Burela, aos amantes da nosa cultura e ás asociacións do noso pobo. É vital atopar un relevo directivo que manteña viva esta festa, que tanto significa para todos nós”.

## Querido e Ortiga, últimos confirmados para o festival Osa do Mar 2025

O festival Osa do Mar 2025, que terá lugar os días 5, 6 e 7 do mes de setembro, xa anuncia artistas no seu cartel.

Veciñas e veciños de Burela poderán desfrutar da banda Querido, do rap de Las Ninyas del Corrode, de Ortiga, de Mujeres, de Pipiolas e de Repion.

Seguirán chegando novos nomes de artistas que encherán a praza do Concello de Burela de xente para gozar.

Como quedará o cartel final? Irán desvelando desde a asociación or-



ganizadora do festival Fanto Fantini, que informa de que xa está dispoñible a venda de entradas.



## A pegada de Batuko Tabanka chega ao Pazo de San Marcos

A Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos acolleu a presentación dun directorio de mulleres artistas migrantes, que pretende dar visibilidade e reclamar a atención de programadores públicos e privados sobre estas creadoras.

O directorio, elaborado no marco do proxecto *As mulleres migrantes nas artes escénicas. Un diálogo entre Cabo Verde e Galiza* desenvolvido polo colectivo investigador Mulleres á fronte que reúne especialistas en migración, xénero e coidados das tres universidades galegas, inclúe 32 iniciativas artísticas femininas -indi-

viduais e colectivas – vinculadas a migración, que reflexionan sobre a identidade, o desprazamento e a intersección de culturas desde diferentes disciplinas, fundamentalmente desde o teatro, a danza e a música. A deputada de Cultura Iria Castro, o concelleiro Mario Pillado e a xerente da Rede Museística Encarna Lago acompañaron ás investigadoras e artistas: Batuko Tabanka -acompañadas por Marina Vaz, a batukeira máis maior de Cabo Verde, Nilda Borges, Artemisa Semedo (que interviu desde Cabo Verde), Kirenía Martínez, Miriam Sandoval e Mariana Rodrigo.

## A asociación de pesca Recreativa Burela aproba o seu plan de actividades

A asociación de pesca Recreativa Burela sigue co plan de actividades previstas para este ano coa celebración dun cocido para os seus socios e socias.

Asemade, continúa coa súa promoción contando este ano con 31 novos socios e chegando a sitios tan remotos e distantes da propia Burela como Islandia, Noruega, Holanda, entre outros.

O colectivo vén de ter tamén a súa asemblea xeral anual na que se aprobou o plan de actividades para o próximo ano, no que se priorizan continuar coa ronda de reunións para tentar conseguir máis espazos autorizados para a pesca recreativa, tendo previsto levar a cabo algunha actividade tamén para nenos no porto contando coa colaboración do Concello de Burela e esperando que este proxecto siga medrando, o cal non sería posible sen a colaboración de todos os socios.



## A Deputación achega unha axuda para vinte novos locais sociais

O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar coa Alcaldesa de Burela e Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, un convenio por importe conxunto de 123.000 euros para colaborar no acondicionamento das antigas vivendas de profesores e habilitalas como locais sociais. Mediante este acordo, a institución provincial achega 115.000 euros para esta actuación e o Concello os 8.000 euros restantes.

Concretamente, este investimento da institución provincial servirá para transformar cada unha das catro vivendas existentes na rúa das Escolas de Burela en cinco locais para asociacións e un aseo; polo que a actuación permitirá dotar dun novo local de reunión a 20 colectivos do municipio burelao.

Tomé Roca enmarcou esta colaboración na liña estratéxica do Goberno provincial para a cooperar cos 67 concellos da provincia. Valorou: "Esta dotación terá un impacto moi positivo no municipio, porque per-



mitirá que os diferentes colectivos que participan na dinamización local desenvolvan as súas actividades nunhas mellores condicións", incidindo na idea de que mellorar o espazo de traballo do tecido asociativo suporá contribuír á dinamización da vida social e cultural de Burela.

Pola súa banda, Carmela López agradeceu a colaboración institucional da Deputación e destacou que en Burela hai preto dun cento de entidades e clubs polo que "este espazo é unha necesidade importante para

impulsar e reforzar o seu labor".

O proxecto de mellora destas antigas vivendas consistirá na retirada das carpinterías exteriores e interiores, demolición dos aseos e as cociñas actuais, reacondicionamento dos aseos, limpeza e pulido dos chans de terrazo, instalación dunhas novas carpinterías en PVC exteriores e varandas de aluminio, reinstalación eléctrica dos locais mediante canaletas exteriores, pintado interior, execución de novos accesos e melloras no illamento exterior dos inmobles.

## O Concello dá un paso adiante na construción da nova EDAR

O Concello de Burela aprobou no pleno o calendario de investimentos ata o ano 2029 para a construción da nova EDAR, unha infraestrutura fundamental para a vila. "É un paso adiante moi importante, aínda que lamentamos que os retrasos por parte de Augas de Galicia provocasen a perda de fondos europeos e que o concello teña que aportar o 5% do investimento da EDAR", explica a al-

caldesa, Carmela López. Ramiro Fernández, concelleiro de Obras, concreta que "a cantidade perdida de fondos europeos por non comezar a obra antes, como si pasou en Foz ou Viveiro, é de 1,7 millóns de euros".

"Estes retrasos por parte de Xunta levan a que o concello teña que aportar 435.874 euros, o 5% do proxecto", explica Fernández. O custo total da actuación alcanza os 8.717.492

euros. "Burela necesita unha EDAR moderna para dar resposta ás necesidades dos nosos veciños e veciñas", remata Carmela López.

O 60% do custo da EDAR procederá de fondos europeos, o 5% do concello e o 35% de Augas de Galicia, facendo uso a Xunta do imposto do canon da auga que pagan os veciños e veciñas de Burela para financiar melloras desta envergadura.

## O CEIP Virxe do Carme foi galardoado nos II Premios ConVivimos

A Xunta recoñeceu o traballo e compromiso de oito centros educativos comprometidos coa convivencia e o benestar nas aulas a través da segunda edición do Premio ConVivimos, unha das medidas incluídas no Plan integral contra o acoso e o ciberacoso da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Con esta iniciativa, o Goberno galego quere destacar aquelas actuacións e proxectos desenvolvidos desde os centros educativos galegos que impliquen un alto grao de compromiso coa mellora da convivencia escolar e do benestar emocional, así como para visualizar o esforzo realizado polos centros neste eido.

Os centros premiados na categoría A, destinada a centros de Educación Primaria, son o colexios CEP Plurilingüe de Rio maior (Vilaboa), que acadou o primeiro premio; o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme (Burela), que se fai co segundo galardón; o CEIP do Foxo (A Estrada), que leva o terceiro premio, e o CEP Plurilingüe Pilar Maestu Sierra (A Proba do Caramiñal), que obtén a mención de honra.


Os centros galardoados co primeiro premio reciben 5.000 euros, mentres que o segundo premio conta con 2.500 euros e o terceiro con 1.000 euros. Os centros que logran a mención de honra obteñen 500 euros.

### CONCURSO



No Día Mundial da Sida e co obxectivo da prevención da enfermidade, a Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) volveu a convocar un concurso de deseño a fin de crear un calendario para esta conmemoración. A gañadora do primeiro premio, cuxo deseño foi incluído no calendario, foi Ainara Alvarez Carral do IES Monte Castelo, que recibiu tamén un agasallo. O segundo premio foi para Sabela Pardo Vázquez, do IES Perdoiro.

## XXIV XORNADAS MINDONIENSES DE ARQUEOLOXÍA



"Villaamil y Castro"



13, 14 e 15 de decembro de 2024



SALA DE CONFERENCIAS DO PAZO SANTOMÉ (Rúa Julia Pardo Montenegro)

Mondoñedo

Organiza



Excmo. Concello de Mondoñedo

Colaboran



Información e matrícula.  
Excmo. Concello de Mondoñedo  
Tlf: 982 52 40 81 / 982 50 71 77  
Fax: 982 50 74 21

E-mail: xornadas.arqueo@gmail.com  
MATRÍCULA GRATUITA





## Viveiro en Festas elabora un calendario con fotos antigas da vila

A Comisión das festas patronais de San Roque, Viveiro en Festas, pon á venda un calendario con fotos antigas para recadar fondos. As instantáneas, que están cedidas por fotógrafos e veciños da localidade, plasman distintas épocas da vila, que van desde principios do século XX ata a década de 1970. Nelas pódese contemplar o cambio que sufriu Viveiro durante todos estes anos e recoñecer a persoas que participaban na vida social e comunitaria local ao redor das festas. Desde a comisión queren darlle as grazas a “África Jiménez, Saúl Jiménez,

Pepe Veiga, Perfecto Parapar, o blog *O desexado e Viveiro*, Consolo Novoa e á páxina de Facebook ‘Viveiro Dixital’, por facilitarnos as fotos para poder completar este calendario”.

“A través deste almanaque pretendemos amosarlle á veciñanza vos cambios que se viron reflectidos nas nosas tradicións e nas festas durante todos estes anos, e ese sentimento de pertenza que había á hora de celebrar xuntanzas e colaborar nas celebracións, que nós, como Comisión, pretendemos recuperar” engaden.



## Supervisan as obras de mellora da seguridade na estrada da Gañidoira

O Concello de Viveiro recibiu a visita da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, María Martínez Allegue, para desprazarse á zona na que se realizarán as obras de mellora da capacidade e a seguridade na estrada da Gañidoira, a LU-540.

A conselleira acudiu ao lugar en compañía da alcaldesa María Loureiro, así como da tenente de alcaldesa e responsable da área de Obras, Miriam Bermúdez, e o segundo tenente de alcaldesa e responsable de Economía e Facenda, Jesús Fernández Fernández. Tamén estiveron

presentes os membros da corporación municipal Manolo Galdo, de Por Viveiro, e Mariña Gueimunde, Martín Vale Cobo e Domingo González do Partido Popular. A principios de outubro comezaron as primeiras rozas para levar a cabo un proxecto de mellora cuxo orzamento total supera os 7,2 millóns de euros.

A intervención permitirá dotar dun terceiro carril ao tramo interurbano na Arredoadada, pasando Landrove, e rectificar curvas. Isto reducirá o tempo de viaxe e aumentará a seguridade, facendo posible a circulación a 90 km por hora en todo o vial.

## Por Viveiro anuncia a retirada do seu apoio político a PSOE e BNG

Os independentes de Por Viveiro anunciaron na súa sede a retirada do apoio político ao goberno municipal formado por PSOE e BNG. Na mesma participaron ademais dos concelleiros Bernardo Fraga e Manolo Galdo, gran parte da candidatura que presentaron ás pasadas eleccións municipais.

Bernardo Fraga, portavoz da formación local, explicou que tomaron esta decisión por unanimidade, ante incumprimento total do acordo de investidura asinado co Partido Socialista. “En setembro deste ano pedímoslle ao PSOE un plan de inversións e de políticas a realizar nos vindeiros meses, para manter o apoio a este goberno, e recibimos o silencio por resposta”, aseguran.

Trasladan desde o partido que a situación actual de Viveiro, é moi delicada e require dun punto de inflexión. As infraestruturas por estrada ou tren, non están nas prioridades dos grandes partidos, tanto dende a Xunta como dende o Estado, tal e como reflexan os orzamentos das distintas administracións para o ano 2025, onde o realmente importante para Viveiro non figura.



“Se a iso lle sumamos a falta de peso político, a ausencia de políticas en materia de creación de emprego, a falta en Viveiro dun PXOM que ordene o Concello e nos permita medrar e mellorar o noso entorno, a débeda limitante que só permite a realización de conservación e mantemento e ten lastrada a capacidade inversora, provocan que en Viveiro, as veciñas e veciños, teñamos a certeza de que nos estamos quedando atrás, e que case todos os concellos do entorno nos adiantan”, afirman.

Tamén fan fincapé na ausencia de liderado, “cun PSOE sen iniciativa política e sen ideas, un BNG preocupado máis pola súa propia imaxe que

polo bo funcionamento do goberno, e un PP coa política de “canto peor mellor” e a súa portavoz utilizando o seu cargo público para minar a acción do goberno municipal, evidencian a parálise do noso Concello”.

Por iso, Por Viveiro, pide aos representantes en Viveiro das grandes forzas, PP, PSOE e BNG, que deixen de lado os intereses partidistas, e demostren que “poñen Viveiro por diante, aceptando publicamente a nosa proposta de creación dun goberno de concentración, liderado por un Alcalde ou Alcaldesa de consenso e que traballe en conxunto polo presente e futuro de Viveiro”.

## O PP pide explicacións sobre o uso de locais por parte das asociacións

Os concelleiros do Partido Popular do concello de Viveiro pedirán explicacións no vindeiro pleno ao Goberno bipartito sobre os motivos polos que a delegación da Asociación Española contra o Cancro (AECC) en Viveiro ou a asociación de veciños do barrio do Pénjamo non dispoñen de locais sociais.

No primeiro caso, os populares esíxenlle á alcaldesa que informe sobre o punto no que se atopan as xestións para a cesión dos locais da antiga Casa do Mar de Celeiro á delegación da AECC de Viveiro; toda vez que a alcaldesa manifestara o pasado mes de abril que estaba a realizar trámites coa dirección provincial do INSS para esta finalidade.

Os populares súmanse ao compromiso de Viveiro coa causa e lembran que “a delegación da AECC de Viveiro sobre carencia de locais para o desenvolvemento da súa actividade”.

Polo tanto, cren conveniente que a alcaldesa dea explicacións despois de ter visitados os locais da antiga Casa do Mar en abril e comprometerse a facer os trámites”.

Tamén cren os populares que “o Goberno local debe explicar as razóns que levaron ao PSOE e ao BNG a discriminar aos veciños e veciñas de Pénjamo” que viñan empregando como local social un espazo municipal situado no inmoble do grupo de vivendas Jesús Rodríguez Álvarez compartindo dependencias con Protección Civil.

Os concelleiros populares adverten que “dende hai máis dun ano non poden acceder nin utilizar ese espazo” mentres o Goberno bipartito lles nega calquera explicación que xustifique esa decisión que supón que “non podan desenvolver as súas actividades”.

## Abre o prazo para solicitar os postos no mercado da Praza de Abastos de Viveiro

O día 26 de novembro abriu o prazo de solicitude dos postos dispoñibles no mercado da Praza de Abastos do municipio. Previamente xa se anunciara a licitación pública para a concesión destes espazos, que se poderán visitar contactando co Concello no número de teléfono 982 560 128 ou no Departamento de Contratación. O prazo de solicitude dos postos estará aberto ata o 14 de xaneiro de 2025. A adjudicación realizarase mediante procedemento aberto, primando a oferta económica máis vantaxosa.

A concesión, segundo explica, terá un prazo inicial dun ano, prorrogable por outro ano sempre que non se inicien as obras de remodelación. Permitirase a venda directa de calquera tipo de produto, sempre e cando se realice atención directa ao público desde o propio posto.

O canon anual por metro cadrado está establecido en 4,78 euros, cunha bonificación especial debido ao carácter excepcional da licitación. O importe poderá ser mellorado ao alza por cada licitador, quen abonará o canon de forma mensual.



# O Resurrection Fest amplía o cartel para celebrar o XX aniversario

O festival de rock, punk, metal e hardcore, Resurrection Fest Estrela Galicia está de aniversario e cumpre vinte anos. Viveiro ten garantido acoller a súa edición máis grande. Os cabezas de cartel xa anunciados: Slipknot, KoRn, Judas Priest e Till Lindemann foron acollidos cos brazos abertos polos seus fans quen xa compraron entradas desde máis de trinta países.

Aos grandes nomes xa anunciados súmanse agora outros 81 para sumar un total de 85 os artistas xa confirmados. O aniversario deste ano celebrárase ao grande durante catro días en catro escenarios.

Os americanos Falling In Reverse non se quixeron perder o vinte aniversario de Resurrection Fest. Os ucrainos Jinjer volverán ao escenario principal en 2025. Os liderados pola increíble frontwoman Tatiana Shmaylyuk e a súa groove metal son unha das bandas máis admiradas polos fans de Resurrection Fest e o seu directo é unha garantía de éxito alá por onde actúan.

Unha das bandas máis mediáticas do rock and roll do século XXI, Eagles Of Death Metal tamén estarán no Main Stage de Resurrection Fest. Os ingleses Skindred tampouco se quixeron perder o aniversario. Unha das bandas máis queridas polos fans cun dos directos máis divertidos que xamais se viron en Viveiro. Seven Hours After Violet tamén son outros grandes confirmados. A banda formada polo baixista de System Of A Down Shavo Odadjian, serán unha das atraccións principais da edición do próximo mes de xuño.

Os españois Angelus Apatrida son unha das bandas máis importantes do thrash metal en toda Europa. É, ademais, a banda que en máis ocasións actuou na historia do Resurrection Fest Estrela Galicia.



Crossfaith, unha das bandas máis importantes do metal de Xapón volverán ao festival. Desde afastados horizontes tamén chegarán Northlane. Os australianos pasaron por Resurrection Fest Estrela Galicia en 2017 e quixeron facer unha parada en Viveiro na súa limitada xira polo vello continente.

A soprano finlandesa Tarja quixo parar en Resurrection Fest por primeira vez para celebrar esta data que se presaxia como mítica.

Os suízos Zeal & Ardor son unha das bandas máis en forma da escena black metal en todo o mundo. A banda estará presente por primeira vez no vinte aniversario do festival. Quen non estarán por primeira vez en Resurrection Fest serán Municipal Waste. Os suecos Soen son outro nome destacado deste anuncio. O metal progresivo é outro dos estilos máis demandados polos fans "do Resu", polo que serán miles de fans celebrarán este anuncio. Vader son unha das bandas máis lonxevas da historia do death metal. Os polacos, toda unha referencia histórica no xénero, estarán en Resurrection Fest por vez primeira.

As suecas Crucified Bárbara son outro dos proxectos confirmados no line up de Resurrection Fest Estrela Galicia 2025. Tras dez anos, a banda reúnese e a de Resurrection Fest Estrela Galicia será a súa única data en España en 2025. O seu hard rock enraizado nos sons escandinavos fará botar a decenas de miles de fanáticos que asistirán ao seu concerto no festival.

Pero Resurrection Fest Estrela Galicia tamén conta con talento galego. Un exemplo son os enormes Herdeiros Da Crus, unha das bandas de rock máis grandes da historia de Galicia, fundada en 1992, estarán en Resurrection Fest Estrela Galicia 2025.

Completan este anuncio Signs Of The Swarm, Death Angel, Kanonenfieber, Skynd, Lost Society, Unprocessed, Gutalax, Mental Cruelty, Vowws, Tetrach, Broken By The Scream, Gigatrón, Party Canon, Aphonic, Stesy, Stain The Canvas, Killus, The Broken Horizon, Deimocrazy, P.I.L.T., Holy Wars, Split Chain, Terminal Sleep, Blackgold, Spy, Silicon Flesh, Ezpalak, Arquivo Adxunto, Not Yet, Motorjesus, Eihwar, The Southern River Band, Slomosa, Slow Crush, Love Letter, Prom Kinks, Against The Waves, Messa, Dirty Sound Magnet, Moonshine Wagon, Moura, Maragda, The Riff Truckers e Saturna.

**HOMENAXE 2006.** Aqueles fans do festival decatáronse da presenza de tres bandas que actuaron na primeira e mítica edición do festival en 2006. Walls Of Jericho, Anal Hard e Sound Of Silence son o únicas tres bandas que seguen en activo daquela primeira edición. Neste aniversario, non podían faltar nesta celebración de vinte anos de música en directo en Viveiro.



## Xavier Queipo gaña o VI Premio Vilar Ponte

O escritor Xavier Queipo é o gañador do VI Premio de Novela Vilar Ponte, convocado polo Concello de Viveiro, coa súa obra *Tamarindo*.

Unha novela que destacou por unanimidade do xurado "pola súa habilidade para transportara o lector a unha illa afastada do Caribe, onde o protagonista, afectado por amnesia parcial, loita contra ameazas escuras nunha trama envolvente e fascinante. Cun estilo esmerado, unha ambientación cosmopolita e unha excelente caracterización de personaxes, *Tamarindo* reafirma o talento narrativo de Queipo".

O xurado do certame estivo composto por Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro, profesor e

historiador; Rosalía Morlán Vieites, escritora, e Armando Requeixo Cuba, investigador, profesor e crítico literario, actuando como secretaria con voz e sen voto Rosario San Isidro Franco.

Como obra finalista foi seleccionada *O Terceiro Desexo*, de Lionel Rexes, unha novela que combina amores convulsos, o universo dos artistas alternativos e as maquinacións de poderosos na sombra nunha trama chea de sorpresas e personaxes singulares. O xurado destacou "a sólida estrutura e a forza narrativa dun autor de gran oficio".


O acto de entrega do premio terá lugar o venres 13 de decembro.

## Reclaman á Xunta que asuma os gastos do Conservatorio local

O Concello apoia a iniciativa de recollida de firmas e as reivindicacións postas en marcha para reclamar que a Xunta asuma os gastos do Conservatorio. Para colaborar coa petición, instalouse na planta baixa da Casa do Concello unha mesa cos formularios correspondentes, para que a xente que estea a favor da ini-

ciativa a poida asinar.

Os gastos no ano 2023 ascenderon a 1.141.676,22 euros, dos que 1.097.967,88 euros foron salarios e seguridade social. Os 48.708,94 euros restantes foron gastos de electricidade, limpeza ou mantemento. Os ingresos ascenderon a 195.086,57.





## o vicedo



## A veciñanza cumpre un ano de protestas pola falta atención sanitaria

O día 1 de decembro tivo lugar unha manifestación da veciñanza do Vicedo ante a situación do centro de saúde. Foi o aniversario das protestas. Segundo explica fai un ano se xuntaron case todas as asociacións da vila para xuntar 1073 firmas da veciñanza esixindo dous médicos. Comezaron con concentracións no centro de saúde e logo fixeron manifestacións, saíndo desde o Concello, cortando a rúa principal ata chegar ao centro de saúde onde len o manifesto.

Rubén describe a situación que viven: “O centro de saúde non pode ir ao médico cando ti queiras. A través da aplicación hai días nos que o médico non está dispoñible. Houbo varios cambios de médicos, hai veces nas que hai citas médicas, acode a xente e o facultativo recibe unha chamada do Sergas e ten que marchar para Viveiro. As citas dese día quedan anuladas. Habería que

ir a Viveiro, moitas veces chegas e te desvían para Burela. Hai dúas prazas asignadas no Vicedo e só se cubriu unha e nin iso porque hai veces que non está o médico ou ten que saír a unha emerxencia”.

Isto agrávase cos problemas que “teñen en Viveiro coa falta de pediatras” porque tanto O Vicedo como Ourl dependen diso. Traslada que, un ano despois, non hai nada, as 1070 e tantas firmas foron enviadas á Consellería de Sanidade e ao xefe territorial de Lugo do Sergas, Ramón Ares, “sen recibir ningunha comunicación”. Tamén lamenta a actitude por parte do Concello: “É lamentable que pense máis nos intereses do partido que dos cidadáns. Recibimos apoio da Plataforma Sanitaria da Mariña e doutras e agradecemos esa axuda porque a sanidade é de todos e debemos loitar sobre todo no rural por un centro de saúde activo”.

## O PP defende elaborar un plan de rexeneración da praia de Fomento

A Comisión de Transición Ecolóxica do Senado aprobou unha iniciativa do PP pola que se encomenda ao Goberno para elaborar un plan de rexeneración da praia de Fomento, no municipio lucense do Vicedo. A moción, defendida polo senador lucense José Manuel Balseiro, tiña por obxecto instar á recuperación deste areal que na actualidade presenta gran deterioración como consecuencia da propia dinámica do mar.

Balseiro explicou que este encargo é coherente con outros proxectos que o Ministerio de Transición Ecolóxica realiza noutros puntos da costa -por exemplo a praia da Magdalena en Cedeira- e permitiría revitalizar o potencial turístico, natural e mesmo marisqueiro desta praia do Vicedo.

O senador popular tamén lembrou que tanto os expertos consultados polo concello como os da propia dirección provincial de Costas, explican que esta praia é recuperable cunha actuación de rexeneración que inclúa a achega de nova area, así como con accións complementarias que impidan que se repita a súa deterioración.

Balseiro tamén indicou que este é o momento oportuno para deseñar eses traballos porque “estamos nos últimos meses do ano, datas ideais para realizar os estudos necesarios e para que tanto os traballos previos, como a propia execución da obra, poidanse facer fóra da campaña de verán e sen interferir na tempada de máis afluencia do areal”.

## Arrancou o Nadal en Cervo coa creación do belén de plastilina

Despois da elaboración dun belén de plastilina como primeira actividade do Nadal, o 14 de decembro continúa o programa co Mercado de Nadal, que terá lugar na praza do Souto, da man da Asociación Airiños do Xunco a partir das 10.00 horas e durante todo o día. Haberá diferentes postos de alimentación, artesanía, sorteos e música, e unha edición especial da Ruta de Petiscos Cervo-Sargadelos, na Sacabeira, A Taberna de Sargadelos, O Almacén e o Caseto de Copa. Tamén está prevista unha actuación infantil ás 19.00.

O domingo 15 de decembro, será o acendido do Belén feito con papel reciclado de xornal da Asociación Mulleres de San Ciprián, na Casa do Mar, ás 18.00 horas. O 18 de decembro o CIT celebrará o Día do Socio, no seu local, a partir das 18.00 horas. O 20 de decembro o mesmísimo Papá Noel estará de visita nos dous colexios pola mañá, e tamén estará en Trasbar o día 21, da man da asociación de veciños do Burgo de Trasbar, con merenda, a partir das 17.00 horas. E o día 22 trasladarase á Escola de Rúa, convidado por veciños desta parroquia, que tamén teñen programada unha chocolatada



a partir das 16.00 horas. E xa o 23 de decembro co seu elfo visitará a Escola Infantil e o Centro de Día Residencia.

O da 21 de decembro a asociación cultural Comisión de Festas de Lieiro coa colaboración do Concello celebrará o II Festival do Guioncho, a partir das 22.00 horas, na carpa da Praza dos Campos, con moitas sorpresas, servizo de buses, a orquestra Waykas, o Grupo Beatriz e DJ Pablo Conxuro. Ese mesmo día pola mañá será o XVI Campionato de Nadal de Nihon Tai-jitsu, no pavillón do CEIP Península da Paz.

O día 22 de decembro será a tradicional Gala de Nadal no auditorio da

Casa da Cultura que contará coa participación dos grupos musicais e de baile do Concello a partir das 19.00 horas. O 24 será a Noiteboa Infantil da man de Fervenza de Sargadelos, a partir das 17.00 horas, na carpa instalada na Praza do Souto.

O xoves 26 de decembro terá lugar un guateque de Arruguiñas na Casa do Mar, ás 19.30 horas, coa colaboración de Xubilados Terramar. Xa o venres 27 de decembro a Praza dos Campos será o escenario do Callo Fest para despedir o ano con moita música, a partir das 21.00 horas. Ese mesmo día o CIT entregará os premios do concurso de fotografía de Nadal no seu local, ás 18.00 horas.

## Convocados para este Nadal o Callo Fest e o Festival do Guioncho

A asociación cultural Amigos da Troula organiza, en colaboración co Concello de Cervo, a sexta edición do Callo Fest, o venres 27 de decembro. Trátase dun festival máis que consolidado no panorama musical da Mariña, que serve, tamén, como un ensaio das badaladas de fin de ano. O principal cabeza de cartel será o grupo Me Fritos And The Gimme Cheetos, un grupo que nace no ano 2016 para facer versións das mellores cancións a ritmo de punk-rock melódico.

Outro dos principais alicientes desta cita será o grupo portugués Foo Riders, tributo do mítico americano de rock alternativo Foo Fighters, que interpretarán sobre o escenario temas clásicos da banda.

Chegado desde A Coruña, e cun recente paso polo programa Factor X, chega o grupo AWY. A banda chegou a tocar ante 50.000 persoas no Rock 'n' Roll Running Series de Madrid, no Wizink Center.

Por último, o Callo Fest acollerá un dos primeiros concertos da banda Perro Futuro, que conta nas súas



filas con Suso Valcárcel, ex batería da banda Supernatural, que pasou polo Callo Fest no ano 2018. Para o remate, como todos os anos, haberá unha disco móbil.

**GUIONCHO.** O Concello de Cervo anima a asistir ao II Festival do Guioncho que terá lugar, da man da A.C. Comisión de Festas de Lieiro, o sábado 21 de decembro nunha carpa instalada na praza dos Campos. A cita foi presentada pola rexedora, Dolores García Caramés, e por unha representación da asociación que se encarga do evento que contará

coas actuacións o Grupo Beatriz, a orquestra Waykas e con DJ Pablo Conxuro, como peche de festa.

A entrada anticipada por un prezo de 10 euros pode adquirirse nos locais comerciais ou ese mesmo día en taquilla a partir das 18.00 horas. Parte da recadación pola venda de entradas irá destinada á Asociación Lucense de Esclerose Múltiple. Haberá tamén servizo de autobuses ata o Festival e diferentes sorteos e sorpresas durante o evento; entre elas o sorteo dunha escapada de fin de semana e dunha bicicleta a través da numeración das entradas.



## O Concello realiza o saneamento en Figueirido e repara vías en Rúa

O Concello de Cervo vén de comezar os traballos de renovación e mellora da rede de saneamento no lugar de Figueirido.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, achegouse ata a zona para ver in situ o avance da obra que supón un orzamento de preto de 50.000 euros -48.176,71 euros, concretamente- procedentes do remanente de tesourería das arcas municipais do pasado exercicio “que nos permite agora poder facer fronte a importantes actuacións para a cidadanía como esta mellora dos servizos básicos, que son obras que non se ven, pero moi importantes para o día a día da veciñanza” apuntou.

O proxecto consiste no acondicionamento das redes de saneamento existentes de fecais e pluviais, substituíndo os tramos de rede de abastecemento de auga obsoletos e en mal estado, repoiñendo o pavimento afectado durante a actuación.

A alcaldesa afondou na importancia destas obras que contribúen a mellorar a calidade de vida da veciñanza e tamén que son moi importantes para protexer o medio ambiente, polo que seguimos avanzando e apostando por levar este servizo



esencial a todos os recunchos do noso concello.

**RÚA.** O Concello acomete tamén traballos de mellora en arterias de comunicación na parroquia de Rúa. En concreto, estase a actuar nun tramo de 745 metros lineais cuxa superficie total ascende a 2.831 m<sup>2</sup>.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, achegouse ata a zona para ver in situ a actuación, acompañada polo pedáneo de Rúa, Ramón Elemparte, e que supón unha mellora da rede viaria desta parroquia e que está cofinanciada pola Xunta de Galicia, con fondos Agader dentro do Plan Marco de Melloras de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas e

que supuxo un investimento de algo máis de 25.000 euros-25.771,33 euros concretamente-.

Caramés apuntou que a actuación servirá para mellorar o firme destes camiños para axetalos ás características do tráfico rodado que soportan estas pistas que sufrían un importante deterioro polas condicións climatolóxicas ás que foron sometidas; e tamén está prevista a mellora da seguridade viaria coa instalación de elementos de sinalización vertical.

A alcaldesa volveu poñer en valor este tipo de obras coas que pretendemos equilibrar os servizos das zonas rurais e urbanas, conseguindo unhas aldeas máis seguras, accesibles e confortables.

## Instalan luminarias no polígono de Cuíña

Instalaron no polígono industrial de Cuíña unhas 46 novas luminarias LED. As obras supuxeron un investimento de 48.174 euros cofinanciados grazas a unha liña de axudas da Xunta de Galicia para a mellora de infraestruturas dos Parques Empresariais galegos.

Esta obra non só implica a instalación en si de novas luminarias senón tamén a modernización dos sistemas existentes, incorporando tecnoloxía LED de baixo consumo, que nos permitirá reducir custes, aforrar enerxía e reducir o impacto ambiental.

## PROTECTORA DE ANIMAIS



A alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, e a concelleira de Medio Ambiente, Mali Méndez, mantiveron unha reunión de traballo con Irene García, da Asociación Protectora de Animais Coletivas, na que rubricaron un convenio de colaboración que ratifica o compromiso do Concello de Cervo co benestar animal.

## Reclaman unha solución para a situación do GES

A alcaldesa, Dolores García Caramés, vén de remitir por segunda vez un escrito á Deputación no que reclama que, como administración competente no ámbito da protección civil, se implique nunha solución para que o Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES) con base en Cervo, e operatividade en toda a comarca, poida continuar coa prestación deste servizo público en termos de eficiencia, seguridade e saúde laboral.

A alcaldesa pon en valor o traballo e a profesionalidade dos efectivos do GES, pero advirte á Deputación que, nas condicións actuais, manter este servizo é inviable desde o punto de vista técnico e económico para un pequeno municipio como Cervo, en especial, cando ten que asumir gran parte da carga de traballo dos parques de bombeiros de Viveiro e Barreiros, en situación de práctica inactividade.

A xestión do GES vólvese especialmente complicada nos períodos de vacacións e baixas laborais dos seus membros, ata o punto que a Alcaldía se viu obrigada a prohibir aos seus efectivos acudir a saídas de emerxencia cando se atope de servizo tan só un membro do equipo. Polas características especiais das actuacións que se executan por parte dos traballadores do GES, resulta necesario que nas mesmas participen como mínimo tres efectivos, para dar cumprimento á lei de riscos laborais RPRL. Co persoal habitualmente dispoñible resulta en moitos casos imposible o cumprimento destas ratios.

Neste momento forman parte do GES de Cervo, segundo indica, sumadas as diferentes quendas, 12 profesionais: un cabo e once efectivos integrados no cadro de persoal como traballadores municipais.

## Recoñecemento para un proxecto do colexio

O proxecto *Cada Pinga Conta*, presentado dentro do programa Agrupacións Escolares, xunto cos centros educativos CRA Lena (Asturias), CEIP Tagoror (Gran Canaria), CEIP de Cervo (Lugo), CEIP Pintor Sorolla (Elda) e o CEP Antonio de Ulloa (Cartaxena), foi aprobado polo Ministerio de Educación coa segunda mellor valoración a nivel nacional.

Cada un dos centros participantes recibirá unha subvención superior aos 10.000 euros para completar o proxecto. Os estudantes de primaria serán os responsables de levar a cabo esta importante iniciativa, que finalizará dentro de dous anos cunha gran mobilidade do alumnado de sexto dos cinco centros educativos

durante o mes de xuño de 2026, nunha viaxe aos Pirineos.

A elección da temática do proxecto, *Cada Pinga Conta*, que ademais coincide co Proxecto Documental Integrado do centro para este curso, baséase na necesidade de concienciar á sociedade sobre a importancia dun uso responsable da auga, un dos maiores desafíos do século XXI ao que se enfrontará a sociedade e, por tanto, o alumnado. Ademais, terase en conta a súa integración curricular, dado que a auga é unha parte esencial da química da vida.

A través deste proxecto, contribuirase á adquisición dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030.

Cuando necesitas enerxía  
limpia y accesible, **él está aquí**

**Cree en el Sol**

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](http://edpenergia.es)





## ourol

## Regresa á localidade a Festa Motor Clásico

O Club Clásicos de Viveiro “despois de tempo de descanso” volve poñerse as pilas para organizar os eventos do próximo ano 2025.

Adiantan o cartel do primeiro deles para que garden a data 26 de abril 2025 en Ouro: “Esta vez cambiamos o formato das anteriores Xuntanzas que eran de mañá con

sesión vermú, por formato de todo o día con comida e amenizando tanto o vermú como a noite con verbena, cunha gran orquestra como é Zona Cero e un gran DJ de Disco Movil Olympo.

“Sacaremos máis novidades e información para que poidades realizar vosas reservas”, trasladan.



## A Deputación renova a casa consistorial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto ao alcalde do Concello de Oroul, José Luís Pajón Camba, un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial destinará unha achega económica de case 180.000 euros para desenvolver actuacións de acondicionamento e mellora na contorna na que se atopa a casa consistorial do municipio.

En concreto, o mandatario provincial avanzou que “nesta zona do municipio atópanse a maioría das dotacións e os servizos municipais, como o edificio multiusos, o punto limpo, a piscina ou a área de caravanas”.

Con este proxecto, que financia a

Deputación de Lugo na súa totalidade e que achegará en dúas anualidades, darase solución a actual situación desta zona que conta cun acceso moi estreito e de escasa visibilidade. Neste acordo inclúese a apertura dun novo vial nunha finca rústica, que mellorará a seguridade e a comodidade da veciñanza, e o acondicionamento das beirarrúas a ambos lados.

Os traballos completaranse coa humanización da contorna, onde se prevé a colocación de bancos, árbores e a instalación de luminarias. Ademais, estas obras servirán para executar un novo cadro para o alumneado da zona.

## Ambosores celebra as festas de Santa Lucía

A parroquia de Ambosores en Oroul celebra as festas na honra a Santa Lucía. Comezará o venres 13 de decembro ás 20.00 horas con degustación de balde de xamón cocido e chourizo. Haberá verbena a cargo do dúo Caramelo e Claudia Zurita.

O sábado 14 de decembro ás 13.00

horas haberá misa solemne e procesión seguida da sesión vermú co Dúo Caramelo.

Ás 15.00 horas haberá un xantar popular con menú de sopa de peixe, carne con patacas, sobremesa e café. Pola tarde tamén haberá música co dúo Caramelo e o dúo Maracuyá.

## riotorto

## Comezan as obras de construción da residencia de maiores

Deron comezo as obras de construción da nova residencia de maiores de Riotorto, que se iniciaron co movemento de terras.

Esta residencia supón un dos investimentos máis importantes en infraestruturas sociais da localidade, xa que terá un orzamento total de 1.768.930,24 euros e será financiado cos Fondos europeos Next Generation, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A nova residencia de maiores contará con 37 prazas, con instalacións deseñadas para garantir unha contorna cómoda e adaptada ás necesidades das persoas da terceira idade. A obra será executada conforme ao



proxecto técnico redactado polo arquitecto Manuel Eduardo López Vázquez e a enxeñeira de camiños, canles e portos Belinda Yepes Jiménez, quen traballou no desenvolvemento

das especificacións técnicas para o edificio.

O orzamento é de 1.768.930,24 euros, e o prazo máximo de execución de 13 meses.



## Órrea recibiu os premios polas unidades didácticas de segadores e ferreiros

A Asociación de Veciños e Veciñas de Santa Comba da Órrea, en Riotorto, vén de recibir un dos Premios Educacompostela, que convocan o Concello de Santiago e o Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega. Os premios foron creados para recoñecer materiais didácticos que contribúen ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica e, neste caso recoñecen especialmente dúas unidades didácticas, sobre os ferreiros e sobre os segadores da Terra de Miranda, elaboradas ao mesmo tempo que o exitoso documental Segadores da Órrea en terras de Castela, unha historia de heroes. A referida Asociación da Órrea é a promotora de todas estas iniciativas. O documental conta coa participación de 29 homes que participaron na sega en Castela, fenómeno este que se deu por rematado avanzada a década dos 60 do pasado século. Participan nel tamén 2 mulleres, que ofrecen a visión dos/das que se quedaban, e recibiu o recoñecemento

unánime das máis de 2.000 persoas que o levan visto ao longo de toda a xeografía galega, tamén nos centros escolares.

Precisamente, para achegar esta parte da historia ao alumnado das etapas obrigatorias, profesionais da educación da parroquia da Órrea, agrupados baixo o nome de Os da Tiza, elaboraron unha unidade didáctica sobre os segadores e sobre todo o fenómeno histórico, cultural, antropolóxico e social que se creou arredor deles. Paralelamente, a educadora riotortense Paz López Teijo elaborou unha segunda unidade didáctica, neste caso centrada nos ferreiros e na industria do ferro. É obvio indicar que os segadores non poderían ter desenvolvido o seu traballo sen os ferreiros, e viceversa. Estas dúas unidades didácticas foron as que recibiron o premio entregado na Casa do Concello de Santiago.

A Asociación veciñal de Santa Comba da Órrea estivo representada no evento por Mariluz Iglesias e Rebeca Fernández, dúas mestras que formaron parte do proxecto.

## Convocado o xantar anual dos usuarios dos centros sociais

O día 18 de decembro, mércores, o Concello organiza unha comida de Nadal especialmente dirixida a todos aqueles que participan nas actividades dos centros sociais. O menú consta de fabada asturiana, codillo ao forno con patacas fritas, tarta de Riotorto e café. O prezo é de 25 euros por persoa e terá lugar no centro sociocultural servida polo mesón O Sarredo a partir das 14.30 horas.

Os interesados en inscribirse poden facelo nos propios centros sociais ou no Concello antes do 15 de decembro. Terán preferencia as persoas inscritas nas actividades dos centros veciñais. A xornada contará coa actuación do dúo Dilema.



**FIN DE ANO.** O Concello organiza un baile de fin de ano para todos os veciños. Así, a partir das 1.00 horas do día 1 de xaneiro 2025, a Casa da Cultura acollera o festivo baile.

A entrada é de balde e haberá servizo de bar, ademais, a festa estará amenizada polo dúo Estrellas. A partir das 05.30 horas os asistentes poderán degustar un chocolate con churros.



# INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN

## Un millón de euros para a granxa de porco celta

**José Tomé anuncia que se licitará antes de final de ano a súa construción na finca Gayoso Castro**

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, vén de anunciar que a institución provincial licitará antes de final de ano a construción da granxa de porco celta por 1,057M€. O mandatario provincial cumpre así co seu compromiso de dotar á provincia dun servizo público que, segundo explica, será “fundamental para o futuro do noso sector primario” e “decisivo na formación dos profesionais que serán os encargados de velar pola saúde animal e a sostibilidade da nosa gandería”. Detalla que está previsto que a Deputación licite os traballos antes de que remate o ano, para poderlos adjudicar no primeiro trimestre de 2025, “coa ambición de que esta granxa de porco celta estea en pleno funcionamento no ano 2026”.

“Esta nova granxa nace como un espazo de formación, que conectará a teoría e a práctica, permitíndolle aos estudantes da Facultade de Veterinaria e aos Enxeñeiros Agrónomos da USC do Campus Terra realizar prácticas formativas de gran valor”, destaca Tomé Roca, que engade que servirá tamén “para seguir traballando para que a Facultade de Veterinaria supere as inspeccións europeas e manteña un alto pos-



to no ránking de Shangai como as mellores do mundo. A formación práctica é esencial para que os nosos futuros profesionais adquiran as competencias necesarias para facer fronte aos retos que presenta o sector nun laboratorio vivo”, argumenta.

**AS INSTALACIÓNS.** Cunha capacidade máxima de 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores, as instalacións que se situarán no complexo da finca Gayoso Castro que a Deputación de Lugo ten en Castro de Rei e terán unha superficie edificada de máis de 1.000 m<sup>2</sup> e consistirán nun espazo “multifuncional” que incluírá unha nave de produción, zona de corentena, aulas, vestiarios e almacenaxe.

A nave de produción será a estrutura principal da granxa, onde se desenvolverá a maior parte da actividade. A nave dividirase en

distintos módulos que separarán as diferentes etapas da produción. Haberá unha zona de corentena, unha área separada da nave principal que será utilizada para illar os animais en caso dalgunha enfermidade. Na Granxa haberá tamén aulas, vestiarios, 4 silos para almacenar alimento, depósitos de auga, grupos electrógenos, unha fosa de xurro, ademais de pistas para comunicar as diferentes zonas e os correspondentes peches perimetrais do recinto. Sinala o Presidente que se integrará “perfectamente nas actividades que xa estamos desenvolvendo na Granxa Gayoso Castro”, e lembra que a Deputación está a levar a cabo proxectos de crianza de xatas de raza rubia galega en colaboración con ACRUGA, recría de gando vacún, a Granxa Experimental de Leite e a recuperación da raza de vaca cachena e cría de cabalos. “Unha actividade que agora se ve reforzada coa conservación e mellora da raza porco celta, que servirá tamén para a formación universitaria de veterinarios e enxeñeiros agrónomos”, valora.

**COMPROMISO.** “Seguimos co noso obxectivo de poñer a formación, a investigación e a innovación ao servizo dos gandeiros e gandeiras da nosa provincia, de todo o sector primario, e ao servizo do desenvolvemento do rural”, destaca o mandatario provincial. Sinala que “a provincia de Lugo é punteira na produción de leite, carne e madeira, e a Deputación está decidida a seguir apoiando e desenvolvendo estes sectores”, detallando que “a agricultura e a gandería son as raíces da nosa

economía e, como tal, merecen ser potenciadas e coidadas”. Esta granxa de porco celta contribuirá, en palabras do Presidente, ao desenvolvemento económico da provincia de Lugo a través do impulso dun sector produtivo esencial para a nosa provincia; a afianzar a posición da provincia de Lugo no mapa do ensino superior europeo; e a reter o talento dos mozos e mozas, e a fixar poboación no rural da nosa provincia.

**FALTA DE VISIÓN DA XUNTA.** “As Administracións Públicas temos un deber”, indica José Tomé Roca, “atender á cidadanía, no seu día a día, pero tamén, planificar e impulsar o futuro da sociedade a medio e longo prazo, dende unha visión global e estratéxica do territorio; dende o coñecemento da súa realidade e das súas oportunidades”. E nese sentido comenta que “botamos en falta esta visión estratéxica por parte da Administración autonómica que debería liderar esta acción política, e sobre todo, é quen ten as competencias e os medios económicos para axudar ao rural, pero a realidade é que non se lle está vendo unha política clara de axuda ao medio rural”. Destaca que “desde a Deputación de Lugo, intentamos paliar esa falta de visión estratéxica de futuro para o sector primario e para o rural, dentro das nosas posibilidades e cos recursos dos que dispoñemos” e que nese sentido a institución provincial faiño “coa fórmula máis axeitada: da man dos sectores produtivos e incorporando o coñecemento da Universidade”.

**Cunha capacidade máxima de 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores, as instalacións terán unha superficie de máis de 1.000 metros cadrados**





## alfoz

## O Concello programa actividades de Nadal

Chega o mes de decembro cunha ampla e variada planificación de actividades programadas dende a área de Cultura do Concello do Alfoz.

O día 14 ás 19.00 horas no salón de actos, terán unha xornada para os máis pequenos e as súas familias, coa representación teatral e musical de *O apalpador e as palabras perdidas*, con agasallos para todos os nenos e nenas asistentes, ao acabar a función farase entrega dos premios do XXII Concurso de postais de Nadal.

O día 21 haberá un concerto de

Nadal da Banda de Música Pascual Veiga de Mondoñedo, este será ás 19.30 horas no salón de actos.

As tardes do 27 e 28 de decembro, rematarán o ano de xeito moi divertido, inchables, pintacaras, xogos de nadal... e moita sorpresas divertidas máis dende as 17.30 ata as 20.30 no pavillón municipal de Alfoz.

E o día 29 acaban o mes de decembro cos nenos e nenas da Banda de Música Mestre López, da Escola de Música do Valadouro, que farán un bonito e emotivo concerto de fin de ano.

## A Valedora do Pobo apoia as reivindicacións das familias do colexio

A ANPA do CEIP Castro de Ouro de Alfoz vén de recibir unha notificación da Valedora do Pobo que supón “un respaldo ás reivindicacións que as familias levamos meses defendendo”, indican. Esta resolución recoñece que a Consellería de Educación está incumprindo o Acordo do 10 de xuño de 2009 en materia de agrupamentos e subliña a excepcionalidade da situación do colexio, que urxe unha solución inmediata.

A Valedora do Pobo, tras analizar a denuncia das familias, establece que é necesario cumprir co ratio estipulado no Acordo de Agrupamentos do 2009, que indica que non se pode agrupar alumnado de diferentes ciclos nunha mesma unidade cando o número de estudantes supere os 12. Ademais, engade que, no caso de que a Consellería considere que non

é posible aplicar esta norma, deberá xustificar adecuadamente os motivos e remitir á ANPA un informe detallado que analice as circunstancias excepcionais que aconsellan unha decisión diferente.

“Esta resolución supón un respaldo institucional á nosa loita, reforzando a demanda de que o noso centro conte cos recursos necesarios para ofrecer unha educación de calidade”, subliñan desde a ANPA. A Valedora do Pobo dá á Consellería de Educación un prazo dun mes para responder oficialmente a esta resolución.

Desde a ANPA valoran moi positivamente a dilixencia coa que a Valedora do Pobo tratou este asunto, así como a claridade coa que recoñece que a situación do CEIP Castro de Ouro é “excepcional”.

### PRESENTACIÓN LITERARIA



O Museo Provincial de Lugo acolleu a presentación do libro *Da vila do Castro d'Ouro ao concello de Alfoz: oitocentos anos na Historia*, número 21 da serie *Monografías de Cuadernos de Estudios Gallegos* (Editorial CSIC). O libro, que constitúe unha revisión diacrónica da traxectoria histórica da vila de Castro d'Ouro desde a Idade do Ferro ata finais do Antigo Réxime.

## barreiros

## Socialistas preguntan á Xunta pola nova EDAR de Barreiros

Os deputados socialistas Lara Méndez López, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, preguntaron á Xunta en que momento do trámite se atopa a futura EDAR do Concello de Barreiros e se existe un calendario real para a súa materialización.

Explican que a Xunta de Galicia ten redactado un proxecto de nova EDAR en San Miguel de Reinante. Proxecto que “de nada nos serve se non avanza e se converte nun investimento real”. Engaden que a protección ambiental é un dos principais eixos de acción de calquera entidade ou administración, co obxectivo de preservar e reverter tendencias e danos.

Os socialistas explican que os cambios sociais sucedidos na historia recente conlevaron mudas nas costumes, nos comportamentos demográficos, que afectan a contorna que habitamos. Aínda que sexa algo no que habitualmente non nos fixamos,

esta evolución tamén ten significado un cambio na xeración de residuos e, polo tanto, obrigando ás administracións públicas a adaptar os seus servizos para prestar unha atención de calidade aos veciños e usuarios dos mesmos. “Se levan xa moitos anos demandando unha infraestrutura no Concello de Barreiros para precisamente poder contribuir a reverter danos que se producen no Concello. Trátase de dotar dun servizo público de tratamento de augas residuais que leva consigo, entre outros a vertedura de augas non tratadas convenientemente, ou directamente non tratadas, ao entorno natural”, trasladan.

Esta situación, segundo indican, leva a que dende a Xunta de Galicia se abrisen distintos expedientes sancionadores ao Concello dende o ano 2009, feito que se repite ano tras ano de maneira especial na época estival data onde hai máis afluencia de visi-

tantes e, polo tanto, unha maior actvidade ou volume de residuos.

“Dende o Concello de Barreiros veñen demandando dende fai anos acadar unha nova EDAR en San Miguel de Reinante, coa capacidade suficiente para atender a demanda en calquera época do ano e evite estar vertendo de xeito incontrolado residuos insalubres. O problema do saneamento e depuración é extensible a todo o Concello, e sen prexuízo de que se poida e deba abordar a situación xeral, o caso da EDAR de San Miguel de Reinante require dunha atención especial. Unha, porque xa existe unha conculción de residuos que non son tratados convenientemente nas instalacións actuais e, dúas, porque as verteduras se están a facer sobre unha zona de baño e atravesando un areal, co risco para a saúde das persoas que a situación provoca”, comentan os socialistas.



## Realizaranse melloras nas prazas de Santiago de Reinante e do Souto

O Concello vén de asinar coa área de Rural da Vicepresidencia da Deputación un convenio para mellorar as prazas de Santiago de Reinante e a do Souto, en San Miguel cun investimento de 37.000 euros. Proseguen así os traballos de adecentamento e mellora dos núcleos rurais, nos que o Concello leva traballando nos últimos anos, segundo indica, como a creación do novo parque infantil e zona de ocio en San Cosme, ou as áreas de descanso en Vilamartín Grande e Vilamartín Pequeno.

As actuacións, ademais das relativas ás fotografías consistirán no pintado das zonas existentes en ambas prazas, a renovación de elementos de seguridade como a rede de protección en Reinante ou

os bolardos na zona do Souto, a renovación de canastras en Reinante e a mellora dos farois existentes no Souto. Ana Ermida sinala que os traballos se realizarán no vindeiro ano, en función da meteoroloxía. Ermida amosouse “contenta e orgullosa” de poder levar a cabo estas actuacións nestes lugares “xa que son espazos moi simbólicos e importantes para todas as veciñas e veciños destas parroquias e tamén de todo o Concello.” “Faciáanse bailes, feiras, xogos populares, eran espazos de recreo para as nenas e nenos... e queremos recuperar esas vivencias”, continúa. “Por iso tamén queremos poñelas en valor na historia do concello e colocaremos paneis con fotografías que amosen a evolución dos espazos”.

## Designan na localidade espazos públicos sen fume

O Concello e a Asociación Española Contra o Cancro asinaron un convenio de colaboración para designar varios espazos públicos sen fume.

A alcaldesa, Ana Ermida, asinou coa presidenta da Xunta Provincial de Lugo, María Luz Abella un documento no que designan como espazos libres de fume o exterior do pavillón municipal, a pista de skate, os arredores do parque de San Miguel (onde a pista de pádel) e dúas marquesiñas da N634 en San Cosme.

A alcaldesa sinala a “importancia deste tipo de accións que pretenden a concienciación veciñal e a educación en saúde, poñendo o foco no consumo de tabaco, que segue a ser unha das principais causas de numerosos tipos de cancro.”

“Os espazos escollidos son de uso habitual por persoas mozas e nenas e nenos, co que se pretende educar desde as primeiras idades. Son ademais espazos relacionados con usos deportivos ou de ocio, que fomentan un estilo de vida saudable e que debe ser incompatible co consumo de tabaco”, explicou.

Ana Ermida agradeceu o traballo de colaboración co Concello á Asociación, permitindo desenvolver accións de apoio e formación a persoas enfermas e familiares. Nas vindeiras semanas, realizarase a sinalización dos espazos e levaranse a cabo campañas divulgativas.



# “A xente busca o que facemos eses catro que seguimos traballando coma sempre”

José María Rodil, artesán de navallas, leva desenvolvendo este oficio na Pontenova desde 1994

Por Amanda Fernández

Define o seu oficio como “artesán de navallas” e a isto se dedica José María Rodil Arruñada, un ferreiro da Pontenova dende o 1994. Realiza navallas de xeito artesán, así como se facía nos tempos de antes: “Meu pai foi de Taramundi, onde comezou a traballar, e con quen eu aprendín este oficio. A día de hoxe sigo facéndolas forxadas, cortando as argolas, dobrándolas e debuxándolas eu, non emprego troques nin teño nada elaborado como se fai ultimamente en moitos sitios”.

Como todo artesán, José María traballa coas mans e aprendeu dun mestre e referente para el, o seu pai, que vai cumprir 97 anos e puido ver como o seu fillo collía o relevo. Porén, tiña claro que ía ser ferreiro? “Eu crieime co meu pai na forxa, fixen bacharelato e ao acabar tiver algo de tempo con el na forxa ata ir á mili, e dende que volví, aínda estiven un ano ou dous. Despois, entrei a traballar na oficina dun taller no que estiven sete ou oito anos. Foi ao rematar aló cando comecei ao día seguinte xa a facer navallas”. “Meu pai foi de Taramundi, o que pasa é que se veu polo ano 1960 para o Concello da Pontenova, onde aínda vive a día de hoxe”, comenta José María, que hai 11 anos trasladou o taller dunha parroquia á propia vila. Pasou o tempo, pero a maneira de facer navallas que lle ensinou seu pai, reconece, segue sendo a mesma. Porén, as diferenzas están na creatividade e innovación nos deseños.

“Tiver moito tempo para darlle á cabeza, na pandemia sufrín un accidente de tráfico e a finais do 2021 tamén cortei a man coa radial. Neses



anos de baixa laboral comecei a facer deseños, pero a forma de traballar en mesa é a mesma”, destaca.

Xeralmente, confecciona navallas e algún coitelo e lamenta que sexa un oficio que manteñan xa poucos do xeito tradicional: “É un oficio no que, ao seguir facéndose a man coma min, forxando e así, quedan moi poucas persoas. En todo Taramundi quedan catro ou cinco xa da miña idade”. O resto de persoas que realizan xa o fai con “troquelada e pintase e listo”. Porén, a clientela procura algo distinto: “A xente busca o que facemos eses catro que seguimos traballando coma sempre, o feito a man e artesán”.

No que atinxe ao público, José María fai fincapé na paixón dos coleccionistas e no peso da venta a través de páxina web para fóra. “Igual máis do 50 % son mulleres que piden navallas para agasallar aos homes e poden personalizarse”, apunta. Así, tamén confecciona navallas máis pequenas de uso diario: “Para esa muller que ten un pícaro pequeno e lle quere pellar a mazá ou o bocadillo”. As navallas

que confecciona poden ir desde os 20 euros ata os 150, segundo o tempo e os materiais que empregue.

**FEITO A MAN.** Ver traballar a José Manuel na forxa seguro non deixa a ninguén indiferente e precisamente estará na Feira de Artesanía e Antigüidades da Pontenova, os días 6, 7 e 8 de decembro. “Normalmente levo demostración de forxa portátil, demostración de como se fan as foxas, ao roxo vivo e a base de martelo e lume para moldear. Estarei na entrada do Pavillón de artesanía facendo a demostración”, indica e reconece que é algo que sempre chama a atención e ten aos seus “admiradores por aí”.

Porén, hai algunha navalla coa que se quedou e non está á venda. O seu pai, por exemplo, ten un expositor de cristal con algunhas que fixo en diferentes tamaños e materiais, que quedan para o neto de recordo. “Teño unha que se fixo cunha madeira e quedou en dúas cores e quixo a muller quedar con ela porque, a verdade, era ben bonita coas dúas cores pegadas.

Cando fago así algunha curiosa, non a vendo, pero levo tantas feitas, que ao final quedas con contadas”, expresa.

E o futuro José María? Seguirá o teu fillo os teus pasos como ti os do teu pai na forxa? “Ten que torcerse moito, xa que o meu fillo leva 10 anos en Taiwán e dedícase aos negocios internacionais”. Así, considera que é moi complicado que este oficio realizado de xeito artesán se manteña no tempo porque se vai vendo que queda menos xente: “Por Riotorto facían coitelos e xa logo non queda ninguén, aquí na Pontenova, tampouco, e en Taramundi quedan tres ou catro da miña idade”.

Con 60 anos, José María pasa os días no seu taller, ao pé da casa, e axuda á súa muller nunha tenda que ten. Lamenta que o seu oficio poida non ter futuro porque reconece que hai quen prefire ir “ao sinxelo, traer e montar, ter todo feito”. O seu traballo está lonxe diso, hai dedicación, tempo, coidado e manifesta que lle gustaría que a xente valore e diferencie o feito a man.

O artesán continúa a ter un selo de diferenza e autenticidade: “A xente que entende xa distingue as feitas de xeito tradicional e as feitas a troque. Se colles dúas navallas iguais e son iguais en todo sen diferenza ningunha, iso é de fábrica. Porén, se ti colles dúas navallas miñas, en teoría iguais, sempre apreciarás moitas diferenzas, como a marca máis preto dunha esquina, diferenzas nos debuxos e nas medidas. Vendo dúas navallas xuntas aprécianse diferenzas ao momento, as feitas á man son únicas, sempre se diferencian algo”.



## Conta atrás para o Festival das Minas na Pontenova

Volve o Festival das Minas de A Pontenova cunha nova edición o 14 de decembro, organizado pola Asociación Cultural e Deportiva As Minas.

A Praza dos Fornos acollerá unha nova edición cunha proposta para todos os públicos, musical, cultural e gastronómica. Como prato forte, Xosé Antonio Touriñán co seu show *Aquí Tou*, no que repasa momentos clave do seu camiño vital cos que galegos e galegas sentirán identificados.

O sábado 14 de decembro terá lugar ás 12.00 horas a Ruta das Minas; ás 14.00 horas, a sesión vermú; ás 17.00 horas, interacción infantil cos Bolechas; ás 17.40 horas haberá contacos inclusivo, DI y los Amorodos; ás 18.00 horas, de novo interacción infantil cos Bolechas; ás 19.00 horas o grupo Tambukda de Lugo polas rúas e bares da vila; ás 20.00 horas haberá degustación de balde de callos, amenizada polo Grupo Tambukda e DJ Inclusivo Moncho; xa ás 22.30 horas, Xosé Antonio Touriñán coo show *Aquí Tou*; e ás 23.59 horas, a actuación musical de Gin Toni's.



**INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA**

EXTENDEDOR DE SILO  
MODELO VIMIANZO  
CON BOMBOS GALVANIZADOS  
DE Ø 80/225 E  
Ø 100/240



**CUCHILLA MAÍZ  
LATERALES ABATIBLES  
MODELO MEIRA**



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS  
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³  
Y 2.1m³**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS  
AUTONIVELANTES  
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.  
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**NOVEDAD**

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com





## A obra do aparcadoiro de Casas Novas rematou

A Xunta de Galicia rematou as obras de acondicionamento do aparcadoiro de Casas Novas, en Mondoñedo, ás que destinou un investimento de 35.000 euros. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou o resultado da actuación e explicou que afectou á rampla principal de acceso dos vehículos, desde a rúa Camiño Norte, e a unha parte da zona de estacionamento.

Arias explicou que se substituíu o antigo chan de saburra por pavimento de cemento desactivado, que é máis duradeiro e funcional ao tempo que mantén unha estética acorde coa contorna monumental do lugar. O aparcadoiro está situado no conxunto histórico, xunto á igrexa de Santiago, polo que a actuación requiriu do informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

## O Pleno aprobou un orzamento para o 2025 de 4 millóns de euros

O Concello de Mondoñedo aprobou o orzamento para o 2025 por un importe de 4.000.000 euros. No pleno ordinario onde, ademais do presuposto se daba conta da liquidación do terceiro trimestre, e o período medio de pago que se cifra en 2,60 días.

O informe de secretaria intervención reflicte que se cumpre estabilidade orzamentaria, cunha débeda cero unha clara aposta polos servizos sociais e o mantemento dos servizos básicos e a mellora da calidade de vida dos mindonienses.

Estes orzamentos como así o reflicte o capítulo de gasto do persoal avanza nas melloras laborais dos traballadores e por ende dos servizos a prestar. Con todo isto o alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, sinala que as liñas de inversión para o vindeiro ano irán na mellora das infraestruturas: “A liña de ruta de esta corporación e

o abastecemento de Valiño-Seivane, a mellora de dous tramos interurbanos un na zona da granxa que conflúe coa Avda Bos Aires, e o outro o arranxo do firme tamén dende o Seminario ata o cruce Avda. Bos Aires, a humanización y prevención de espazos dentro do casco histórico sen esquecer as intervencións do Plan Urbe coa proxección de un investimento de 315.000 euros cunha inversión prevista dun millón de euros, sen esquecer as parroquias que se seguirá coa folla de ruta de estes últimos anos prevendo intervencións nas 14 parroquias a través das liñas de subvención”

Este presuposto é unha folla de ruta para o 2025 “onde a estabilidade orzamentaria esta garantida e froito de esta dando lugar a capacidade de inversión real como así o reflicte o estado de contas cun saldo de 2.500.000 euros , a día de hoxe que

permite seguir traballando na mellora de infraestruturas e servizos deixando atrás os anos de endebedamento e intervención de este Concello . Unhas contas saneadas e cos informes preceptivos onde se ten en conta as persoas e a súa calidade de vida”.

Os socialistas rexeitaron no pleno o “pobre orzamento do PP”, xa que non responde ás demandas da veciñanza. Lembran que no apartado de investimentos e inversións só aparecen consignados 32.064 euros do Concello, “unha cifra paupérrima, que non serve para dar resposta a ningún reto relevante na nosa cidade”. A votación do orzamento foi aprobado co voto de calidade do Alcalde, xa que houbo un empate na votación con 5 votos, ao non asistir un concelleiro do PP á sesión plenaria, que non se celebraban dende fai 4 meses.

## Regresan as xornadas locais de arqueoloxía

Mondoñedo retoma a actividade divulgativa coa habitual cita arqueolóxica que se vén celebrando en decembro dende fai máis de vinte anos. Son as Xornadas Mindonienses de arqueoloxía que, neste 2024, chegan á súa edición número 24.

O programa comezará o venres día 13, ás 19.30h coa entrega de documentación e co acto inaugural para arrancar a actividade propia do curso, ás 20.00h, coa intervención de Marcos Vaqueiro que leva o título *9.000m de cavernas y ríos bajo O Coto do Penido: Aproximando su línea de tiempo*.

A segunda xornada, o sábado día 14, arrancará pola mañá cunha visita guiada a diversos puntos de interese da Mariña. Pola tarde, terá lugar a segunda conferencia, a cargo de Aurora Grandal coa intervención titulada *Paleontología del karst Mondoñedo – Abadín*.

A actividade finalizará o domingo día 17 cunha conferencia ás 12:00h, a cargo de María Luz Rodríguez Blanco e Marcos Vaqueiro, co título *Ríos bajo la montaña: Lo que nos revela la geoquímica de las aguas entre O Coto do Penido y O Penido de Orxal*. A xornada rematará coa entrega de diplomas.



## O Concello e a Xunta pechan un acordo para modernizar o matadoiro

A Consellería do Medio Rural e o Concello de Mondoñedo exploran vías de colaboración para modernizar as actuais instalacións do matadoiro municipal mindoniense, a fin de solucionar as necesidades advertidas nas instalacións e poder mellorar así a prestación dos servizos ofrecidos ao sector agrogandeiro e ás industrias cárnicas da comarca.

A mellora das infraestruturas e, sobre todo, do vello equipamento do que dispón na actualidade o matadoiro de Mondoñedo centrou a reunión celebrada na sede luguesa da Xunta de Galicia entre a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e o rexedor mindoniense, Manuel Ángel Otero, quen aproveitou este encontro para salienta a importancia do matadoiro no des-

envolvemento socioeconómico da propia cidade de Mondoñedo e da súa contorna.

A actividade que se desenvolve no matadoiro, que presta servizo a veciños e industriais de Mondoñedo, ademais doutros municipios próximos, tales como Abadín, A Pastoriza, Lourenzá, Riotorto, Alfoz, O Valadouro ou mesmo A Pontenova, xustifica o interese público desta instalación municipal, sinala Otero.

Por iso, o alcalde trasladou á conselleira do Medio Rural a importancia de renovar os actuais equipamentos para optimizar a eficiencia e mellorar a rendibilidade dunhas instalacións que cada ano contabilizan un elevado número de sacrificios de exemplares de gando vacún e, sobre todo, de porcino.

### EN BREVE

**PAPANOELADA.** O Motoclub N-634 anuncia a súa Papanoelada Moteira o 21 de decembro. Preferiblemente hai que ir vestido de Papa Noel e reúne a unhas 100 persoas. Montarán inchables, vén Papa Noel a darlles unhas lambetadas aos nenos e pasan un día diferente. Tamén haberá chocolate quente, madalenas de balde e un sorteo.

**LUCÍA FREITAS.** A cociñeira Lucía Freitas é a gañadora da primeira edición do Premio Merlín polo proxecto social e gastronómico *Amas da Terra*. Este galardón busca recoñecer a proxectos actuais que son un exemplo, caso de análise e inspiración para os actores do sector gastronómico e agroalimentario da Mariña. O premio, unha peza de Sargadelos.

**CIENCIA.** A Real Academia Galega de Ciencias e a Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE) acaban de resolver a primeira edición dos Premios RAGC-UIE para investigadoras e investigadores xoves. Concedeuse un accésit á enxeñeira Sara González (Mondoñedo, 1982), profesora de Enxeñaría Química na USC e investigadora do Cretus.

**MOTOTURISMO.** O Motoclub Ruta N-634 de Mondoñedo anuncia a XXXIV edición da concentración Mototurística de Mondoñedo, que terá lugar os días 22 e 23 de marzo de 2025. Espérase a participación de entre 300 e 400 persoas e a inscrición ábrese en xaneiro.

### CONCURSO DE FOTOGRAFÍA



O xurado do IX Concurso de Fotografía O Mellor Recuncho de Mondoñedo deu o primeiro premio a Francisco Javier Redondas Maseda, o segundo para Marcos Candia Cuba, e o terceiro para Gonzalo Villarmea Carreiras. Participaron 31 fotos.



## O Concello aprobou en pleno o orzamento para o ano 2025

O Pleno de Trabada aprobou un orzamento municipal de 1.981.660,06 euros para o ano 2025, unhas contas nas que destacan as partidas destinadas a políticas sociais e ao tecido asociativo local. “O obxectivo prioritario no 2025 é reforzar os servizos e infraestruturas públicas de Trabada, mellorando a vida dos nosos veciños e veciñas”, explica Rubén García, alcalde de Trabada.

“Dedicamos gran parte deste orzamento aos servizos públicos e sociais”, explica o alcalde, Rubén García, “aumentando o número de horas prestadas na Axuda no Fogar para chegar a máis veciños e veciñas de Trabada”.

“Ademais, aportamos case 70.000 euros para o Centro de Maiores do concello de Trabada e diriximos outra partida importante ao tecido asociativo do noso concello, apoiando ás asociacións, clubs e comisións de festas que axudan á dinamización e fan que Trabada conte cunha ampla



programación de actividades todo o ano”, engade o alcalde.

“Para este grupo de goberno, o primeiro son as persoas e así se recolle neste orzamento que vimos de aprobar, apostando por unha política que coide dos veciños e veciñas de Trabada e lles oferte servizos cos que melloran a súa calidade de vida”, explica Rubén García.

No capítulo de investimentos reais, contemplase unha partida de

572.232,95 euros, “e xa temos programada a execución de diferentes obras, ás que sumaremos ás procedentes das subvencións e convenios que academos durante o ano 2025”, apunta.

“Unhas contas que son o espello da nosa forma de entender a política, con actuacións para coidar das persoas, prestarlles servizos no día a día e continuar mellorando o noso pobo”, remata o alcalde, Rubén García.

## Abre a inscrición do Campamento de Nadal

O Goberno local de Trabada anuncia que está aberto o prazo de inscrición para o seu Campamento de Nadal 2024-2025.

Este campamento desenvolverase entre os días 23 de decembro e 3 de xaneiro en horario de 9.00 a 14.00, horas e incluírá obradoiros, cinema, xogos e moitas máis actividades.

As inscricións no mesmo poderán ser realizadas na Casa do Concello ata o 13 de decembro. Serán gratuítas, pero as prazas son limitadas, polo que se asignarán por orde de inscrición.

Trátase dunha iniciativa dirixida a nenas e nenos de entre 3 e 12 anos que estean empadroados ou que teña familiares empadroados no Concello de Trabada.

O alcalde do municipio, Rubén García Freije, destaca “o compromiso do Concello con impulsar a conciliación familiar a través de

propostas de ocio e lecer para a cativada como esta. Agardamos que desfruten moito do campamento un ano máis”, engadiu.

**MERCADIÑO.** Coa colaboración do Motoclub A Cadeira e a asociación cultural O Picato, organizan o sábado 21 e decembro un Mercadiño de Nadal con actuacións musicais e actividades para os nenos e nenas.

O mercado, de 12.00 a 20.00 horas na praza do Concello, terá produtos locais e artesanais de proximidade, a actuación da ‘Coral Entre Ríos’, Papanoelada moteira con chocolate e biscoito gratis, e a visita de Papá Noel e o Apalpador. Ademais, os nenos e nenas terán inchables gratis durante toda a xornada e pintacaras. O concello aproveitará o mercadiño para celebrar o acendido das luces do Nadal.

## Convocado un taller de velas aromáticas

Na casa da cultura terá lugar un taller de velas aromáticas para o Nadal. Será o sábado 14 de decembro, de 17.00 horas a 20.00 horas.

Aprenderase a elaborar unha vela, con adornos de Nadal que se poderá escoller xunto co aroma que se prefira para poñerlle. Así, inclúe a teoría e a práctica, o material e unha merenda para pasar un anaco compartido coas persoas asistentes. Será impartido por Carolina Carbajal @kakogreenhome e o prezo vai de 50 euros (socios) a 60 euros (non socio).

## O Goberno local propón crear un albergue na rúa de San Roque

O Concello de Trabada pretende mellorar os servizos que lle presta aos peregrinos e peregrinas que pasan polo municipio “consciente da relevancia que ten o seu paso polo termo municipal”.

O concello proxecta a posta en marcha dun albergue na rúa de San Roque, para o que solicita a colaboración da Axencia de Turismo de Galicia. Nunha carta enviada ao

director da Axencia de Turismo de Galicia, Xosé Manuel Merelles, o alcalde de Trabada, Rubén García, explícalle que “o núcleo do noso concello está xusto na metade da etapa que une Vegadeo con Mondoñedo, que conta con 38 quilómetros”.

“No quilómetro 19,5 está o núcleo de Trabada e temos un edificio na rúa de San Roque no que quere-

mos poñer en marcha o albergue, un inmovible que necesita unha reforma pero que consideramos que pode ser idóneo para unhas instalacións deste tipo”, engade Rubén García.

Por este motivo, o alcalde solicita na carta “unha reunión para explicarlle o proxecto e valorar a opción dunha colaboración entre o concello a Axencia de Turismo de Galicia”.

## vegadeo

### A orquestra París de Noia volve no Nadal

A Comisión de Festas de Festas de Vegadeo vén de anunciar que para “para rebentar o Nadal nesta zona”, a orquestra París de Noia actuará en Vegadeo. Será o día 20 de decembro xa co Nadal máis que presente.

Como novidade, poderán coñecer de primeira man aos novos compoñentes da formación para o 2025 e o seu escenario “espectacular”. Engaden que haberá máis novidades.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!  
**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com



## Produtores de faba demandan solucións

O Sindicato Labrego Galego traslada que decembro chega con malas novas para as produtoras e os produtores de faba, xa que van rematar o ano con perdas de máis do 80 % da colleita. “O problema foron sobre todo as enfermidades do cultivo polas chuvias constantes todo o verán na zona da Mariña, non houbo 3 días seguidos sen que non chovera”, explica a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, Isabel Vilalba Seivane, produtora de faba de Lourenzá. “A humidade e a calor axuda a que proliferen moitas enfermidades, isto fai que os fungos afecten moito máis nun cultivo como a faba”, engade. Neste momento hai unha situación xeneralizada onde a maioría das produtoras e dos produtores

de faba teñen menos do 20 % da colleita que terían outros anos, é dicir, que se perdeu máis do 80 % da colleita. Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas solicitamos unha xuntanza coa Consellería do Medio Rural para demandar un plan de apoio ás persoas produtoras de faba con axudas específicas, por unha banda, e, tamén, que se poña a andar un proxecto de investigación para axudar a combater as enfermidades do seu cultivo. “Aínda que se chaman fabas da Lourenzá trátase dunha produción que engloba o territorio da Mariña, de feito estímase que se produce na Galiza o 30 % de toda a leguminosa que hai no estado español, e a maioría incluso está na Mariña”, sinala Isabel Vilalba.

## Os populares critican a suba de taxas e impostos

O PP de Lourenzá advirte aos veciños e veciñas da subida de impostos e taxas municipais -concretamente, da contribución (IBI) e da auga- aprobada hoxe en solitario polo goberno local do PSOE. Deste xeito, sinalan os populares, o Concello aplicará nos recibos do vindeiro ano unha suba de entorno a un 25 %; xa que “o IBI sube máis dun 27 % e a auga máis dun 24 %”. Os concelleiros do PP votaron en contra desta medida. Os populares afean a “falta de traballo e de previsión do goberno socialista” que deriva “nesta subida que afectará directamente aos petos dos laurentinos”. Ademais critican que “a suba se aplique de forma abrupta”

en lugar de “teren revisado os tipos impositivos e as taxas con máis frecuencia”. Os concelleiros do Grupo Municipal Popular tamén advertiron durante o pleno que o tipo impositivo do Imposto de Bens Inmóveis -coñecido como contribución- supera a media dos concellos da comarca que se sitúa nun 0,55 % para a urbana e 0,57 % para a rústica. O Concello de Lourenzá pasará a cobrar o 0,70 % do valor catastral de inmóveis tanto urbanos coma rústicos. O PP bota en falta bonificacións nestes impostos e taxas en beneficio das familias numerosas ou persoas con menos recursos.

## “Todos estamos chamados a ela”

Mar Ferreiro, autora dun poemario sobre a morte. É coidadora do seu pai e reflexiona sobre o momento no que un marcha deste mundo

Por Amanda Fernández

Licenciada en Dereito, amante de ler, escribir e coidadora “de papá” dende hai 23 anos, así se define Mar Ferreiro, que acaba de publicar o seu libro *Llegará (entre tanto es tiempo de vivir y/o malvivir)*. É natural de Lourenzá, onde vive e coida do seu proxenitor que ten unha enfermidade dexenerativa. “Son un pouco de todo, escritora, xurista e acompañante”, comenta sorrindo. Dende pequena tiña especial gusto por ler, escribir e inventar historias. Con 23 anos acabou a carreira de Dereito e comezou coa escritura do que puido ser o seu primeiro libro, un conto de nenos. Porén, polo momento aínda non o publicou e está nun caixón á espera de que moi pronto Mar o poida retomar.



preocupados no producir, no consumir, e non tanto no final”, destaca.

**ENTUSIASTA.** Mar menciona que o xeito de ver a morte e de vivila, mudou: “Antano, os falecidos velábanse nas casas, ata non fai moitos anos, agora xa se separa e lévanse aos tanatorios. De igual forma, antes a xente enfermaba e falecía nas casas, agora soe ser nos hospitais”. Así, vén a dicir que a sociedade actual tende a apartarse da morte, pero cre que chegará o momento no que se fale da enfermidade e da morte con normalidade.

O libro é un poemario en prosa, xa que está escrito con forma de poema, pero é moi prosado, con letras “asimilables” e que narran “coa fermosura que envolve a poesía”. Menciona con especial cariño dous poemarios que constitúen un canto á vida, o fermoso e o importante que é vivila, desfrutala e sentila con todo o entusiasmo. Mar pon de manifesto que é unha obra para todos os públicos, dende esas crianzas que se preguntan por que desaparece o avó, ata a adultos. “Todos estamos chamados á morte e o libro ten unha linguaxe amena e interpretable por cada quen”, insiste e engade que se

o tivese que definir “diría que é un libro reflexivo-entusiasta” Traslada que o libro tivo oa acollida entre o seu círculo de amizades máis próximas e que xa lle preguntan polo seguinte: “Sería retomar ese conto de nenos que inicié de nova”.

**A MORTE SILENCIOSA.** Mar Ferreiro é natural de Lourenzá e aborda no libro un tema universal e humano como é a morte. Esta vila, destaca, como outras da Galicia rural presentan unha taxa alta de envellecemento. “Vimos a morte silenciosa no rural, mesmo na Covid, vimos falecer xente soa e desprotexida”, comenta e manifesta a importancia do acompañamento no “proceso de morrer” igual ca se precisa en vida. E ti, Mar, tes medo á morte? “Sempre é algo descoñecido para todo o mundo e disto hai moitas publicacións, sobre o máis aló. Non diría medo, non é a palabra porque é o fin, como dicía Woody Allen *Desde mundo non sae ninguén vivo*. É algo que me esperta interese e cando chegue, chegou. Obviamente a xente que queda aquí ten que vivir o proceso de dó, porén no que respecta a miña morte, non teño medo ningún porque forma parte da vida”.

**COIDADORA.** “Dende que papá enfermou, quixen expresar e reflectir sentimentos e emocións que derivan desta situación”, expresa Mar, que como coidadora, é tamén voluntaria na fundación Metta Hospice, que acompaña á xente “no proceso da enfermidade e da morte”. Así, este libro que viu a luz titulado *Llegará (entre tanto es tiempo de vivir y/o malvivir)* nace a raíz destes factores e neste contexto. Escribiu un poemario que trata sobre a aproximación á enfermidade e, sobre todo, á morte. “Todos estamos chamados a ela, é unha realidade que vai suceder si ou si, é inevitable para todo ser vivo”, afirma a escritora. Porén, considera que é unha realidade da que non se soe “falar, escribir ou comentar”. Resulta un tema a evitar, sinala, por temor a ela ou polo feito de que implica a desaparición. “Penso que a sociedade actual non está preparada para isto, prescindimos deste tema, estamos máis

## Concerto tributo a Mark Knopfler con Great Strait

O Concello de Xove anunciou o concerto de Óscar Rosende coa súa banda Great Strait nun tributo a Mark Knopfler, do grupo británico Dire Straits. O público poderá gozar de escoitar as súas mellores cancións nesta cita musical que xa é un evento esperado.

Terá lugar o día 28 de decembro ás 22.30 horas no pavillón de Deporte de localidade. A entrada será de balde nun concerto que forma parte do programa Xacobeo Xove e que engrosa a actividade que se realizará no municipio con motivo da chegada do Nadal.

## As crianzas poderán gozar das ‘Mañás activas polo Nadal’

A Concellería de xuventude do Concello de Xove organiza a iniciativa ‘Mañás activas por Nadal’ para os nenos e nenas a partir de 5º de primaria. Terán lugar os días 23, 26, 27 e 30 de decembro e 2 e 3 de xaneiro en horario de 10.30 horas a 13.30 horas no Centro Xuvenil.

Entre as actividades están obradoiros de personalización, xogos de estratexia, obradoiro tecnolóxico, taller de cociña creativa, obradoiro artístico e a festa de peche. Poderán inscribirse na OMIX ata o 20 de decembro porque hai prazas limitadas e para máis información contactar co 982 571 816.

**NATACIÓN.** A Escola de Natación de Xove abre a inscrición para os cursos de Natación para o ano 2025. Logo de pechar a inscrición dos alumnos censados en Xove, chega a quenda para o alumnado de fóra de Xove, os días 16 e 17 de decembro, de 9.30 a 13.30 horas na aula municipal de formación tamén.



# DEPUTACIÓN

## O Pleno aproba uns orzamentos que ascenden a 130 millóns

A Deputación aprobou no Pleno os Orzamentos do 2025 que, con máis de 130 millóns de euros, “reforzarán o proxecto de progreso social e económico”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, na sesión celebrada no Pazo de San Marcos, e na que subliñou que o presuposto sube un 12%, grazas aos fondos do Estado.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, valoraba antes da sesión provincial ante os medios de comunicación que “é un bo día para a provincia de Lugo”. “Un documento que nos permitirá seguir mellorando a provincia neses catro piares que sustentan a acción deste Goberno”, citando á mobilidade, a cooperación cos concellos, as políticas sociais e o apoio aos sectores produtivos.

Incidíu a deputada en que o proxecto está “centrado en achegar os servizos públicos e en promover a actividade económica” e destacou que a Deputación de Lugo é unha Administración que cumpre, cunha execución do gasto que o ano pasado superou o 87%.

López Moreno valorou os orzamentos como “investidores, sociais e claramente expansivos”, porque sobe o capítulo destinado a investimentos reais en practicamente un 16%, ata os 19,14 millóns de euros; as transferencias correntes en preto dun 14%, ata os 17,8 millóns; e os fondos destinados ás políticas sociais volven supoñer preto dun terzo do Orzamento, subindo un 8% máis ata acadar os 41,2 millóns.

A Deputación dedica nos Orzamen-



tos do 2025 preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de atención a maiores que hai en servizo - Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil - e continuar cos proxectos comprometidos noutros 9 concellos da provincia. Co compromiso do Presidente, José Tomé Roca, de abrir neste mandato as residencias de Becerreá, Guitiriz e A Pontenova.

O Servizo de Axuda no Fogar seguirá contando co financiamento da Deputación, que investirá 3,4 millóns para a súa prestación. Ademais a institución provincial manterá o servizo de teleasistencia domiciliaria. Así mesmo, o Goberno provincial inclúe 1,4 millóns a colaborar con diferentes asociacións que traballan contra a pobreza e a exclusión social para reforzar a rede de apoio que estes colectivos ofrecen ás persoas que máis o necesitan.

Polo que respecta ás políticas de emprego contarán con 4 millóns para favorecer a contratación e mellorar a empregabilidade a través da formación; educación, con preto de 3

millóns, tanto para o Centro de Formación Audiovisual da Deputación –o único público desta rama na provincia-, como para o apoio da Universidade pública os recursos para as políticas vinculadas coa igualdade; Deportes; Cultura e Artesanía e Deseño.

**ESTRADAS.** A mellora da mobilidade “é outro dos grandes piares dos Orzamentos”, explicou e por iso, detallou, a Deputación destinará ás estradas máis do 21% do total dos seus fondos, incrementando por riba dos 27 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móvil, en estradas provinciais e municipais. Un incremento que supón un 42% máis respecto ao 2024, cando a institución provincial destinou a estradas 19,4 millóns.

Carmela López explicou que no 2019 as partidas da Deputación sumaban algo máis de 14 millóns, polo que en seis anos case se duplicaron os fondos. O Goberno da Deputación sube o Plan Deputación de cooperación cos Concellos ata os 22 millóns.

## A Deputación aproba o primeiro paquete obras do Plan de Estradas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un conxunto de investimentos por un total de 2,25 millóns euros para realizar novas obras e actuacións que beneficiarán directamente aos veciños e veciñas da provincia. Así o anunciou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que recalcou que son “proxectos que mellorarán a rede de estradas provinciais, así como os servizos, as infraestruturas e diversas dotacións de oito concellos da provincia”.

Rivera Capón fixo referencia a que “un dos nosos obxectivos prioritarios como Goberno Provincial é a mellora da mobilidade do conxunto da provincia. Por iso, na sesión desta mañá aprobamos licitar por un importe de algo máis de 1,8 millóns de euros as obras de acondicionamento de 7 estradas provinciais ao seu paso polas comarcas da Terra Chá, Lugo, A Mariña e a Montaña”.

Na comarca da Mariña acondicionarase en Trabada a LU-P-6101, a estrada que une Trabada ata a Ría por Sante con case 150.000 euros. O tramo que se vai arranxar vai do punto 1,3 ata o 3,5 e os traballos consistirán na pavimentación e no repintado da sinalización e o balizamento.

O prazo de execución de todos estes traballos é de 2 meses des-

de que se inician as obras.

Na comarca da Terra Chá, aprobáronse os proxectos de mellora de catro estradas. Na LU-P-2301, que une Guitiriz con Vilares, a institución provincial destina case 247.000 euros para acondicionar o tramo que vai dende o punto quilométrico 6,7 ata o 9,2.

Con preto de 206.000 euros arranxaranse outras dúas vías. Por unha banda, en Xermade acondicionarase un treito da LU-P-2206, a vía que une Roupar ata Vilapedre por Lousada. En concreto é o tramo que vai desde o punto quilométrico 1,8 ata o 5,5; e por outra banda, en Vilalba renovarase a LU-P-6509, a estrada limítrofe que vai de Carrizo ata Lousada. O proxecto inclúe a reposición das marcas viais desde o principio da vía e ata o punto 9. Por último nesta comarca, a Deputación destina máis de 422.140 euros para acondicionar dous tramos do cinto comarcal, a LU-P-1611, ao seu paso polo concello de Begonte. Mellorarase o treito que vai do punto 71,7 ao 73,1; e do 78,6 ata o 81,8.

As obras que se van realizar nestes tres proxectos consisten na reapertura de cunetas, a repavimentación do firme e a reposición da sinalización.

Na comarca de Lugo, realizaranse actuacións no Corgo e Castroverde e na Montaña a actuación máis relevante será nas Nogais.

## Aproban o orzamento do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou un Orzamento de preto de 7,6 millóns de euros para o ano 2025, que se incrementa así un máis dun 30% con respecto ao 2024. A Deputación achega o 50% deste presuposto.

Estes orzamentos garanten o funcionamento dos seis parques do Consorcio –Monforte de Lemos, Chantada, Sarria, Barreiros, Vilalba

e Viveiro-, que contan con 20 efectivos cada un.

Dos 7.599.948,12 euros que contempla o orzamento do 2025, un total de 4,8 millóns están destinados a facer fronte aos salarios dos traballadores e traballadoras, máis 1,1 millón a gastos correntes, preto de 1,6 millóns ao fondo de continxencia e outros imprevistos, e 9.000 euros a investimentos.

Polo que respecta aos ingresos, proveñen das achegas da Deputación e da Xunta de Galicia a partes iguais e de Unespa (Asociación Empresarial del Seguro).

## Aumenta o investimento no programa Lugo Termal un 30 %

O ente provincial lugués vén de aprobar as bases e a convocatoria dunha nova edición do programa Lugo Termal para a temporada 2024-2025, que experimenta un significativo incremento no investimento e nas prazas. Así o anunciou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, na rolda de prensa posterior á Xunta de Goberno, na que informou que esta temporada, “o investimento total do programa aumenta nun 30 %, pasando de 91.000 a 121.605 euros, polo que, nos permite ofrecer ata 1.750 prazas, o que supón un aumento de 410

prazas en comparación coa edición anterior”.

Pablo Rivera destacou que o aumento das prazas reflicte o compromiso da Deputación “para mellorar o benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas”.

O programa Lugo Termal ofrece aos veciños e veciñas da provincia descontos en tratamentos termais nos balnearios de Lugo, Pambre, Guitiriz e Pantón. Está dirixido a persoas empadroadas na provincia que teñan 50 anos ou máis. Os beneficiarios poderán acudir a estes establecementos cun acompañante que non

teña necesariamente esta idade.

As prazas están dispoñibles en dúas modalidades: con estancia e sen estancia, adaptándose así ás necesidades de todos. Concretamente, o programa contará con 1.100 prazas con estancia: 40 no Balneario Termas de Lugo, 60 no Balneario Río Pambre, 500 no Balneario de Guitiriz e 500 no Hotel Balneario Augas Santas. Ademais a Deputación ofrecerá outras 650 prazas sen estancia: 200 no Balneario lucense das Termas, 150 no Balneario Río Pambre, 150 no Balneario de Guitiriz e 150 no Hotel Balneario Augas Santas.



## MAR



## Mellora a seguridade da nave de redes de Burela da frota pesqueira

A Xunta de Galicia mellora a seguridade e as condicións de traballo na nave de redes de Burela, que é de uso exclusivo da frota pesqueira artesanal. Trátase dun proxecto ao que a Consellería do Mar destinou máis de 600.000 euros, no marco das axudas do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEM-PA), que están dirixidas á modernización e mellora de equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos fondeadoiros.

Esta actuación permite, por unha banda, dar solución á problemática que se ocasionaba cada vez que se presenta un temporal, co conseguinte risco de afectación da cuberta e, pola outra, reducir os custos tanto de recambios e de mantemento dos aparellos e provisións desta modalidade pesqueira, como da conservación da propia infraestrutura.

Estas instalacións, situadas na área portuaria, constitúen un lugar funcional e necesario para a actividade pesqueira, onde poder realizar os labores vinculados coa pesca con redes nunha zona cuberta que, xun-

to co apoio dun ponte-grúa, agora quedan protexidas das inclemencias meteorolóxicas e en condicións óptimas de seguridade e de saúde para os traballadores.

Neste senso, ponse fin á situación de deterioro da envolvente que supoñía un perigo derivado do deterioro da fachada, de tal xeito que a nave non resultaba segura como lugar de traballo, debido ao risco de desprendemento da mesma. Por tanto, tal e como explicou Alfonso Villares, con esta actuación, ademais da seguridade e de prolongar a vida útil da nave, tamén se cumpren os parámetros de protección medioambiental.

A nave ocupa unha superficie de máis de 3.000 metros cadrados e está situada ao carón da explanada norte do porto. Dispón de accesos rodados en todas as súas fachadas, ten trazado rectangular e é totalmente diáfana. Malia que consta dunha soa planta, fronte ao acceso principal dispón dunha parte máis alta acristalada con vistas ao peirao. Complementábase coa zona de control e servizo e, no exterior, coa parte de aparcadoiro e de carga e descarga.

## Os socialistas de Foz reclaman á Xunta a explanada portuaria

A viceportavoz do Grupo Socialista, Lara Méndez, reclamoulle á Xunta que desbloquee a desafección dos terreos do Porto de Foz que xa non teñen uso portuario. A responsable socialista mantivo un encontro co alcalde da localidade, Fran Cajoto, a quen lle presentou a iniciativa que presentará na Comisión de Pesca.

A responsable socialista explicou que Portos de Galicia está a recibir cada ano ata 120.000 euros de taxas que ten que pagar o concello por un terreo que xa non ten uso relacionado con eles pero que si que necesitan para a depuradora, a nave do Clube Kayak, as instalacións de obras ou o parque de seguridade viaria. Esta explanada é na que cada ano teñen lugar as festas patronais, a Festa Normanda, o Entroido ou o mercado semanal. Ningunha destas actividades teñen relación con Portos, que sen embargo mantén a titularidade duns terreos polos que cobran cando nin sequera asumen o custe do seu mantemento, que ten que pagar tamén o concello.

Méndez lembra que o goberno galego asinou un acordo coa Fegamp



en setembro de 2021 para resolver a situación, que pasaría pola desafección dos terreos, que volverían á titularidade do Estado, o seu propietario orixinal, para que este puidera cedelos a continuación ás administracións locais. Portos de Galicia marcou o 15 de outubro de 2021 como data límite para que os concellos presentaran as solicitudes, e o Concello de Foz fixo os trámites que lle pediron.

Porén, máis de dous anos e medio despois Portos de Galicia continúa sen facer a súa parte, polo que os socialistas galegos reclámanlle que cumpran co acordo, revertan os te-

rreos e ademais lle entreguen ao Concello o importe das taxas portuarias que tivo que pagar a partir daquel 15 de outubro.

O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, respondeu a unha pregunta parlamentaria na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo en relación á previsión de reversións de terreos que non rexistran actividade portuaria ao Estado para a posible transferencia posterior aos Concellos. Ao respecto, asegurou que a Xunta de Galicia incluírá terreos do porto de Foz que se declaren innecesarios na primeira fase da tramitación destas reversións.



## Barreiros reforza o servizo de salvamento na costa

O Concello de Barreiros recibiu a moto de auga e equipamento que adquiriu para complementar os servizos de salvamento e socorrismo, así como apoio á actividade da Agrupación de Persoas Voluntarias de Protección Civil.

A alcaldesa, Ana Ermida, amosouse satisfeita de "ter conseguido este equipamento que dá unha maior efectividade e axilidade aos servizos de salvamento e protección civil que se prestan desde o Concello e nos que levamos anos procurando mellorar os medios dos que dispoñen." Ana Ermida sinalou que no próximo verán, ademais da moto, agardan

poder ter dispoñibles dúas zodiacs para as labores de vixilancia e salvamento da costa barreirense.

A rexedora lembrou a importancia de contar con medios modernos e adecuados para os servizos de emerxencias e nese sentido puxo en valor que xa "é unha realidade a dotación da moto de auga, despois de anos de xestión e busca de financiación para poder contar con ela." Ermida agradeceu o traballo realizado tanto polo persoal de salvamento e socorrismo como pola agrupación de Protección Civil que "fan que Barreiros camiñe cada día con máis firmeza nas actuacións de emerxencias".

## Alfonso Villares destaca o papel que xogan os GALP

O Galp A Mariña-Ortegal celebrou o cuarto dos seis parladoiros programados para este ano no marco da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) baixo o título *Entremaresdecultura* co obxectivo de poñer en valor o patrimonio cultural marítimo como elemento de dinamización desta zona costeira de Galicia. Ao evento, que tivo lugar na Casa do Concello de Xove, acudiu o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, que destacou o papel que xogan os Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro na promoción de proxectos a prol da posta en valor do patrimonio cultural marítimo.

Resaltou o vínculo social e económico de Galicia coas actividades pesqueiras cunha indeleble pegada no territorio deixando unha enorme riqueza patrimonial que abre moitas oportunidades como ferramentas na diversificación das economías dos municipios de costa. Nesta liña, valorou moi positivamente a celebración deste tipo de xornadas que serven de escaparate para coñecer o que se está a facer noutros puntos da xeografía galega.

### FORMACIÓN



Un grupo de 30 alumnos da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol visitaron o Porto de Burela dentro dos convenios de colaboración da EONP de Ferrol coa OPP Burela e ABSA, polo que se facilitan prácticas destes alumnos nas frotas destas organizacións.





## “A pesca non é só unha profesión, senón unha forma de vida”

**A Confraría de Pescadores de Celeiro conta con 100 anos en pé e Máximo Díaz, o seu secretario, repasa as claves desta traxectoria**

Por Amanda Fernández

Dise rápido pero 100 anos son moitos anos e moito vivido. Pois son os que ten a Confraría de Pescadores de Celeiro. Cal é a receita para manter tantos anos a unión nun oficio tradicional? Falamos con Máximo Díaz, secretario da Confraría que vén de celebrar un acto de conmemoración polo seu centenario. Nesta entrevista faremos un percorrido pola súa historia.

**Cal foi o xerme de fundación da Confraría de Pescadores de Celeiro?**

A Confraría de Pescadores de Celeiro fundouse en 1933. Este feito foi un paso crucial para a comunidade pesqueira local, que buscaba organizarse e defender os seus intereses de forma máis efectiva. A creación da Confraría respondeu á necesidade de estruturarse institucionalmente nunha época na que o sector pesqueiro afrontaba numerosos desafíos. Desde o seu inicio, a Confraría ten traballado arreo para mellorar as condicións de traballo dos pescadores, promover prácticas sostibles e asegurar a viabilidade económica da pesca en Celeiro. A súa labor inclúe

non só a xestión das pesqueiras, senón tamén a protección dos dereitos dos pescadores, a formación continua dos seus membros e a promoción da calidade e autenticidade dos produtos pesqueiros locais. Ao longo dos seus case cen anos de existencia, a Confraría ten desempeñado un papel fundamental na cohesión social da comunidade, mantendo vivas as tradicións e valores que definen a identidade de Celeiro.

**Como influíu a Confraría no desenvolvemento da vila?**

A Confraría de Pescadores de Celeiro ten desempeñado un papel fundamental no desenvolvemento económico, social e cultural da vila. A súa influencia pode verse en varias áreas. Na económica, a pesca sempre foi unha das principais fontes de ingresos para Celeiro. A Confraría asegurou que as prácticas pesqueiras foron sostibles, garantindo así a continuidade dos recursos mariños e o emprego para as futuras xeracións. Na área social, a Confraría fomenta a cohesión social ao organizar eventos comunitarios, cursos de formación e actividades que fortalecen os lazos

entre os membros da comunidade; e na cultural, preservación das tradicións pesqueiras, transmisión de coñecementos ancestrais e promoción da cultura marítima son aspectos clave no impacto cultural da Confraría.

**Como se mantivo a conexión entre xeracións de pescadores ao longo deste século de existencia?**

A conexión entre xeracións de pescadores mantívose viva grazas a unha transmisión xeracional continua de coñecementos e experiencias. Este traspaso de sabedoría interxeracional é fundamental para a preservación das técnicas tradicionais e a innovación no sector. Elementos que axudaron a manter esta conexión inclúen: a formación, programas de aprendizaxe onde os pescadores máis experimentados ensinan aos novos; familias, a pesca é unha tradición familiar en moitos casos, o que facilita a transmisión de coñecementos e valores; e eventos comunitarios, a organización de encontros, e xornadas técnicas permite o intercambio de experiencias entre distintas xeracións.

**Cales son os retos principais aos que se enfrontan na actualidade no sector?**

O sector pesqueiro español en xeral, e o noso en particular afrontan varios retos clave, debido tanto a factores económicos como ambientais e normativos. Algúns dos principais desafíos inclúen: sobreexplotación dos recursos mariños, moitas especies están sobreexplotadas debido á pesca intensiva, o que reduce a súa dispoñibilidade a longo prazo. É fundamental lograr unha xestión sostible das pesqueiras para evitar o esgotamento dos recursos; cambio climática, xa que o quecemento global afecta os ecosistemas mariños, alterando as condicións do océano e influíndo nas migracións das especies, o que pode reducir a produtividade pesqueira e cambiar as áreas de pesca tradicionais; restricións normativas e políticas europeas, xa que a Política Pesqueira Común (PPC) establece límites e cotas de captura, ás veces restritivas para a flota española. A adaptación a estas normas e a busca de flexibilidade nas cotas son aspectos importantes para o sector; competencia a presos no mercado global e escaseza de man de obra. Un dos maiores retos aos que se enfronta a Confraría é garantir o relevo xeracional. A xuventude ás veces opta por carreiras fóra do sector pesqueiro, polo que é crucial: fomentar a formación e a educación en áreas relacionadas coa pesca; mellorar as condicións laborais para facer a profesión máis atractiva; e promover a pesca sostible como un valor engadido que atraía ás novas xeracións.

**Como veñen as novas xeracións, hai futuro para a Confraría? Como ven o futuro da pesca en Celeiro?**

A Confraría de Pescadores de Celeiro defende valores como a solidariedade, a cooperación, a sostibilidade e o compromiso coa calidade e a tradición. Estes principios aseguran que os pescadores traballen unidos para o ben común, respectando o medio ambiente e mantendo as técnicas de pesca tradicionais que definen a súa identidade cultural. As novas xeracións de pescadores deben chegar cunha mestura de entusiasmo e retos, o peor que pode pasar e acomodarse. Moitos mozos están inte-

resados en preservar as tradicións mentres integran novas tecnoloxías e prácticas máis sostibles. Para asegurar o futuro da Confraría, é crucial fomentar a participación dos mozos a través de programas de formación, melloras nas condicións laborais e sensibilización sobre a importancia da pesca na economía e cultura local. Non podemos durmirmos nos laureis, hai que traballar de arreo en pro do sector e hai moito que facer. A Confraría ve o futuro da pesca en Celeiro con prudencia. A innovación, a diversificación das capturas e a adaptación ás novas normativas europeas son aspectos clave para manter a competitividade e a viabilidade económica. O futuro depende de seguir mantendo viva esta conexión entre xeracións e adaptándose aos novos retos que presenta o sector. Se durou cen anos pode seguir outros tantos, por que non? Hai que ser optimistas.

**Xa 100 anos, que mensaxe vos gustaría transmitir ás futuras xeracións de pescadores e membros da Confraría?**

Ao nos achegar ao noso centenario, queremos transmitir unha mensaxe de esperanza, compromiso e orgullo. Durante case cen anos, a Confraría de Pescadores de Celeiro ten sido un pilar fundamental na preservación das nosas tradicións, a defensa dos nosos dereitos e a promoción da sostibilidade no sector pesqueiro. A pesca non é só unha profesión, senón unha forma de vida que nos conecta profundamente co mar e coa nosa comunidade. Os valores de solidariedade, cooperación e respecto polo medio ambiente que sempre nos guiaron deben seguir sendo a base sobre a cal construíamos o futuro. O noso mar é unha fonte de vida e sustento, polo que debemos continuar traballando para protexelo. A sostibilidade é clave para garantir que as xeracións futuras poidan seguir disfrutando dos seus recursos. As técnicas e tecnoloxías evolucionan, e con elas debemos evolucionar nós tamén. É vital que as novas xeracións abracen a innovación sen esquecer as raíces e as ensinanzas dos nosos antepasados. Así, aseguremos que a Confraría de Pescadores de Celeiro siga sendo un pilar esencial na vida da nosa comunidade.

## Celebrouse unha xornada para persoal técnico de confrarías sobre o percebe

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, visitou a xornada celebrada na sede da Federación Galega de Confrarías de Pescadores no marco do proxecto Ecosistémica24 que botou a andar recentemente e que está dirixido a persoal técnico das confrarías localizadas desde Fisterra ata a Mariña lucense con plans de xestión de percebe. Alí situou como mode-

lo esta iniciativa que está a levarse a cabo polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, coa colaboración da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e financiada por Redemar, a rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos galegos creada pola Xunta no 2022. O responsable autonómico, acom-

pañado pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde, resaltou o apoio do Goberno galego ao desenvolvemento de traballos científicos e de investigación que resultan fundamentais para o futuro da actividade pesqueira e marisqueira. Nesta sentido, resaltou que unha das principais liñas de actuación deste proxecto aborda



a transferencia de metodoloxías e ferramentas ao persoal técnico das confrarías e da administración, un

aspecto esencial para que o coñecemento adquirido teña impacto real no sector.



# DEPORTES

## Clubs deportivos únense por unha causa solidaria

Dous clubs deportivos da Mariña lucense, o Iberia CF e Celtas de Foz, e tres clubs deportivos ourensáns, o BXT Celanova, CB Allariz e A.B Xinzo, realizarán unha recollida solidaria de libros para as nenas e os nenos afectados pola DINA en Paiporta. O norte e o sur de Galicia traballarán unidos por esta causa. O que precisan para as crianzas de 1 a 6 anos son libros infantís, tamén libros xuvenís así como xogos educativos, plastilina e quebracabezas. Iso foi o que lles demandou a concelleira de Educación e Deporte de Paiporta, Susana Moreno, coa que se puxeron en contacto hai uns días. Dos puntos de recollida informarán proximamente. O material será enviado a ese Concello valenciano a finais do mes de Nadal co obxectivo de axudar á recomposición das aulas afectadas. “Trátase dun proxecto cultural, solidario e deportivo, que une a clubs ourensáns e mariñaos”, explican os organizadores.

## O Ribadeo FC realiza o seu I Campus de Nadal

Do 23 de decembro ao 4 de xaneiro terá lugar o I Campus de Nadal do Ribadeo FC. Está destinado a nenas e nenos de 6 a 16 anos.

O campus será impartido por adestradores e xogadores do Ribadeo FC e da SD Ribadeo no campo de fútbol O Outeiro, na Devesa, en horario de 10.00 a 14.00 horas os días 23, 26, 27, 28 e 30 de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro. Para máis información e inscricións as persoas interesadas poden dirixirse ao seguinte número de teléfono: 637 870 316 ou ao correo electrónico.

Na presentación Dani Moirón, coordinador deportivo do Ribadeo FC explicou que “o Ribadeo FC celebra o seu primeiro campus de Nadal coa idea de promover valores deportivos e humanos, hábitos saudables e positivos, axudar á conciliación

familiar e expandir o sentimento ribadense”. E subliñou que “nenos e nenas poderán gozar durante oito días da mellor formación a nivel futbolístico. O horario será de 10 a 14 horas no campo de O Outeiro, na Devesa. Está limitado a 80 prazas e será impartido por adestradores e xogadores do Ribadeo FC e da SD Ribadeo. Ademais dos adestramentos haberá actividades complementarias que enriquecerán notablemente este campus. Esperamos a todos os nenos e nenas aos que lles guste este deporte para pasar un Nadal futbolístico”.

Colaboran no I Campus de Nadal do Ribadeo FC a Xunta de Galicia, a Área de Deportes da Deputación, o Concello de Ribadeo, Deporte Galego, Real Federación Galega de Fútbol, Feiraco e BeOne.

## As EEDD de Lourenzá asumirán o adestramento das crianzas en Barreiros

O Concello de Barreiros e Concello de Lourenzá chegaron a un acordo para potenciar e mellorar a formación das crianzas que queiran practicar atletismo.

Mediante este acordo, o corpo técnico das EEDD de Lourenzá asumirá os adestramentos da modalidade de atletismo para as nenas e nenos de Barreiros, que contarán cun adestramento neste municipio, outro no de Lourenzá e un terceiro para o uso das pistas de atletismo de Cervo.

A alcaldesa barreirense, Ana Ermida, manifestou: “Valoramos positivamente para este acordo o traballo e a metodoloxía que levan feito durante todos estes anos nas Escolas de Lourenzá, que nos servirá para seguir apostando pola base sen perder a nosa identidade como Escolas deportivas de Barreiros”. E amosou-



se convencida da necesidade de aproveitar sinerxías entre Concellos para dar máis e mellores servizos á veciñanza”.

As inscricións están abertas e realízanse nas oficinas do Concello de Barreiros sendo o comezo da actividade o luns da vindeira semana.

## As atletas do Ría de Foz, na elite nacional e internacional de cross

### Rosalía Rodríguez Gigirey Villar explica o paso polo campionato de Sevilla

Por **Amanda Fernández**

Parque arqueolóxico de Itálica, Sevilla, Campionato de España de cross por equipos absoluto feminino, un cross internacional, e un equipo mariñán. As atletas do Club de Atletismo Ría de Foz viaxaron ata aló co fin de acadar o mellor posto. Son Rosalía Rodríguez Gigirey Villar, Ana Santiso, Romina Reimondo, Carla Trillo e Sara Reimondo. “Ao ser campioas galegas conseguimos clasificarnos para este Campionato de España”, explica a atleta e presidenta do Club, Rosalía Rodríguez Gigirey Villar. As atletas de Foz disputaron en xaneiro en Ribadavia o Campionato galego de campo a través por equipos e individual. “Iamos empatadas no absoluto feminino co Ourense atletismo, pero gañámoslles a posición da última praza”, confesa. Tanto as primeiras clasificadas como as segundas conseguían o pase automático ao Campionato de España. Finalmente, o Ourense atletismo non puido participar e no seu lugar foi o Compostela.

**POSICIÓN NA TÁBOA.** Viaxaron a Itálica e coincidiron cun cross internacional, polo que competiron a ni-

vel individual neste e por equipos no propio Campionato de España. “Era nunha mesma carreira, só tiñamos que correr unha vez”, sinala Rosalía. Como equipo, as atletas do Ría de Foz, tiñan o obxectivo de conseguir meterse na clasificación do Campionato de España porque tiña unha particularidade: “Nesa competición ao ser un cross internacional si te dobran, obrígante a retirarte e como mínimo tiñamos que chegar catro á meta para poder puntuar”.

Así, tiñan que, por un lado, evitar que non as “dobrada ningunha para poder puntuar o equipo” e, por outro, que o equipo quedase na mellor posición posible. Finalmente, conseguiron entrar na clasificación do Campionato de España e quedaron no posto 22 dos 30 equipos nacionais que había en total.

“Foi en campo a través, era un circuíto de dous quilómetros e medio, tiñamos que dar tres voltas e foron sete quilómetros e medio máis ou menos. Tiñamos que correr o que puidésemos”, confesa Rosalía. Recoñece que a propia clasificación para o Campionato de España xa era “unha ilusión par ao club” e que ano tras ano van medrando. “Somos un

equipo relativamente pequeno e clasificarnos para un Campionato de España absoluto en categoría feminino xa era en si un éxito”, recoñece. O feito de chegar a disputalo era a expectativa e fíxose realidade polo que Rosalía e as súas compañeiras querían gozar da oportunidade de “correr coa elite nacional e incluso internacional”. Así o lembra: “Foi o poder desfrutar dunha carreira como os de elite por dicilo dalgunha forma”.

A mellor clasificada do Club Atletismo Ría de Foz foi Sara Reimondo, novena no Campionato. “O resto de integrantes quedamos do posto 100 en diante, pero quedome coa experiencia vivida xuntas. Ao final cada unha traballa nos seus sitios e tampouco é que nos vexamos moito durante todo o ano. Cada unha adestra o que pode dentro do que lle permite o traballo e non todas estamos nin en Foz. Sara, por exemplo, vive en Madrid e eu en Ponferrada”, comenta Rosalía. Por este motivo é moi difícil que se vexan e o feito de estar unha fin de semana enteira xuntas, “estivo moi ben”, recoñece.

**UNIÓN.** Este campionato en Itálica permitiulles gozar xuntas do atle-



tismo, unha paixón que comparten así como correr “coas mellores de España”. Para ningunha destas atletas, este deporte é a súa profesión, senón unha afección. “Gústanos moito, pero non nos dedicamos profesionalmente a isto”, fai referencia Rosalía.

O próximo reto das atletas do Río de Foz serán en xaneiro deste 2025 para consolidar o título de campioas galegas que lles outorgue o pase para o Campionato de España. “Queremos tentar ser de novo campioas galegas de campo a través por equipos e eu, a nivel individual, quixera participar no Campionato galego de pista cuberta en febreiro”, manifesta.

Un sueño máis por acadar nun deporte que Rosalía comezou a practicar xa dende pequena en Foz: “Para min poder ter un club de atletismo en

Foz como o noso foi todo un soño porque naquel momento só podías correr cos colexios concertados”. Así, destaca o feito de que nenos e nenas tiveran a oportunidade de probar a facer atletismo no club e coñecer máis das distintas disciplinas. “Moitos pensan que é só correr e descoñecen completamente en que consiste”, expresa.

Ademais de desfrutar dos beneficios do atletismo tamén atopan no club unha oportunidade para coñecer a crianzas de distintos colexios e procedencias: “Así poden crear amigos fóra da zona escolar. De feito, agora organizamos o Run Foz Run Nadal para o día 22 de decembro no campo da Cabana. Haberá diversas actividades e para todas as idades. Serán uns cinco quilómetros e tamén hai andaina. Se alguén se anima ten tempo para anotarse”.



# Xove pon A Mariña no mapa para os amantes do billar

Acolleu por primeira vez o Ranking Galego Absoluto

Por Amanda Fernández

“Tivemos a oportunidade de acoller o Ranking Galego Absoluto no Club de Billar de Xove”, expón Luis Dayán, presidente da entidade. É a primeira vez que a categoría absoluta da Federación Galega de Billar desta disciplina se disputa na Mariña.

Normalmente, conta o presidente, celébranse en Lugo, no Club de Billar Adai; en Santiago, no Club de Billar de Teo ou en Vigo, no Club Billar Manhattan. E este ano sumáronse a Academia Poolroom en Lugo, o Club de billar Rías Baixas, en Dena, e o Club de Billar de Xove. Para que isto sexa unha realidade nesta vila da Mariña tiveron que cumprir cuns requisitos: “Hai que ter un mínimo de mesas, de determinada marca, determinado xogo de bólas, tapete para as mesas e máis poder retransmitir as partidas en directo con cámaras nas mesas, en *streaming* e un software especial para a competición”.

Este club vén de acoller unha xornada máis da clasificación a nivel autonómica do Ranking Galego Absoluto e contaron con xogadores e xogadoras de Lugo e da Coruña. Non é a

primeira cita a gran nivel que acollen, xa que este ano tamén fixeron unha proba do Circuito Galego Feminino en setembro.

“Que se celebre aquí para nós está moi ben porque sempre nos tivemos que desprazar para ir a calquera competición autonómica”, destaca. O club formouse “fai pouco” grazas a que o Concello de Xove lles cedese as instalacións de Palmeiro. Agora conseguiron facer de Xove, unha referencia no billar autonómico: “Fomos en novembro de 2022 para Palmeiro e só tiñamos dúas mesas e xa a partir de maio do 2023 contamos con oito mesas”.

**TRABALLO DIARIO.** A actividade diaria do club basease normalmente en adestramentos e tamén na competición da Asociación Galega de Pool (AGP), que tamén conta con ranking de segunda, terceira e cuarta categoría e competición de equipo. Tamén teñen previsto no calendario acoller unha proba do Ranking Galego Junior para febreiro. “Queremos facelo ben nestas probas marcadas no calendario e temos pensado organizar un torneo grande para o próximo

ano”, sinala Luis Dayán.

“É unha oportunidade de ver xogadores bos, de máximo nivel, sen ter que desprazarme 100 quilómetros para poder velos. Un móvese, xa fun ata Adai para ver o campionato de España feminino, pero se veñen aquí é xenial para a Mariña”, confesa Óscar Fernández, xogador de billar do Club de Billar de Xove sobre este acontecemento.

Óscar comezou a xogar ao billar con 16 anos, pero non foi ata os 20 cando se iniciou na competición coa Asociación Galega de Pool. “Cheguei a ser xogador de primeira na AGP cando xogaba en Lugo cidade, pero por diversas circunstancias, marchei para a Mariña. Daquela os billares só estaban nos bares e non había a mesma competición nesta zona ca en Lugo”, sinala.

O billar, tal e como describe, é un xogo no que fai falta precisión, técnica, estratexia, similar ao xadrez, pero no que tes que moverte máis. Non se fan movementos fortes fisicamente, pero si hai un movemento continuo. “Como disciplina, todo o que ten o billar é bo, ten posturas que se repiten, exercitas as costas,



a concentración é importante e vas aprendendo a técnica e mellorando os tiros”, destaca. Así, fai referencia a que tamén lle aporta bos amigos ao ser un xogo que fomenta o compañeirismo e o respecto.

**O FUTURO.** “Houbo un tempo no que tiña un equipo cos meus amigos, estivemos varias tempadas xogando e todas as semanas se había que desprazar a Lugo, 100 quilómetros son os que me separan. Non había tempo”, conta Óscar. Considera que hai tres anos que comezou o auxe do billar coa creación de clubs.

“O primer club de billar ao que fun estaba en Teo, quedaba lonxe e probei en As Pontes, pero tampouco o tiña tan próximo. Foi logo cando me faloron de que en Xove había un club de billar, era novo e foi difícil de atopar. Logo de tres intentos conseguín atopalo e, unha vez entrei, vin algo xenial, un

club ben organizado, coas mesas limpas, libre de fumes, de todo o que era estar nun bar”, relata. Foi entón cando pasou a formar parte do Club de Billar de Xove iniciándose na terceira da AGP: “Estou mellorando e aprendendo grazas aos compañeiros e o bo ambiente de billar. Vou cada vez que podo e teño un momento porque o meu obxectivo é ascender a segunda”.

Os tempos cambiaron, considera Óscar, xa que o billar estaba nos bares e agora estanse creando clubs, espazos amplos onde hai mesas e practicas. Hai presente e futuro, comenta, xa que o Club de Xove ten clase para nenos e nenas para aprender a xogar. “O futuro do billar é descoñecido porque require tempo, pero son moitos os beneficios. Ademais do mencionado, fomenta a igualdade, homes e mulleres xogan e será mellor quen dedique máis tempo, esforzo e constancia”, conclúe.

## Milio gaña o Aberto de billarda do Minho

Por Daniel Rodríguez Saavedra

O día ventoso non amedrentou os bravos palanadores que deron o mellor de si en cada golpe da billarda esta fin de semana no Aberto do Minho no campo de Nadela. E mentres todos agardábamos o desenlace do “grupo da morte”, noutros campos decidíanse os gañadores da xornada. Así Milio con 23 puntos foi o gañador e Félix, con 22, segundo.

O terceiro posto saíu dun desempate entre Albino, Chousa e Sachas. O mellor foi Chousa. En donas dominio de Castiñeiro con Vanesa e Cris por diante de Alba. Diego e Mateu compartiron o primeiro chanzo dos infantís e Antía e Mateo tamén compartiron o segundo posto.

En canto a equipos, estréanse no podio os Carabullo por diante de Billardeiros Musicais e Troitas Bravas.



## Atletismo Ribadeo suma unha prata e un bronce en Media Maratón

O Club Atletismo Ribadeo acada unha prata e un bronce no XXXII Campionato Xunta de Galicia de Media Maratón 2024, disputado en Vilagarcía de Arousa. O club desprazou ata aló a un equipo de cinco atletas para participar na competición, na que estaban inscritos, segundo trasladan, 368 atletas. Máis aló das dificultades físicas e mentais, o forte vento durante a xornada foi moi protagonista.

Así, Pablo Fernández Díaz proclamouse subcampión galego sub-

23 M, de media maratón, conseguindo a prata cun tempo de 01:29:45. Kevin López Orosa firmou un bronce na categoría sub-20 M, cun tempo de 01:31:14.

O equipo estivo completado polas “boas actuacións”, segundo indica, o club de Marcos Gómez Pérez, cun tempo de 01:30:12, acadando o posto 13º M35M; de Yago Freije Mariño, con 01:33:57, no posto 27º SNM; e de Emilio Ramón Fernández Rodríguez, con 01:51:44, no posto 6º M60M.

## Ribadeo terá dúas citas na San Silvestre

O 30 de decembro ás 12.00 horas terá lugar en Ribadeo a II Marcha Interxeracional San Silvestre Máis metros máis posibilidades, que organizan o Centro de Día A Concordia e o Concello. O percorrido desenvolverase entre a rúa Dionisio Gamallo Fierros e a Praza de España. Son 150 metros. Esta actividade está pensada para persoas de todas as idades. O prazo de inscrición para participar nesta marcha está aberto ata o 16 de decembro. Pode facer no Centro de Día A Concordia de xeito presencial ou chamando aos teléfonos 982 120 407 ou 638 295 573.

**ABSOLUTA.** Ata o 26 de decembro estará aberta a inscrición para participar na XXXIV San Silvestre de Ribadeo, que terá lugar en Ribadeo o último día do ano. As persoas que queiran participar poden anotarse ata o 26 de decembro. A saída da mini San Silvestre, para nenas e nenos menores de 4 anos, terá lugar ás 4.40 horas. Seguirán a continuación en grupos de idade ata a absoluta, cun percorrido de 5.000 metros, ás 17.00 horas. Haberá premios en metálico e trofeos para os 3 primeiros clasificados absolutos feminino e masculino e para os 3 primeiros ribadenses homes e mulleres.

### SD CANDELARIA




O Concello de Cervo está a proceder estes últimos días do ano ás sinaturas das diferentes axudas nominativas que están dirixidas ás diferentes entidades deportivas, sociais e culturais do municipio. A última foi coa SD Candelaria, que milita na Segunda Futgal Norte, que supón unha axuda de 14.400 euros, incrementándose en 6400 euros, con respecto ao ano anterior.



# COLABORACIÓNS

## Que papel xogan os docentes tras unha catástrofe natural?

### O PUPITRE



Julio Díaz

**C**omezar dando ánimo a toda a poboación valenciana e aos nosos compañeiros docentes da Comunidade Valenciana ante unha catástrofe tan tremendamente demoledora que nos pon en alerta ante a necesidade que a humanidade vai ter que adaptarse a un mundo un tanto hostil. Despois de traxedias deste tipo sempre ven o momento da reconstrución, o momento de volta á normalidade. Para os rapaces, non sempre é doado recuperarse destas situacións extremas que converten a súa vida cotiá nunha auténtica "montaña rusa" de vivencias, sensacións e sentimentos de todo tipo.

Este tipo de escenarios catastróficos enfróntanos a unha crise que debe involucrar a toda a comunidade e, fronte á cal, é importante que todos colaborem para res-

tablecer a normalidade o antes posible.

Cando pensamos no impacto dunha catástrofe deste tipo é habitual cingirse ao ámbito material. Casas danadas, estradas, pontes, servizos que se perden... Pero isto é só a punta máis visible do iceberg. Debaixo atópase unha morea de traxedias persoais, de situacións máis ou menos extremas que afectan de maneira directa á saúde mental dos nosos rapaces. De feito, unha catástrofe deste tipo sempre leva parello unha sensación de shock coa que non sempre é doado convivir.

É habitual que despois destes escenarios non sexa factible continuar coas actividades escolares normalmente, polo que é importante xerar situacións e tarefas paralelas que permitan falar, recoñecer e analizar todas estas experiencias e emocións vividas por todos os membros da comunidade educativa.

Os docentes temos un papel crucial nestas situacións, xa que somos modelos de conduta para os

alumnos. Debemos ser capaces de crear un entorno seguro onde os alumnos poidan compartir todas as súas experiencias e o que están a sentir para, dese modo, intentar desfacer paulatinamente esas tensións tóxicas que poidan interferir na súa vida e, polo tanto, na súa aprendizaxe.

Pero, o realmente importante, é como podemos axudar aos nosos alumnos a soportar estas situacións catastróficas. Ante todo, temos que ofrecerlles a oportunidade de poder falar dun xeito claro sobre o acontecido. Permitirlles expresar as súas opinións, vivencias, sentimentos, que poidan falar das súas preocupacións e facer preguntas. É moi importante trasladarlles seguridade, mantendo a calma, sendo moi sincero e sempre desde unha perspectiva positivista.

É normal que os alumnos teñan novas condutas despois dunha catástrofe. Por exemplo, máis enfados, non querer separarse dos seus seres queridos ou que sexan indiferentes fronte a novas situacións. Doutro xeito, tamén



poden sufrir dificultades para conciliar o sono, problemas de atención e concentración, falta de motivación para facer realizar as súas tarefas ou mesmo para participar nas clases e problemas de relación cos seus compañeiros. Dependendo da idade tamén

poden volver a ter condutas que xa superaran como controlar os esfínteres, dificultade da fala... Si estas situacións van en aumento ou se manteñen por moito tempo, é o momento de pedir axuda a persoal especialista. **Ánimo Valencia!**

## Paciencia, a nai da ciencia

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**A** costumados a agardar, malia que din de nós que somos a xeración da impaciencia, coido tamén que somos os fillos dun mundo afeito e máis que acostumado á inoperatividade sistemática. Vemos nos pícaros as ansias da inmediatez, porque é certo que estamos criando nenos que desaprenderon o que é aburrirse. A miúdo falo con docentes que comparten este pensamento, os nenos agora xa non pasan tempo a soas, non teñen tempo para non facer nada, para espertar as súas inquiredanzas e fomentar a imaxinación. Non precisan converter unha caixa de cartón nunha fascinante cabana nin tampouco nós os facemos pasar por iso. Non acoden aos avós para lembrarlles o moito que se están a aburrir, niso si que cambiamos.

O meu curmán J. pasaba días na taberna canda min, porque a aldea era, e é, infinitamente máis divertida cas vilas. Aínda con todo o que alí me aburrín. Non vin películas de Disney porque no seu lugar estabamos obrigados a ver o parte, como para non aburrirse. Acostumabamos a facer trasnadas, porque eramos dous pícaros espelidos e coa mente áxil, e o castigo da miña nai sempre era claro e conciso. Fregar os vasos de tubo do bar, sentabas nunha cadeira no recuncho do fondo e dispoñíste a comezar a tarefa, cando crías que estabas a piques de rematar chegaba outra remesa de vasos na cubeta porque pediran outra rolda.

Pasaban horas e ti seguías fregando cacharros minuciosamente, tiñas tempo para pensar no que fixeras, maldecir ao outro por incitarte ao feito e manterte firme no teu compromiso de non volver facelo, polo menos, polo menos, ata a próxima vez.

Os veráns eran moi longos, tiñamos tempo para todo. Coido

que foi por iso que me apaixoei á lectura desde ben pequena, os libros eran unha ponte cara outras vidas, neles podía viaxar e nunca me aburría. Ata podo dicir que aprendín a ler soa, por aburrimiento. Pegaban os cartéis das festas das vilas veciñas na parede do ultramarinos, e eu, subida ao escano onde sentaban os máis vellos, comecei a descifrar sílabas e aprender palabras canda eles.

Na actualidade, semellamos vivir na antítese do que describo, criamos pequenos con axendas de Ministros e poñemos ao seu alcance un sinfín de ferramentas para telos ocupados. Pantallas desde ben pequenos, consolas e videoxogos para que estean calados e televisión para que coman ben. Sen decatarnos de que iso non é entretelos. Pese a que poñemos todos os nosos esforzos e folgos por conseguir calquera cousa a golpe de clic, coido que nunca tan inútiles fomos.

Fáltame por coñecer a alguén que saíse dunha oficina municipal cun trámite resolto, burocracia

### O RECUNCHO DE CANELINA




tediosa, administración lenta e pouco resolutive. Millóns de funcionarios que non resoven máis ca hora do café, traballadores que cotizan pero non fan, empregados que non traballan e xefes que mandan mal. O mundo ao revés. Queremos axilizar e damos máis voltas para chegar ao mesmo lugar. Para pedir unha cita no médico, chave de seguridade nunha aplicación lenta, credenciais de acceso, sincroni-

zación co calendario do teléfono para rematar sen vez ata dentro de quince días, ou no seu lugar, chamar, agardar vinte tons e tres veces colgar porque daba comunicando para rematar falando cunha señora que, como non ten ganas de atenderte, tampouco che da cita. Inoperatividade sistemática, cando polo camiño atopas alguén eficiente, non o deixes escapar, que estás ante un tesouro.



# Viaxe ao fogar de Papá Noel

CULTURA



Rebeca Maseda

**A**urora boreal é un raposo que aparece durante a noite. Ao correr polos outeiros de Laponia, golpea coa súa cola a neve unha e outra vez para levantar faíscas que logo se convirten nas «luces do norte» ou revontulet, en finlandés. Desde agosto ata abril guían ao viaxeiro que se penetra neste horizonte de páramos que é a tundra, de suaves montañas e bosques de coníferas que se intúen baixo un manto branco que todo o cobre agora. A das auroras boreais e o raposo mítico é unha das lendas dos sami, o pobo indíxena que garda a memoria e as paisaxes de Laponia, a rexión máis setentrional de Europa, desde Suecia e Noruega ata Finlandia e Rusia. O silencio no medio dun lago conxelado, o son esponxoso das pegadas na neve e o ladrado do husky que morre por tirar da zorra. Ou o asubío do vento do Ártico que nos lembra que estamos lonxe, moi lonxe do sur de Europa. E tamén que aquí vai frío, chegando a rexistrarse temperaturas de ata -50 °C. As xentes de Laponia prefiren falar de «persoas mal equipadas». Convén tomarlles a

palabra. O inverno revela o lado máis salvaxe e á vez o máis doce da Laponia finlandesa. Nesta estación, os días desaparecen e as noites, lonxe de escurcese, tinguense de branco. Ata 75 cm de neve se acumulan sobre as praderías, onde o reno campa ás súas anchas, alleo 364 días ao ano aos mandatos de Papá Noel, cuxa morada se atopa tamén por esta latitude. Pero máis aló do Napapiiri, como os finlandeses denominan á liña do Círculo Polar, o Nadal vívese de forma diferente. Kittilä é unha das portas de entrada e o municipio máis extenso da Laponia finlandesa. Con apenas 6.000 habitantes, preséntase como un territorio onde as masificacións non existen nin en Nadal. Aínda así, en tempada invernal o aeroporto de Kittilä recibe voos a diario desde España repletos de pasaxeiros que acoden en familia en busca das estampas da película de debuxos animados Frozen. En apenas 15 minutos ao volante desde Kittilä aparece Levi, o principal centro de actividades na natureza de Laponia e o resort de esquí onde se congrega a jet set finlandesa desde comezos de outubro a finais de maio. Cada ano celébrase nesta estación unha das citas da Copa do Mundo de Esquí Alpino e de Fondo, converténdose nun destino de neve de referencia a nivel europeo. Disto ten a culpa

tanto a súa oferta de esquí como a do après ski, así como o aloxamento en cabanas de madeira con teito panorámico para contemplar as auroras boreais –unha alarma avisa para non perdela–, nun exclusivo hotel a pé de pistas ou nun esculpido cada ano no xeo. A estación conta con dous teleféricos de estilo góndola para chegar ata a cima do Levitunturi. Desde o miradoiro máis privilexiado da zona pódese contemplar a contorna ondulada que envolve o complexo de Levi e de Kittilä. Tamén o prezado sininen hetki, ou «momento azul», que acontece cada día ao saír ou poñerse o sol. Un intervalo de luz tenue e fría entre a noite escura e o día que se presencia no Ártico nesta época. Ao lonxe tamén se distingue o territorio do Parque Nacional Pallas-Yllästunturi. É o terceiro en extensión de toda Finlandia, con outeiros tapizados de taiga (bosques de coníferas) que se combinan con chairas de tundra salpicadas por lagoas e pantanos. Nun país onde o relevo apenas existe, o carácter abrupto de Kittilä fai as delicias dos amantes das actividades no medio natural. Das múltiples maneiras para explorar este deserto branco, agora domesticado, a máis popular é a zorra de huskies. Laponia é o reino do silencio, pero nas granxas onde se cría e adestra



este can siberiano esa calma non existe. O ladrado é a banda sonora que acompaña ao visitante ata que se sobe á zorra de madeira para guiar aos cans polo labirinto de coníferas da taiga. Despois do roteiro en zorra, é tradición quentarse ao lume da kota, unha pequena choza de teito picudo que serve de refuxio e onde se toma zume de baga quente nunha cunca Kupil-ka, unha marca finlandesa convertida en icona nacional. Pero se se fala de lume e de calor, enseguida vén á mente o ritual máis

famoso do país: a sauna finlandesa, declarada Patrimonio Mundial. Para desfrutar dela en Laponia, hai que ir ao lago Järvenperä. Löyly é como os fineses denominan o vapor que emana das pedras quentes ao lanzarlles auga nunha cabana solitaria. A sauna aquí combínase co avanto, o baño nas augas dunha lagoa conxelada para potenciar o seu efecto terapéutico, reservado a quen non teña problemas cardíacos. Outra opción é mergullarse de cheo na neve. Quen fora un husky solitario, rodeado de silencio e branco infinito...

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 80 01  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

	Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061	Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062	
---	---	--	---



Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493



## DE RUTA EN RUTA

# Barreiros: Ruta O Barreiros de Antaño

Un camiño que expón o vínculo entre o patrimonio propio de Galicia co legado de aqueles que emprenderon a aventura das Américas

**A** Ruta O Barreiros de Antaño propón un percorrido, deseñado a modo de visita audioguiada, polo vínculo entre o patrimonio etnográfico máis propio de Galicia e o posterior legado daqueles que emprenderon a aventura de facer as Américas. Seguirase con audioguía e isto supón unha oportunidade de escoitar pequenos relatos e anécdotas históricas mentres se presta especial atención aos detalles arquitectónicos e decorativos que converten o que pode semellar simple en extraordinario.

Entre os puntos máis destacados e de interese están as casas indianas e o patrimonio etnográfico, coas capelas e casas labregas. Durante os séculos XVIII e XIX a historia de Barreiros estivo vinculada á emigración: Cuba, Arxentina e México foron os lugares elixidos polos naturais do termo para mellorar as súas condicións de vida. Algúns deles, chamados popularmente “os americanos” contribuíron ao desenvolvemento cultural, á

fundación de escolas parroquiais e ao desenvolvemento urbanístico coas construcións indianas.

**O PERCORRIDO.** A ruta sae da Oficina de Turismo e percorre os núcleos de San Cosme, Vilar, Áspera, Viladaíde, San Bartolo e Remior; retornando de novo a San Cosme. O percorrido ten unha distancia de 9,5 quilómetros (circular), co trazado compartido con vehículos en circulación e un terreo 100 % de asfalto.

A dificultade é moderada e soe durar aproximadamente tres horas coas explicacións incluídas. Recomanan realizala en outono, inverno ou primavera, xa que no verán o tráfico intensifícase. Así, entre os consellos está o emprego de roupa e calzado cómodos e adaptados ás condicións meteorolóxicas, así como auga e un teléfono móbil.

A ruta pode seguirse a través de Google Maps ou Wikiloc. E preferiblemente a pé ou bicicleta. Se ben é certo que inclúe tramos



por estrada de tráfico, zonas que poden estar anegadas, caída a distinto nivel ou ao mesmo nivel,... O medio non está exento de riscos, polo que se debe ir con precaución, responsabilidade, pero sobre todo, disfrutando da paisaxe e das historias que alberga.



## DATOS



3 horas



9,5 quilómetros



Dificultade moderada

# CAP

TODOS LOS MESES

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

## Formación Bonificada

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

## Cursos y Certificados

**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05